6. Expresar e valorar as características da resurrección de Xesucristo en relación cós Evanxeos, a Historia da Salvación e as investigacións actuais sobre a vida despois da morte.
7. Investigar e describir as características do sacramento do Bautismo en relación con Xesucristo e a súa presenza na Igrexa.
8. Coñecer e expresar as características do sacramento da Eucaristía en relación con Xesucristo e a súa presenza na Igrexa e na misa.
9. Recoñecer e valorar as características da Confirmación e a presenza do Espírito Santo neste sacramento e na vida da Igrexa.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio da reflexión e a interiorización das experiencias espirituais do patriarca Xosé: a natureza, o autocoñecemento, a contemplación e a reflexión sobre feitos da vida diaria.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de relixiosidade, louvanza, alegría, resurrección, oración, sacrificio, fortaleza e desexo de Deus.
12. Tomar conciencia da importancia de clarificar, elixir e practicar os valores do hinduísmo e o cristianismo, as benaventuranzas, os Dez Mandamentos, a humanización, a confianza, a fraternidade, a esperanza, o compartir e a autenticidade.

CONTIDOS.

CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC)

UNIDADE 1 Relixión, realidade e valores

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- As relixións e a historia da humanidade. - Relación e diferenzas entre as relixións da Antigüidade e o Cristianismo. - O relato bíblico «A historia do patriarca Xosé». - Espiritualidade do patriarca Xosé e o sentimento relixioso. - Os valores do hinduísmo e do cristianismo.	BLOQUE I. 1. Valorar as relixións na historia da humanidade.	1.1. Define que é a relixión.	CCL, CD, CAA, CCEC
		1.2. Nomea as expresións relixiosas máis antigas.	CCL, CD, CAA, CCEC
	BLOQUE I. 2. Relacionar e distinguir as relixións da Antigüidade e o Cristianismo.	2.1. Expresa as achegas das relixións.	CCL, CD, CAA, CCEC
		2.2. Establece diferenzas entre as relixións da Antigüidade e o Cristianismo.	CCL, CD, CAA, CCEC
	BLOQUE I. 3. Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «A historia do patriarca Xosé».	3.1. Escribe o argumento do relato bíblico de «A historia do patriarca Xosé».	CCL, CAA, CSC, CCEC
		3.2. Enumera valores e antivalores dos seus personaxes.	CCL, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 4. Dialogar sobre a espiritualidade e reflexionar sobre un salmo.	4.1. Participa en debates sobre a espiritualidade por medio do diálogo.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		4.2. Valora as achegas dos compañeiros.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

	BLOQUE I. 5. Comparar e seleccionar valores das relixións hinduísta e cristiá.	5.1. Elixe e xerarquiza valores do hinduísmo e do cristianismo necesarios na actualidade.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

UNIDADE 2 Deus, creación e moral

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Comportamentos relacionados coa destrución e coa conservación do medio. - Características, principios éticos e comportamentos morais e ecolóxicos que compoñen a moral católica do medio. - Os dous relatos bíblicos de «A Creación de Deus». - Xesús, mestre espiritual da natureza e o sentimento de loanza. - O valor de humanizar a persoa e a Terra.	BLOQUE I. 1. Enumerar comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.	1.1. Escribe comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE I. 2. Resumir a moral católica do medio.	2.1. Expresa que é a moral católica do medio.	CCL, CAA, CSC, CCEC
		2.2. Sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación.	CCL, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 3. Expresar ensinanzas morais relacionadas cos dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Deus».	3.1. Extrae as principais ensinanzas morais e relixiosas dos dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Deus».	CCL, CAA, CSC, CCEC
		3.2. Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.	CCL, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 4. Manifestar loanza a Deus pola obra da natureza.	4.1. Extrae ensinanzas de textos evanxélicos sobre a natureza.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

		4.2. Realiza unha tarxeta de loanza a Deus.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 5. Participar nun cine-fórum.	5.1. Dialoga, seguindo unhas pautas, sobre o contido dunha película.	CCL, CAA, CSC, CSIEE

UNIDADE 3 Deus na Historia da Salvación

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Deus na Historia da Salvación. - A plenitude da revelación na Historia da Salvación. - O relato bíblico «David e Goliat». - Significado espiritual dos nomes e o sentimento de desexar a Deus. - O valor da confianza.	BLOQUE II. 1. Sinalar os principais acontecementos, personaxes e revelacións de Deus pertencentes á Historia da Salvación.	1.1. Describe os personaxes e acontecementos máis significativos da Historia da Salvación.	CCL, CD, CAA, CSC
		1.2. Expresa como descubrir a Deus na vida e historia persoal.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 2. Expresar que son a Historia da Salvación e a plenitude da revelación que ensina a Igrexa católica.	2.1. Define a Historia da Salvación e que lle revelou Deus ao pobo de Israel.	CCL, CD, CAA, CSC
		2.2. Explica en que consiste a plenitude da revelación para a Igrexa católica.	CCL, CD, CAA, CSC

	BLOQUE II. 3. Resumir o relato bíblico de «David e Goliat» e algunhas das ensinanzas que se poden extraer e aplicar hoxe.	3.1. Resume o argumento e as ensinanzas do relato bíblico de «David e Goliat».	CCL, CD, CAA, CSC
		3.2. Enumera valores e antivalores dos seus personaxes.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 4. Dialogar sobre a espiritualidade dalgúns nomes e reflexionar sobre o desexo de busca de Deus.	4.1. Participa en debates sobre a espiritualidade dos nomes por medio do diálogo.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		4.2. Elabora unha reflexión persoal sobre personaxes e acontecementos bíblicos.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE II. 5. Valorar o grao persoal de confianza.	5.1. Autoavalía a partir dunhas claves de interpretación o grao de confianza persoal.	CCL, CAA, CSC, CSIEE

UNIDADE 4 Xesús de Nazaret

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A encarnación de Xesucristo como Deus e home. - A mensaxe de Xesús: o Reino de Deus, os milagres, a Igrexa. - O relato bíblico «A parábola do sementador». - O sentimento da alegría e a espiritualidade desde os nomes de Xesucristo. - Os valores das Benaventuranzas.	BLOQUE III. 1. Coñecer o misterio de Xesucristo.	1.1. Describe o misterio da encarnación.	CCL, CAA
	BLOQUE III. 2. Interpretar a mensaxe do Reino coa consecución da felicidade e a salvación.	2.1. Extrae conclusións sobre as características da mensaxe sobre o Reino de Deus.	CCL, CD, CAA, CSC

		2.2. Expresa comportamentos e valores que fan crecer o Reino de Deus.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Descubrir a mensaxe das parábolas do Reino, en especial «A parábola do sementador».	3.1. Escribe o argumento, as ensinanzas e as analoxías do relato bíblico de «A parábola do sementador».	CCL, CD, CAA, CSC
		3.2. Nomea valores que xorden das parábolas do Reino de Deus.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 4. Interiorizar o significado dos nomes de Xesucristo e o sentimento de alegría.	4.1. Investiga acerca dos nomes de Xesucristo no NT.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		4.2. Deseña unha felicitación do Nadal.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 5. Descubrir e aprender os valores das Benaventuranzas.	5.1. Define que son as Benaventuranzas.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
		5.2. Compara os valores da sociedade actual cos das Benaventuranzas.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

UNIDAD 5 Evanxeos e moral de Xesús

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- O ben e o mal moral. - Características da moral relixiosa de Xesús de Nazaret: a moral do amor. - O relato bíblico «Xesús e a muller adúltera». - Os valores da moral de Xesús e os sentimentos do Sagrado Corazón de Xesús. - Os valores dos Dez Mandamentos.	BLOQUE III. 1. Diferenciar entre o ben e o mal moral.	1.1. Escribe as diferenzas entre o ben e o mal moral e as súas consecuencias persoais e sociais.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 2. Expresar a orixinalidade da moral de Xesús de Nazaret.	2.1. Distingue a novidade da moral de Xesús respecto á moral xudía.	CCL, CD, CAA, CSC
		2.2. Enumera as achegas da moral cristiá.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Descubrir a mensaxe do relato bíblico «Xesús e a muller adúltera».	3.1. Expón os valores e virtudes morais que practica Xesús.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
		3.2. Aplica a ensinanza do relato a casos específicos.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
	BLOQUE III. 4. Dialogar e expresar vivencias sobre os valores e sentimentos de Xesús de Nazaret.	4.1. Participa en debates sobre a dimensión espiritual formulada nun cine-fórum.	CCL, CAA, CSC, CCEC
		4.2. Expresa o sentimento vivenciado por medio dun debuxo.	CCL, CAA, CSC, CCEC

	BLOQUE III. 5. Expresar os valores e virtudes que propoñen os Dez Mandamentos.	5.1. Redacta comportamentos e compromisos concretos para practicar os Mandamentos.	CCL, CAA, CSC, CSIEE

UNIDAD 6 Evanxeos e resurrección de Xesucristo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- O proceso de formación dos evanxeos. - A fe na resurrección de Xesucristo e a súa relación coa virxe María. - O relato bíblico «As aparicións de Cristo resucitado». - A espiritualidade da Saba Santa e o sentimento cristián da resurrección. - O valor da esperanza cristiá.	BLOQUE III. 1. Explicar cal é o proceso de formación dos Evanxeos.	1.1. Expón os pasos do proceso de formación dos Evanxeos.	CCL, CD, CAA
	BLOQUE III. 2. Expresar como a resurrección se profesa, celebra e testemuña.	2.1. Explica con exemplos como se profesa, celebra e testemuña a resurrección.	CCL, CD, CAA, CSC
		2.2. Describe a estreita relación entre a virxe María e Xesús.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Descubrir a mensaxe do relato bíblico «As aparicións de Cristo resucitado».	3.1. Expón que é a fe na resurrección.	CCL, CD, CAA, CSC
		3.2. Enumera consecuencias sobre a fe na resurrección.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 4. Considerar e expresar sentimentos sobre o rostro de Xesús e un disco-fórum.	4.1. Exterioriza sentimentos tras contemplar o rostro da Saba Santa.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

		4.2. Expresa o sentimento vivenciado ao escoitar a canción "Resurrección" de Amaral.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 5. Manifestar o valor da esperanza cristiá.	5.1. Escribe unha definición sobre a esperanza cristiá.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
		5.2. Redacta unha carta de esperanza e alento.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

UNIDAD 7 Igrexa, Xesucristo e Bautismo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A Igrexa, presenza de Xesucristo na historia. - Características da liturxia e sacramentos, en especial o sacramento do Bautismo. - O relato bíblico «O bautismo de Xesús». - A espiritualidade dos sacramentos e o sentimento da oración. - O valor da fraternidade.	BLOQUE IV. 1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa.	1.1. Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa.	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 2. Describir as características básicas da liturxia e a orixinalidade do sacramento do Bautismo.	2.1. Define a liturxia católica e cales son os sete sacramentos.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		2.2. Sintetiza que é o sacramento do Bautismo e os seus principais ritos e símbolos.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		2.3. Relaciona o sacramento do Bautismo co pecado orixinal.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

	BLOQUE IV. 3. Resumir o relato bíblico de «O bautismo de Xesús» e a súa principal ensinanza.	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «O bautismo de Xesús».	CCL, CD, CAA, CSC
		3.2. Emprega argumentos propios para discutir unha opinión.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 4. Descubrir e interiorizar a espiritualidade nos sacramentos e na oración.	4.1. Investiga sobre os sacramentos na Biblia.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
		4.2. Expresa a vivencia interior da oración.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 5. Comprender o valor da fraternidade.	5.1. Participa nun disco-fórum sobre a fraternidade.	CCL, CAA, CSC, CCEC

UNIDADE 8 Igrexa, Xesucristo e Eucaristía

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Características da Eucaristía e a súa liturxia. - Importancia da Eucaristía na vida da Igrexa e dos católicos. - O relato bíblico «A Cea Pascual». - Nomes e aspectos da Eucaristía. - O valor do compromiso cristián.	BLOQUE IV. 1. Explicar as características fundamentais do sacramento da Eucaristía e os ritos da súa liturxia.	1.1. Expresa en que consiste o sacramento da Eucaristía e a súa liturxia.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 2. Detallar que achega a Eucaristía á vida eclesial e social do cristián.	2.1. Enumera as principais achegas que leva consigo comungar no sacramento da Eucaristía.	CCL, CD, CAA, CSC

	BLOQUE IV. 3. Expresar un ensino moral e relixioso relacionado co relato bíblico «A Cea Pascual».	3.1. Resume o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «A Cea Pascual».	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 4. Expoñer os principais aspectos da Eucaristía a partir dos seus nomes.	4.1. Relaciona cada nome que recibe o sacramento da Eucaristía co motivo correspondente.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
		4.2. Identifica a Eucaristía co memorial do sacrificio de Cristo.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
	BLOQUE IV. 5. Concienciarse sobre o valor de compartir.	5.1. Expresa compromisos concretos sobre o valor de compartir.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

UNIDADE 9 Igrexa, Espírito Santo e Confirmación

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Relación entre os sacramentos e a vida humana. - Características do sacramento da Confirmación. - O relato bíblico de «O día de Pentecoste». - O Espírito na Biblia e no sentimento de fortaleza. - O valor da autenticidade.	BLOQUE IV. 1. Recoñecer que a acción do Espírito Santo lle dá vida á Igrexa.	1.1. Asocia a acción do espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 2. Resumir as características fundamentais do sacramento da Confirmación e os ritos da súa liturxia.	2.1. Sintetiza que é o sacramento da Confirmación e os seus principais ritos e símbolos.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 3. Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «O día de Pentecoste».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «O día de Pentecoste».	CCL, CD, CAA, CSC

	BLOQUE IV. 4. Recoñecer e descubrir a importancia do Espírito Santo e o don de fortaleza.	4.1. Distingue entre Espírito Santo, espírito persoal e espiritismo.	CCL, CAA, CSC, CSIEE
		4.2. Manifesta a vivencia interior da fortaleza.	CCL, CAA, CSC, CSIEE
	BLOQUE IV. 5. Experimentar o valor da autenticidade.	5.1. Avalía e reflexiona sobre o seu grao de autenticidade.	CCL, CAA, CSC

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Unidade 1- Saber o que son as relixións.
- Resumir as principais diferenzas entre o cristianismo, o hinduísmo e as relixións da Antigüidade.
- Expresar o argumento e o principal ensino do relato bíblico de «A historia do patriarca Xosé».

Unidade 2. Coñecer o que é a moral católica do medio.
- Escribir comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.
- Comprender os dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Deus» e extrae as súas principais ensinanzas morais e relixiosas.

Unidade 3 - Saber como Deus se revela na historia da Salvación.
- Coñecer o valor da confianza dos persoaxes da Biblia.
- Resumir o argumento e o principal ensino do relato bíblico «David e Goliat».

Unidade 4- Saber resumir os principais datos da vida de Xesús de Nazaret.
- Coñecer o misterio de Xesús Cristo, verdadeiro home e verdadeiro Deus.
- Comprender o argumento e o ensino principal do relato bíblico de «Parábola do sembrador».

Unidade 5- Define o que é a moral universal e a moral relixiosa.
- Coñece o máis importante e orixinal da moral relixiosa de Xesús de Nazaret.
- Extrae a mensaxe relixiosa e moral do relato bíblico «Xesús e a muller adúltera».

Unidade 6 - Recoñece os principais feitos sobre a morte e a resurrección de Xesús Cristo.
- Coñece a importancia central que ten a morte e a resurrección de Xesús Cristo.
- Expresa o argumento e o principal ensino do relato bíblico «As aparicións de Cristo resucitado».

Unidade 7- Coñecer o que son os sacramentos da Igrexa católica.
- Saber en que consiste o sacramento do Bautismo e cal é a súa liturxia e a relación deste sacramento co valor da fraternidade.
- Ler e comprender o texto bíblico do «Bautismo de Xesús».

Unidade 8- Coñecer a importancia da Eucaristía na Igrexa católica.
- Saber en que consiste o sacramento da Eucaristía e a súa liturxia. Descubrir a relación deste sacramento co valor de compartir.
- Ler e situar o texto bíblico da «Cea Pascual» na vida de Xesús.

Unidade 9- Coñecer a presenza do Espírito na Igrexa católica.
- Saber en que consiste o sacramento da Confirmación e a súa liturxia. Valorar la relación deste sacramento co valor da autenticidade.
- Ler e comprender o significado do texto bíblico do «Día de Pentecostés».

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

1º TRIMESTRE. BLOQUE 1 .UNIDADES 1,2 BLOQUE 2 .UNIDADE 3	2º TRIMESTRE BLOQUE 3 UNIDADES 4,5,6	3º TRIMESTRE BLOQUE 4 UNIDADES 7,8,9

Sendo realistas na práctica reducíanse a 10 sesións trimestrais máis ou menos por diferentes motivos (festivos, climatoloxía adversa, actividades complementarias e extraescolares, etc.).Esta previsión de tempo para poder impartir as U.D. é moi escaso debido ao reducido número de sesións para abordar a materia, podendo haber unha diferenza entre o número de sesións que propoñemos para cada U.D. e o resultado final. Esta distribución final podería ser modificada atendendo aos intereses, nivel, estado anímico , comprensión, etc., do alumnado (isto sempre quedaría reflectido no libro de actas do departamento)

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA: PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICA.

(Ver en ANEXOS)

A metodoloxía didáctica da materia de relixión será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Ten unhas características propias que a identifican escolarmente. Estas características son:

a) Exposición do núcleo esencial da mensaxe cristián desde a fe da Igrexa católica.

b) Diálogo aberto e respectuoso cos outros campos do saber, que axude ao alumno/a a atinxir unha síntese entre a fe e a cultura.

c) Apertura do alumno/a á transcendencia, ofrecéndolle unha xerarquía de valores e actitudes e un sentido da vida.

d) Un ensino relacionado coas demais áreas de aprendizaxe e que coopera na consecución máis plena posíbel dos obxectivos xerais da etapa educativa.

Consideramos importante tamén a necesidade de coñecer ben as características psicolóxicas dos alumnos de Educación Secundaria. O área de relixión debe ter moi en conta as características psicolóxicas destas idades e os trocos que afectan á súa visión do mundo relixioso. A preadolescencia e a adolescencia son momentos de inquedanza ante o sentido da vida.

Se na etapa infantil o neno se abría ao mundo relixioso de maneira máis ben afectiva, agora comeza a facelo de forma máis racional. É tamén unha etapa de crise na conduta relixiosa, xa que o adolescente tende a romper co seu pasado infantil e a rexeitar toda autoridade que entenda como algo imposto, sen a aceptación que se deriva do prestixio recoñecido e admitido por el.

Con 12-14 anos, os alumnos/as tenden a identificarse con algúns modelos que suscitan a súa admiración. Os grandes personaxes bíblicos encarnan, sobre todo o mesmo Xesucristo, as normas, valores e actitudes básicas do ser humano.

Con 14-16 anos medra a capacidade racionalizadora do adolescente. Nesta situación é posíbel que xurdan dúbidas de fe. Por unha parte, hai que ter moi en conta os seus centros de interese, e por outra, presentar os contidos con maior rigor científico, dando unha resposta ben fundamentada ás súas dúbidas e inquedanzas.

Todo o dito suxire a necesidade de adecuar as estratexias metodolóxicas ás características destas idades, xa que dun bo uso delas depende en grande medida a adecuación, aceptación e asimilación das contidos da mensaxe cristián que desexamos transmitir.

Os principais criterios metodolóxicos que seguimos son os seguintes:

a) Partir da experiencia do alumno/a. O alumno/a posúe un conxunto de experiencias e de ideas sobre a realidade que lle rodea que deben ser empregadas como punto de partido para os seus novas aprendizaxes e coñecementos. Axudaráselle a reflexionar sobre diversas situacións de índole persoal, familiar e social, de modo que esas experiencias sirvan de punto de partida para atinxir unha mellor comprensión da boa noticia de Xesús.

O conectar coa experiencia do alumno aumentará interese e motivación, o cal é de grande importancia nos anos da Educación Secundaria. Ademais, iso facilitará o carácter significativo dos aprendizaxes.

b) Conceder unha particular importancia á actividade persoal do alumno/a, suscitando e favorecendo o exercicio das súas facultades e das súas capacidades, o que contribúe a un aprendizaxe máis significativo e, á vez, máis dinámico.

Por outra parte, o feito de que se potencie o traballo persoal non significa que se reste importancia ao traballo en grupo, o cal, utilizado , favorece o desenvolvemento da dimensión social do alumno. O traballo en pequeno ou grande grupo ofrece amplas posibilidades de participación efectiva de todos, e favorece o troco de ideas, a motivación e o que uns aprendan de outros. En ocasións, os grupos organizaranse como equipas estábeis; outras veces, improvisaranse sobre a marcha traballos por parellas ou usando calquera outro sistema de agrupación sinxela e funcional.

c) Atender ao feito de que os alumnos/as son diferentes entre si. No proceso educativo deberase procurar que cada alumno/a atinxa o seu máximo desenvolvemento persoal e exercite realmente as súas capacidades, adaptando os ensinos e as actividades ás posibilidades, necesidades e intereses de cada un. É indubidábel que o traballo individual, ben programado, facilita considerabelmente que cada alumno/a desenvolva mellor as súas capacidades e siga o ritmo de aprendizaxe que mellor se adecúe ás súas circunstancias persoais.

d) Aplicar estratexias de indagación: A súa característica principal consiste en servir de estímulo ao alumno/a para realizar unhas actividades de procura que poden ser moi variadas: localizar textos da Biblia, buscar unha determinada información nun libro ou páxina web, facer unha enquisa ou aplicar un cuestionario, etc.

e) Fomentar a creatividade e a expresión persoal do alumno/a. A formación relixiosa non só debe ofrecer un coñecemento rigoroso da mensaxe cristián, senón que tamén ha de servir de axuda aos alumnos/as para a elaboración de xuízos persoais e para expresar de modo persoal e libre a súa visión cristiá da vida.

f) Empregar diversas técnicas de ensino (pluralismo metodolóxico). Unhas veces será unha breve explicación ; outras, o diálogo e a reflexión a partir da lectura dun texto. A observación dunhas ilustracións significativas; a valoración crítica de determinados feitos con dimensión ética; o xuízo crítico sobre determinadas informacións dos medios de comunicación; un exercicio de

expresión verbal; a procura dunhas pasaxes do Evanxeo; un debate ou unha mesa redonda; etc. Son tamén imprescindíbeis os recursos de carácter audiovisual: vídeo-forum, cine, cómic, etc.

g) Importancia da linguaxe e do vocabulario relixioso básico. Interesa que en cada un dos ciclos o alumno aprenda o significado dunha serie de termos que forman a base da aprendizaxe significativo. Eses termos deben estar coidadosamente seleccionados e serán obxecto de "consideración e estudo" a través de diversas actividades (comprensión lectora, definición de conceptos, etc.).

h) Dar importancia á memoria. Se cadra nas últimas décadas foise minusvalorado nalgúns ambientes. Non obstante, tal como aprende Xoán Paulo II, "unha certa memorización das palabras de Xesús, de pasaxes bíblicos importantes, dos dez mandamentos, …, é unha verdadeira necesidade.

É evidente que a memoria xoga un papel importante na Educación Secundaria para a adquisición e fíxase de conceptos da mensaxe cristián.

Estabelecer as bases para un diálogo coa realidade cultural nunha duplo dimensión: En primeiro lugar, dándolles a coñecer a influencia mutua entre o feito relixioso e a cultura occidental; e despois, axudándolles a xulgar e a valorar os feitos culturais (ideas, actitudes, comportamentos, etc.) á luz da fe.

Neste sentido, é importante destacar a importancia da interdisciplinariedade, relacionando os coñecementos que van adquirindo nas clases de relixión cos que adquiren en outras áreas curriculares…

i) Impartir a clase de relixión católica nun clima que facilite a liberdade do alumnado.

E isto, non só por respecto a un posíbel pluralismo relixioso dos alumnos/as, senón por imperativo evanxélico: o coñecemento da fe ofrécese, non se impón. No diálogo educativo cos alumnos/as, o profesor de relixión ten ocasión de dar testemuño de que na fe cristiá atopou a resposta ás súas preguntas, aos grandes interrogantes existenciais.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de Texto.
Biblia , Biblia on line, dicionarios.
Caderno de traballo.
Vocabulario básico.
Documentos de Vaticano II.
Vídeos, páxinas web, artigos periodísticos
Recursos on line (www.anayadigital.com)
Libros de lectura recomendados polo departamento.

8. AVALIACIÓN. CRITERIOS E FERRAMENTAS SOBRE A AVALIACIÓN (PRESENCIAL E NON PRESENCIAL), CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PLAN DE REFORZO

(Ver en ANEXOS)

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

Será unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que aplicarase sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa

ou procesual e avaliación final ou sumativa, e que capacitará ao alumnado para avaliar a aprendizaxe alcanzada e valorar o seu proxecto persoal de vida.

Realizaremos actividades de avaliación que sexan educadoras, autoactivas, de autoaprendizaxe e de heteroavaliación e autoavaliación. Unha avaliación que serva para medir e comparar os resultados obtidos cós obxectivos propostos, así como para sintetizar «o rigor científico-estatístico» da Avaliación cuantitativa con «o persoal e imprevisible» da avaliación cualitativa. E todo elo, dende criterios que midan e avalíen o desenvolvemento das competencias, os seus descriptores e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Utilizaremos variadas técnicas e instrumentos de avaliación dos diferentes modelos de ensinanza..

Ofreceremos actividades en clave de TIC.

A avaliación inicial ou diagnóstica presentase e realiza no libro do alumnado, concretamente na dobre páxina de presentación e na dobre páxina de" Experiencias humanas e cristiáns".

A avaliación formativa ou orientadora desenvolvese no libro do alumnado nos apartados de Experiencias humanas e cristiáns, «os contidos», «a Biblia», as fichas do Obradoiro de intelixencias múltiples e os súas correspondentes actividades e recursos didácticos: lecturas e comentarios dos relatos, exercicios de comprensión lectora, actividades de aplicación persoal e social, traballos de investigación, etc. E, na web do alumnado, realizarase por medio dun exercicio interactivo que propón cada unidade.

Estes apartados e recursos pretenden acadar os obxectivos e desenvolver as competencias da unidade, ao mesmo tempo serven de orientación sobre os avances e os retrocesos no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación final ou sumativa concretase no libro do alumnado no apartado «Aprendín", que contén actividades para resumir, avaliar e reforzar os contidos da unidade. E, na web do alumnado, ofrecese unha proba obxectiva de avaliación.

Estes apartados e recursos teñen por obxectivo comprobar o grao de aprendizaxe final acadado sobre o tema por cada alumno ou alumna, e a aplicación práctica, cultural e existencial que extrae do tema para a súa vida persoal, social e relixiosa.

Aplicaranse sucesivamente tres tipos de avaliación:
Atendendo ao momento en que se realizará a avaliación, o seguimento ao alumno farase en tres fases:

a) Unha avaliación inicial ou diagnóstica para coñecer o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa bagaxe previa de coñecementos. Isto serviranos para adaptar a nosa actuación educativa ás características e posibilidades reais de cada un do noso alumnado. Realizarase ao inicio de cada UD, cunha función formativa e de diagnose da realidade da que parten os rapaces (test autoavaliativos, choiva de ideas, etc.)

b) Unha avaliación Procesual. Feita ao longo do curso co fin de detectar dificultades ou desaxustes na aprendizaxe e tomar medidas para corrixilos. Realizarase a través de actividades habituais de ensinanza (observación na aula, traballos dos alumnos, etc.)

c) Unha avaliación final, ao termo do proceso, para constatar se se conseguiron as intencións do programa de ensino e aprendizaxe. Realizarase cunha función sumativa complementaria da formativa e de diagnose, para comprobar o grao de adquisición das competencias básicas. Non se valoran só os resultados senón a valía do proceso.

Os criterios de avaliación deben estar en lóxica correspondencia cos obxectivos e as competencias. Fomentaremos sempre a consecución da competencia dixital, animando ao alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico; e utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.

É importante insistir en que a fe do alumno (téñaa ou non), non é o obxectivo da avaliación, e esta deberá respectar a intimidade da conciencia persoal de cada un, o que obriga ao profesor de relixión a avaliar tan só as competencias básicas que se propoñen na materia dende esta programación

8.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN cualificación e promoción.

Os criterios de avaliación terán como referencia a consecución das competencias básicas. Aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao finalizar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro acadado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración axeitada da dedicación, o esforzo e o rendemento de todos os estudantes.

8.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Farase unha avaliación continua a través das "auto avaliacións" correspondentes a cada unidade. Así mesmo cada 3 unidades, realizarán unha proba obxectiva de avaliación e o baremo de puntuación será o seguinte :
Cada resposta correcta equivale a un punto ou dous, dependendo de se son dez ou cinco as preguntas que se fagan. O resultado de ditas probas fará media coas puntuacións obtidas cós procedementos e valores do alumno ao longo do trimestre. Sendo necesario obter unha nota de 5 para superalo. Ver en anexos as rúbricas do exame, así como as rúbricas da presentación do traballo escrito ou as da exposición do traballo oral.

Observarase tamén:

1.- O bo estado do material de traballo ou a boa presentación e elaboración esmerada das tarefas telemáticas.
2.- O Caderno (presentación esmerada, actividades ben feitas).
3.- O interese e laboriosidade no aula.
4.- As preguntas orais que se fagan na clase, por correo electrónico ou aula virtual, se o ensino é non presencial.
5.- Probas de avaliación tipo test.
6.- Probas de avaliación ao finalizar a unidade didáctica.
7.- Probas de avaliación trimestrais. A realización de **probas escritas** (se se considerasen oportunas), ou **traballos obrigatorios**, (individuais ou en equipo). Tamén é destacable a observación directa na clase.
8.- Traballos sobre folletos, libros, vídeos, etc.
9.- Concursos.
10.- A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

8.3.CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CALIFICACIÓN
Avaliación do traballo competencial	
Probas de avaliación escritas ou orais	

Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Valores (Adquisición dos valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo dese xeito un espírito crítico e solidario)	
Calificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAJE NA NOTA FINAL
1.ª evaluación	
2.ª evaluación	
3.ª evaluación	
Calificación total	

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A suma dos resultados obtidos nas puntuacións dos contidos que contribúen a adquisición dos obxectivos e a acadar as competencias, dividirase entre tres.

conxunto de coñecementos. 50%
conxunto de habilidades e destrezas: 25%
valores: 25%.
Recordamos de novo que o Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%
Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

O alumnado que non promocione en Xuño, terá unha proba extraordinaria en Setembro.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. (Ver tamén en Anexos a enquisa da avaliación da profesora)

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.				

Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.				
Presento os contidos dando unha visión xeral do tema				
Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..				
Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.				
Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación				
Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais				
Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: Fágoos a sorteo. Fago os grupos por niveis. Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis				
Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2				
Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora				
Emprego medios técnicos audiovisuais.				
Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos…) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				
Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
Reviso e corrixo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.				
Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.				
No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.				
Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				
Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: Promoción do alumnado. Adopción de medidas de atención á diversidade. Elaboración do Consello orientador.				
Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación				
Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.				
Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado				
O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan				
O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.				
Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. Listas de control. Escalas de valoración. Anecdotario. Diarios de clase.				
Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: Coherentes cos estándares de aprendizaxe . Adaptados a diversidade dos alumnos. Diferentes según os contidos tratados				
Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación				
Emprego a autoavaliación do alumnado				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN . A principios de curso o departamento celebrará unha xuntanza cos alumnos que teñan a materia de relixión pendente, atendendo as posíbeis suxestións que o alumnado faga e axustando os horarios da profesora cós dos alumnos para a organización das actividades de seguimento.

O alumando coa materia pendente terá recuperacións cada trimestre e non cadrarán as datas cos exames ordinarios. As unidades serán as mesmas que nos exames ordinarios.

Disporán dun seguimento ao longo do curso, ben de forma directa no centro nas horas que previamente dispoñamos ou ben a través de correo electrónico onde se atenderán as súas dúbidas.

Se o alumno non acadara aprobar en Xuño, poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, a profesora de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumnado. A profesora poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar as competencias.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO.

Este apartado non é requirido para a materia de Relixión. Pero no Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

1. Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.
2. Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.
3. Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

12. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Esta avaliación inicial na materia de Relixión farase a nivel de clase ao comezo de curso, preferentemente na segunda quincena de Setembro, xa que se debe coñecer aos alumno/as cos que se vai a traballar. Para iso contamos coas seguintes ferramentas:
Probas iniciais, tendo en contas cales son os coñecementos previos dos/as alumno/as.
Observación na aula.
Información doutros profesores, expediente académico etc.
Cuestionarios.
Listas de control, etc.

MODELO DE REXISTRO DUN INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

INFORME AVALIACIÓN INICIAL			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Dificultades na materia de Relixión: Falta de capacidade. Falta de base académica. Problema de comprensión. Problema de expresión. Faltas de ortografía.			
Actitude cara a materia de Relixión: Traballo. Atención. Interese. Participación. Respecto.			
Medidas propostas como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial: Reforzo educativo na aula. Control do traballo na aula. Fomentar a autoestima. Integración no grupo. Control de absentismo. Outras medidas a adoptar.			

MODELO DE GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Información do titor/a sobre: Información relevante dos informes individualizados. Repetidores/as. Ambiente sociocultural e familiar. Outras informacións relevantes. Problemas do grupo.			
Intercambio de información entre o profesorado: Primeiras impresións. Resultados da avaliación inicial nas diferentes materias. Detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe.			
Toma de decisións: Actividades de reforzo ou adaptación curricular, ampliación ou recuperación. Exencións da 2ª lingua estranxeira (francés 1º e 2º de ESO). Axuste das programacións. Outras medidas en relación coa convivencia, comportamento, asistencia…			
Decisións e acordos sobre o proceso de avaliación inicial:			

13. MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE

A actuación educativa versará sobre dous aspectos: as aprendizaxes terán que ser significativas, pero tamén terán que satisfacer os futuros intereses.

Tratando de atender a todo o alumnado e respectando as súas peculiaridades persoais, ademais da variedade e heteroxeneidade das motivacións e intereses que presente o alumnado, pois aumenta progresivamente dende o comezo da ESO.

Esta diversidade maniféstase en diversos ámbitos, todos eles interrelacionados, como son :
A Capacidade para aprender, concibida como un desexo por conseguir certos aprendizaxes.
A motivación por aprender. Os factores ou condicionamentos dos que depende a motivación son moi variados: por un lado, o historial de fracasos ou éxitos que haxa tido o alumno/a; por outro, a significación e funcionalidade das aprendizaxes realizadas. Por iso tratarase de realizar unha aprendizaxe significativa, que teña sentido para o alumnado, e terase en conta a súa funcionalidade, e dicir que teña un valor práctico e poida ser transferible a outras situacións e lles serva de base a novas aprendizaxes.

Os intereses persoais , pois son un factor condicionante da motivación por aprender, (o feito de que esta materia sexa optativa, axuda bastante neste punto)
Os estilos de aprendizaxe.
Terase en conta que o alumnado pode mostrar diferenzas respecto a:
Tipos de pensamento (reflexivo, (tomase tempo para analizar a tarefa) o impulsivo. Analítico, (abordase a tarefa dende unha perspectiva máis ampla ou global para logo ter en conta os detalles), ou sintético, (do particular ao global)…
Modalidade sensorial preferente Alumnos que utilizan máis a auditiva, ou a visual…
Nivel de atención á tarefa.

Tipo de reforzo.
Preferencias de agrupamento Hai alumnado que traballa mellor so, outros prefiren en pequenos grupos…

Por iso ao longo do curso faranse traballos tanto individuais coma en grupos, e variará o número de compoñentes dependendo da tarefa. (exposición de traballos por grupos, concursos, etc)

Faranse por tanto grupos flexibles, e os seus compoñentes poden variar en función dos obxectivos que se pretenden, así un alumno pode pertencer a un grupo nunha determinada actividade e deixalo para integrarse nun novo grupo onde realizará outras actividades. Creándose grupos distintos, sempre estruturados e todos os implicados terán que coñecer os obxectivos que se pretenden con ese agrupamento. Intentase facilitar deste xeito ao alumnado a consecución dos obxectivos que se pretende ao mesmo tempo que trata de respectar as súas características.

As dificultades de certos alumnos/as que poden presentar necesidades educativas especiais permanentes, presentando dificultades que poden ser moi variadas: de carácter psicomotor, de orixe sensorial, de carácter intelectual, de retraso no desenvolvemento, na maduración, etc. Terase en conta a dificultade que presente, así como o asesoramento da orientadora, para paliar na medida do posible a súa dificultade.

ACTIVIDADES DE REFORZO.

As actividades van a variar dependendo de si o alumnado presenta necesidades educativas especiais permanentes , de tipo puntual ou temporal, por estar atravesando unha situación problemática, etc. De todos os xeitos o alumnado necesitará unha axuda especial que lle dea unha resposta ás súas necesidades educativas.

O reforzo poderá ser tanto durante, paralela, ou posteriormente a clase “ordinaria”, e dicir faranse actividades educativas que proporcionen respostas a unha situación de dificultade, atraso, atasco ou retroceso escolar dun alumno respecto á marcha do seu grupo-clase , para deste xeito eliminar ou diminuír a incidencia desas carencias ou dificultades.

Dependendo da súa necesidade os alumnos-as que o precisen, realizarán o mesmo traballo cos seus compañeiros pero eliminaranse contidos adecuados a unha necesidade específica.

En termos xerais tratarase de reforzar as técnicas instrumentais (linguaxe oral, lectura, escritura, razoamento), os hábitos de traballo (especialmente na ESO), as técnicas de traballo, e os coñecementos propios da área de relixión.

Faranse por tanto grupos flexibles e traballarase o mesmo tempo un ensino individualizado no cal se teña moi presente o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e a súa capacidade de desenvolvemento.
Reparto equilibrado dos contidos. Distribución dos contidos por trimestres.
Repaso cíclico dos contidos.
Avaliación continua de xeito que se podan repasar e fixar contidos máis facilmente.
Actividades de repaso ao final de cada tema, elaboración de traballos complementarios,…
Traballar cun método individualizado e tendo en conta o punto de partida de cada alumno/a, a súas dificultades específicas e a súa evolución. Algúns poden levar traballo para facer na casa se o seu ritmo de traballo na aula é máis lento co dos seus compañeiros-as.
Emprego da aprendizaxe cooperativa como método de axuda entre iguais.
Propiciar un ambiente de socialización que faga evidente a función comunicativa, cooperación e corrección colectiva, traballos en grupo e posta en común, etc.
Propor actividades de investigación que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o seu ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
Utilización dunha linguaxe directa e clara na exposición dos contidos, evitando todo tecnicismo innecesario.

Emprego de cadros-resumo coas ideas fundamentais, para unha maior facilidade de memorización.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Cando por mor das necesidades educativas específicas do alumnado, sexa necesario facer unha adaptación curricular, farase de acordo as necesidades que presente o alumno-a, asumindo a diversidade coma un reto ao que dar resposta nun marco integrador, e dicir coma unha estratexia de adecuación curricular ou un procedemento que posibilita adaptar o currículo ás características propias do alumnado que o precisa.

En definitiva partirase da avaliación psicopedagóxica realizada onde se determine o nivel de competencia curricular do alumno-a, pois iso servirá como punto de partida básico para la elaboración da proposta curricular alternativa e coa axuda do psicopedagogo do centro elaborarase a proposta curricular que se corresponda coas necesidades educativas que o alumno-a presente, sempre optado por aquelas medidas de adecuación que manifesten un maior potencial normalizador.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Ademais da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional, traballaranse dun xeito especial os seguintes valores en cada unidade.

Unidade 1	**Educación para a interculturalidade**: respectar e comprender ás persoas que practican outras relixións. **Educación para a paz e a esperanza**: historia do patriarca Xosé que non quere vinganza. **Resolución pacífica de conflitos**
Unidade 2	**Educación cívica e ecolóxica**: respectar a orde que vemos que existe na natureza. Coidar as cousas da creación e do medio ambiente: a ecoloxía integral, ambiental e humana. **Valor de humanizar á persoa e á Terra**
Unidade 3	**Valor da confianza** (test para saber se somos confiados)
Unidade 4	**Educación para a solidariedade**: a misericordia é unha nota propia dos cristiáns. Ela leva a compadecerse de quen están necesitados e a tentar sol**ucionar, ou polo menos paliar, as necesidades alleas.** **Educación para a paz**: todas as benaventuranzas, e unha delas en particular, levan aos cristiáns a ser sementeiros da paz no mundo. **Os valores das Benaventuranzas**.
Propor actividades de investigación que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o seu ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
Utilización dunha linguaxe directa e clara na exposición dos contidos, evitando todo tecnicismo innecesario.
Emprego de cadros-resumo coas ideas fundamentais, para unha maior facilidade de memorización.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Cando por mor das necesidades educativas específicas do alumnado, sexa necesario facer unha adaptación curricular, farase de acordo as necesidades que presente o alumno-a, asumindo a diversidade coma un reto ao que dar resposta nun marco integrador, e dicir coma unha estratexia de adecuación curricular ou un procedemento que posibilita adaptar o currículo ás características propias do alumnado que o precisa.

En definitiva partirase da avaliación psicopedagóxica realizada onde se determine o nivel de competencia curricular do alumno-a, pois iso servirá como punto de partida básico para la elaboración da proposta curricular alternativa e coa axuda do psicopedagogo do centro elaborarase a proposta curricular que se corresponda coas necesidades educativas que o alumno-a presente, sempre optado por aquelas medidas de adecuación que manifesten un maior potencial normalizador.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Ademais da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional, traballaranse dun xeito especial os seguintes valores en cada unidade.

Unidade 1	Valores das dimensións persoais. As persoas desenvolven unhas dimensións máis que outras, dependendo dos seus valores e virtudes máis importantes. Educación para a paz. Cada persoa, polo seu orixe divino e pola súa identidade única, posúe un valor absoluto e unha dignidade única
Unidade 2	Educación moral e cívica. Valores e antivalores da xuventude. Educación para a interculturalidade. O sentimento da dignidade humana é sentirse persoa cos mesmos dereitos fundamentais e inviolables cos demais. Os proxectos de vida e os valores. Existen diferentes proxectos de vida porque cada persoa da máis importancia a uns valores que a outros. **Educación para a igualdade dos sexos**: o Bautismo confirma a igualdade radical ante Deus do home e da muller

Unidade 3	Educación ecolóxica. Os comportamentos morais son os que conservan a Terra e humanizan a persoa. Encíclica sobe a ecoloxía integral. Educación para os Dereitos Humanos. A mensaxe revolucionaria de Xesús sobre a igualdade de todas as persoas, que é a orixe das actuais leis sobre a igualdade e os dereitos humanos universais. O valor da liberdade. O valor da liberdade consiste na capacidade humana para elixir que facer en cada momento.
Unidade 4	O valor da oración. Consiste en dialogar e relacionarse persoalmente con Deus. Educación para a igualdade entre os sexos. As mulleres da Biblia. As súas respostas de fe.
Unidade 5	Educación para a interculturalidade. Manifestacións artísticas da imaxe de Xesús no mundo. Lugares declarados Patrimonio de la Humanidade relacionados con Xesús. Educación para a saúde. A comunidade Cenáculo. Asociación que axuda a xoves drogadictos, alcohólicos, anoréxicos. O sentimento de escoitar. É a vivencia que se produce ao quedarse en silencio, para oír profundamente a Deus, aos demais e a nosa conciencia.
Unidade 6	O sentimento de comunicarse. É a emoción de unión e confianza, que se experimenta cando se comparte con outra persoa unha información, un problema, unha alegría... O valor da amizade. A amizade é unha relación de verdadeiro amor entre dúas persoas, que mutuamente se axudan, escóitanse e confían unha na outra. Educación para a paz.
Unidade 7	Educación para a solidariedade. Pensar no ben común e non só no ben propio, dar prioridade ás persoas antes que o puramente material. O valor da identidade persoal. Consiste en descubrir e desenvolver a propia personalidade. Saber quen son de verdade, as miñas cualidades e a miña misión na vida, o que me fai único e especial.
Unidade 8	Educación para a solidariedade. O relato de Mt.25, 31-46, amosa que o destino final de cada persoa decídese na actitude e comportamento que se teña cos máis necesitados e na importancia de tratar como irmáns aos máis marxinados da sociedade. O valor de cambiar. Consiste en empezar unha nova vida, con novos e mellores valores, actitudes, sentimentos, comportamentos...
Unidade 9	Educación para a saúde. Programa da irmá Linda (taekwondo “Poomsae”) como complemento as terapias de rehabilitación de nenos con cancro. O valor da sociabilidade. Saber convivir cos demais e respectar as súas costumes diferentes, os seus valores e formas de pensar. O valor da solidariedade. Consiste no bo sentimento de empatía e no comportamento de servir e axudar aos demais.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROOXECTO LECTOR

O departamento de relixión ten previsto seguir colaborando en todas as actividades que programa a Biblioteca para o curso.
Así mesmo a profesora de relixión forma parte do grupo de traballo da biblioteca A3P que dedican parte do seu horario a facer gardas de Biblioteca, actividades de préstamo de libros (proxecto MEIGA), e o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Participamos tamén dedicando un tempo á lectura na aula seguindo o calendario marcado pola biblioteca.

O Departamento de Relixión propón e aconsella algunhas lecturas que considero bastante axeitadas para o noso alumnado, e poden dispoñer delas na Biblioteca do centro

- "El hombre en busca de sentido". Victor Frankl.
- "Dios existe yo me lo encontré". Andre Frossard.
- "Si lo dicta el corazón". María Menéndez.
- "Vida después de la vida" Raymon A. Moody
- "El regreso del hijo pródigo" (meditaciones ante un cuadro de Rembrandt).Henri J.M. Nouwen
- La Biblia Manga. Siku

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización en todos os ámbitos: educativos, familiares ou de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a súa escolarización obrigatoria, alcanzara unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada; todo isto tendo en conta a situación xeográfica, social e persoal do alumnado, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles no centro.

Dende o departamento de relixión tense previsto neste curso:
Un maior uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.

Lograr que os nosos alumnos coñezan a páxina Web do centro e a utilicen como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa. Fomentar dita páxina web onde o departamento ten unha serie de páxinas para que o alumnado poida visitar, e onde se recollen tamén os criterios de avaliación deste departamento.

Animar ao alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico, que presente ditos traballos, voluntarios ou obrigatorios, nos formatos Word, Powerpoint ou Prezi, e que utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.

Contribuír a que os nosos alumnos aprendan a utilizar correctamente Internet así como o teléfono móbil, pois é un potente aparello tecnolóxico amplamente difundido entre a comunidade educativa que, ben utilizado, nos ofrece unha oportunidade de mellora da actividade escolar, pero consideramos moi importante que o alumnado debe respectar as normas do Centro referente a súa utilización reflectidas nas NOFC.

Impulsar a comunicación dos nosos alumnos con outros alumnos de Relixión doutros centros.
Dar a coñecer e invitalos a utilizar páxinas Web relacionadas coa materia.

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVICENCIA

O Departamento de Relixión contribúe ao Plan de Convivencia de centro:

- Educando ao alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Respectando a liberdade de conciencia e convicción relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- Cumprindo e facendo cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito da súa competencia.
- Fomentando un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Mantendo a orde e velando polo axeitado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Informando as familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- Controlando as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informando aos titores, segundo o procedemento establecido.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

A realización destas actividades está condicionada ao protocolo que se estableza no centro e se determine no Plan de adaptación a situación COVID-19 no actual curso.

Para este curso :

- Non imos expor o Belén como tódolos anos por razóns obvias de problemas de espazo por mor das adaptacións no centro ás medidas de prevención e protección fronte ao COVID e porque a montaxe non é viable dadas as circunstancias pois, hai que evitar formación de grupos, evitar que o alumnado estea encarado, gardar distancias, non compartir material, etc. Será un reto imaxinativo para o alumnado e para min idear solucións alternativas como visionar imaxes dos realizados outros anos ou proxectar outros que fixeran eles nas súas casas, etc.
- Pretendese seguir coa actividade de S. Valentín na que os alumnos poderán manifestar tenrura, amizade, admiración, sentimentos positivos, etc. Unha educación na tenrura para combater a violencia.
- Colaborar coa Biblioteca A3P na celebración do día da Paz .

- Por medidas hixiénicas e por temor a contaxios, este curso suspéndese a actividade de recollida de tapóns, e retiramos as caixas e contedores do centro ata que esta situación volva a total normalidade. Seguiremos sensibilizando na solidariedade coas persoas necesitadas e no coidado do medio ambiente.

- Realizar un tramo do camiño de Santiago, esta actividade está prevista en colaboración co Departamento de Educación Física con alumando de 2º ESO. No primeiro trimestre, farán o tramo do camiño inglés que pasa por Cambre. Cabe destacar, que como no ano **2021** será o vindeiro **Ano Santo Compostelán**, o Departamento de Relixión propón dar a coñecer aos seus alumnos ao longo dos vindeiros cursos, máis información sobre este apaixonante tema, no que está imbuída non só a historia e cultura de Galicia, senón tamén de España e Europa.

- Invitar a unha ONG ao centro para concienciar ao alumnado en actividades de voluntariado e solidariedade.

- Visitar co alumnado de 1º de Bacharelato unha mostra de arquitectura relixiosa (catedral, igrexa, capela, etc) para que o alumando coñeza as expresións relixiosas da cultura e da arte, e faga unha pequena rota de peregrinaxe, esta actividade vai depender do número de alumnos que teñamos así como se podemos realizala xunto con outro departamento para completar as prazas do autobús. e sempre que a situación COVID-19 mellore.

- Gustaríame que o alumnado de relixión en bacharelato asistira as charlas do congreso "Lo que de verdad importa", pero esta actividade vai a depender totalmente de como evolucione a actual situación xa que recomendase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de realizala a organización tería que cumprir estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforo que garantan a seguridade do alumnado ou ser online, de non ser así tamén se suspendería.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Neste apartado pretendemos promover unha reflexión como docentes e facer unha autoavaliación da realización e o desenvolvemento da nosa programación didáctica. Para elo, ao finalizar cada unidade didáctica farémonos unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras na seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación e irémola completando según as necesidades de avaliación e mellora. Estas necesitades de mellora quedarán reflectidas na nosa memoria de fin de curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A SALIENTAR…	A MELLORAR…	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			

Manexo dos contidos da unidade			
Descriptores e desempeños competenciáis			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

3º ESO

1.-INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación fio elaborada seguindo as pautas acordadas pola CCP para o actual curso, e considero necesario comenzar por salientar que a presenza do ensino relixioso na escola responde, en primeiro lugar, á importancia que esta asignatura ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade.

A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e unha educación de calidade, si non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales atópase a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino da relixión católica no centro escolar axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal fora a súa manifestación concreta.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pola súa banda, a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante «o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas convicción» no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

A Igrexa, como se recolle no número 2 da Gravissimun Educationis, realizou continuos esforzos para favorecer que a formación relixiosa se imparta no ámbito escolar, como contribución decisiva á formación integral da persoa. Por ese motivo, a Santa Sé subscribiu un Acordo Internacional co Estado Español sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, onde se outorga a competencia para elaborar o currículo da asignatura de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica (art. 6).

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición.

Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, se promove o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos. Por iso, o contido do currículo parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

O desenvolvemento do currículo se estrutura en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faino nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélica,

centro do terceiro bloque do currículo e eixe vertebrador da asignatura. Para rematar, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar, que lonxe dunha finalidade catequética ou de adoutrinamento, o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá. Estes catro bloques que compón a asignatura de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta suscita. Por iso, os contidos xerais da asignatura contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística, que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Sen esquecer a singularidade que esta asignatura aporta á dimensión de escoita da comunicación.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, ao exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímaa adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescíndese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade no enriquecemento do noso patrimonio cultural.

A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

En canto aos contidos procedimentais, a asignatura de relixión católica forma de xeito transversal nunha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos procedimentais adquírense ao longo do desenvolvemento curricular, colaborando así na consecución das competencias asignadas aos currículos de ESO e Bacharelato. Concretamente os contidos procedimentais de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

CONTEXTUALIZACIÓN

O instituto onde imos a impartir esta materia e para o que programamos é o IES David Buján atópase no lugar de Sigrás, en Camiño dos Cacharros n.º 1, no concello de Cambre.

O Centro leva funcionando dende o curso 1990-1991. Consta dun edificio de dous pisos e unha zona exterior, na que hai un patio, unha pista polideportiva, un estacionamento, un pequeno recinto cuberto -onde se atopan os vestiarios- e unha zona de xogo.

O número de alumnas e alumnos do IES David Buján é aproximadamente de 400 e procede, na súa maioría, do propio concello, tras o seu paso polos colexios adscritos; aínda que tamén recibimos alumnado de concellos limítrofes como Carral, Culleredo, Oleiros e Mabegondo, sobre

todo no Bacharelato. Trátase dun estudantado bastante homoxéneo, de clase media na súa meirande parte, e os problemas de integración, absentismo escolar etc. son puntuais.

O IES David Buján oferta estudos de ESO e bacharelato. É un centro de liña dous na secundaria e liña tres en bacharelato.

Os departamentos didácticos ofertan un amplo abano de actividades complementarias e extraescolares e fomentan a participación do noso alumnado en distintas competicións e eventos.

MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

CURSOS E GRUPOS QUE DEPENDEN DO DEPARTAMENTO:	ESO 1º, 2º,3º,4º BAC 1º, 2º

LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO.

1º ESO "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

2º ESO "RELIXIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Galego)

3º ESO "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

4º ESO "RELIXIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Galego)

1º BAC "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

2º BAC "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

PROFESORADO QUE FORMA PARTE DO DEPARTAMENTO:

MARÍA-CARMEN FREIRE PINTOR.

Asdo.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECION DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMA PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre dúas e cinco por competencia), grandes alicerces que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que devanditos indicadores divídanse, á súa vez, no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o grado competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, xa que logo, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materia e cursos da etapa.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir, e en cuxa construción colaboren.
A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

NA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

A área de Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento das competencias desde as súas finalidades educativas, obxectivos, contidos e actividades de aprendizaxe e avaliación.

No libro de texto do alumnado, desenvólvense as competencias nas actividades de ensino-aprendizaxe de cada unidade, e de forma máis específica, nas tres páxinas que comprenden o «Obradoiro de intelixencias múltiples». Estas páxinas están suscitadas como un taller educativo onde o alumnado, por medio da reflexión, a actividade e a aplicación, desenvolve as competencias. Especialmente, trabállanse as competencias desde a intelixencia espiritual, a intelixencia emocional e a educación en valores, así como as seguintes propostas do currículo de Relixión Católica (2015):
A competencia en comunicación lingüística.
As competencias sociais e cívicas.
A competencia cultural e artística.
A competencia para a autonomía e iniciativa persoal.
A competencia de aprender a aprender.
A competencia de conciencia e expresións culturais.

O Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%

Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

RELIXIÓN 3º ESO

Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeneral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMT	CD	AA	CSC	SIEE	CEE
RE1.1.1	1.1 Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.	B	X				X		
RE1.2.1	2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.	B				X	X	X	
RE1.2.2	2.2 Selecciona escenas de películas ou documentais que mostran a busca de sentido.	I			X			X	X
RE2.1.1	1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.	I	X			X	X		
RE2.2.1	2.1 Analiza o texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.	A	X			X		X	X
RE3.1.1	1.1 Busca e selecciona biografía de conversos.	B	X		X				
RE3.1.2	1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.	B	X				X		X
RE3.2.1	2.1 Crea e comparte textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns	I	X		X	X		X	
	supuxo o encontro con Cristo.								
RE4.1.1	1.1 Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.	I	X			X		X	
RE4.2.1	2.1 Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa.	B	X				X		
RE4.3.1	3.1 Amosa mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.	A	X			X			X
RE4.3.2	Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc.	A	X				X		X

COMPETENCIAS CLAVE: CL: Competencia lingüística. **CMCT:** Competencia matemática ciencia e tecnoloxía. **CD**: Competencia dixital **AA:** Aprender a aprender. **CSC**: Competencia social e cívica. **SIEE** : Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CEC:** Conciencia e expresións culturais.

Código: B= Básico, necesario para aprobar. **I**= Intermedio, para nota correspondente a Notable. **A**= Avanzado, corresponde a Sobresaínte.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑO . UNIDADE 1

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os textos bíblicos e documentais da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Relaciona os diversos contidos da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Descobre as mensaxes e ensinanzas dunha película.
Aprender a aprender	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.

Social e cidadá	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Intervén por medio do diálogo seguindo unhas pautas dadas.
Autonomía e iniciativa persoal	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	Desenvolve as súas actividades nos tempos previstos.
Cultural e artística.	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.	Manifesta interese pola escenografía e ambientación dunha película.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Valora a achega do cristianismo na busca de Deus.
Competencia humanizadora e ético-moral	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
Competencia de sentido transcendente	Comprender o xeito cristián de ver a vida.	Valora a achega da Igrexa católica para satisfacer o desexo de Deus.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 2

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Elabora mapas conceptuais cos contidos da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Dialoga sobre as aprendizaxes descubertas nun cinefórum.
Aprender a aprender	Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.	Mostra interese polo uso dos recursos propios da unidade.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
Autonomía e iniciativa persoal	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	Experimenta unha actitude positiva derivada da

		interiorización dos contidos e valores aprendidos.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Investiga sobre o sentido da vida nas relixións monoteístas.
Competencia humanizadora e ético-moral	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e no acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	Expresa como para descubrir o sentido cotián e último da vida é necesario ter unha boa xerarquía de valores.
Competencia de sentido transcendente	Comprender que o ser humano necesita encontrar motivos para darlle un sentido último á súa vida.	Expón en que consiste o sentido último da vida humana.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 3.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Sintetiza os principais contidos da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Descobre as mensaxes e ensinanzas de materiais audiovisuais.
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Investiga e completa esquemas sobre os contidos.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Interioriza valores como os do arrepentimento e do perdón.
Autonomía e iniciativa persoal	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.	Emprende e executa as súas tarefas con sentido da responsabilidade.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Investiga sobre os sacramentos de curación.
Competencia humanizadora e ético-moral	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e no acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como o de perdoar.
Competencia de sentido transcendente	Valorar como Deus intervén na historia.	Expresa o significado dos sacramentos de curación.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 4.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Emprega adecuadamente a linguaxe nas súas reflexións e redaccións.
Tratamento da información e competencia dixital	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Usa as tecnoloxías adecuadamente para o desenvolvemento das actividades que o requiren.
Aprender a aprender	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Reflexiona e avalía a partir dun cuestionario de aplicación persoal.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Desenvolve o valor do servizo.
Autonomía e iniciativa persoal	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Investiga sobre os conceptos relacionados coa vocación cristiá.
Competencia humanizadora e ético-moral	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e no acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como o de servizo.
Competencia de sentido transcendente	Valorar a eficacia e as achegas do sacramento da Orde.	Expresa o significado do sacramento da Orde e os ritos da súa liturxia.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 5.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os contidos, textos, citas e o relato bíblico da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Expresa os seus sentimentos por medio dunha poesía.

Tratamento da información e competencia dixital	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Investiga sobre un tema empregando diversas fontes.
Aprender a aprender	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Fai valoracións críticas sobre a «cultura da morte».
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Interioriza valores que conducen a aproveitar a nosa vida para ser feliz con Deus, cos demais e con un mesmo.
Autonomía e iniciativa persoal	Ser constante no traballo e superar as dificultades.	Executa as súas tarefas aproveitando os tempos.
Cultural e artística	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza un poema con sentido estético.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Investiga e descobre na Biblia o concepto de vida humana.
Competencia humanizadora e ético-moral	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	Valora e defende toda vida humana.
Competencia de sentido transcendente	Valorar os principais modelos de vida cristiá.	Comprométese para rematar cos actuais atentados contra a vida humana.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 6.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os textos e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Participa por medio do diálogo nas diversas propostas da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Descobre as mensaxes e ensinanzas dunha película.
Aprender a aprender	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.

Social e cidadá	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Selecciona valores, relacionados coa moral católica do consumo, necesarios para a sociedade actual.
Autonomía e iniciativa persoal	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	Participa de forma responsable no traballo de grupo.
Cultural e artística.	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.	Manifesta interese pola escenografía e ambientación dunha película.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Valora a achega da moral católica para consumir de forma solidaria, ecolóxica e cristiá.
Competencia humanizadora e ético-moral	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns, en especial o da caridade.
Competencia de sentido transcendente	Comprender o xeito cristián de ver a vida.	Valora como o encontro con Cristo transforma a vida.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS .UNIDADE 7.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os relatos e o texto bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
Tratamento da información e competencia dixital	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Descobre as mensaxes e ensinanzas dunha película.
Aprender a aprender	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Realiza un traballo colaborador e exponlle os resultados á clase.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Dialoga e participa en debates para extraer conclusións sobre os temas analizados.
Autonomía e iniciativa persoal	Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.	Promove un clima de traballo eficaz nas dinámicas de grupo.

Cultural e artística.	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Compón un poema ou unha oración.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Expresa a importancia da organización da Igrexa para a súa misión.
Competencia humanizadora e ético-moral	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e no acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
Competencia de sentido transcendente	Recoñecer os fundamentos que xustifican a ensinanza moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo e cos outros.	Recoñece e aprecia o sentimento de colaboración e o sentido cristián da solidariedade.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 8.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
Tratamento da información e competencia dixital	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Investiga en Internet para obter informacións.
Aprender a aprender	Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.	Realiza propostas de traballo seguindo unhas pautas dadas.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa de forma cooperativa na preparación e no desenvolvemento de concursos educativos.
Autonomía e iniciativa persoal	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Valora a permanencia de Xesús na historia da Igrexa.
Competencia humanizadora e ético-moral	Tomar conciencia de como a fe cristiá lles dá resposta aos	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento da súa propia vocación.

	interrogantes máis radicais do ser humano.	
Competencia de sentido transcendente	Descubrir como a fe motiva a cambiar o mundo, a transmitir valores...	Expresa a importancia da fe para dotar a vida de sentido.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS. UNIDADE 9.

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Expresa os seus sentimentos sobre o tema específico.
Tratamento da información e competencia dixital	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Investiga sobre un tema empregando diversas fontes.
Aprender a aprender	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Fai valoracións críticas sobre actitudes e comportamentos intolerantes.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.	Fai propostas para solucionar conflitos sobre un tema dado.
Autonomía e iniciativa persoal	Ser constante no traballo e superar as dificultades.	Realiza as súas tarefas seguindo os obxectivos establecidos.
Cultural e artística	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Expresa a súa valoración sobre as achegas do cristianismo e da Igrexa católica ao desenvolvemento do patrimonio cultural e artístico da humanidade.
Cultural e histórica	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Recoñece a importancia do patrimonio artístico, cultural e histórico da Igrexa.
Competencia humanizadora e ético-moral	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e no acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades

b) Entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

c) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e coma medio de desenvolvemento persoal.

d) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

e) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquer tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

f) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que estruturase en distintas disciplinas, así como coñecer aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

h) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sé mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

i) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, si houbera, na lingua coofical da Comunidade Autónoma , textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

j) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

k) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

Educar a dimensión trascendente e relixiosa, partindo da experiencia humana e «dende» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e medioambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado dende unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida dende unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiáns.
4. Presentar a visión cristián da persoa e a historia dende a realidade cotián, dende o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristian-católico en diálogo cas testemuñas de persoas exemplares e os problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral dende a aplicación de testemuñas exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza-aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para dar un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiáns.
9. Educar na participación social e a práctica de compromisos solidarios que melloren o medioambiente, as relaciones interpersoais e vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior…
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiáns e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado dende a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.
13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, así ser máis feliz con uno mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica dende as TIC, a investigación, a aprendizaxe Cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA PARA 3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.

1. Descubrir e coñecer o desexo do infinito e de Deus que existe no ser humano, e a diversidade de camiños persoais e cristiáns que existen para encontrarse con El.
2. Analizar e interpretar a necesidade humana de darlle sentido á propia vida e o sentido cotián e último da vida que dan o cristianismo e as relixións monoteístas.
3. Investigar e interpretar correctamente o pecado e os sacramentos do Perdón e da Unción de enfermos.
4. Investigar e fundamentar correctamente a relación existente entre Xesucristo, a vocación cristiá e o sacramento da Orde sacerdotal.
5. Coñecer e aplicar a moral cristiá da vida humana en relación con Xesucristo, a Igrexa e a busca de solucións aos atentados actuais contra a vida.
6. Valorar a mensaxe de Xesús sobre o consumo e aplicar a moral cristiá e católica do consumo para promover un consumo xusto, solidario, ecolóxico e cristián.
7. Describir e valorar a misión e a organización da Igrexa católica en relación con Xesucristo, a súa tripla misión e os servizos de humanización e salvación que realiza.
8. Investigar os principais acontecementos da historia da Igrexa durante os seus primeiros quince séculos e a presenza de Xesucristo, que continúa ata o fin da historia.
9. Recoñecer e valorar a achega fundamental da fe cristiá na creación da arte e da cultura cristiá e da humanidade.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio da reflexión e interiorización das experiencias de autocoñecemento, sentido á vida, vocación persoal, meditación e peregrinación.

11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e da vivencia dos sentimentos de choro, providencia, arrepentimento, fe, vida, xenerosidade, colaboración, vocación e piedade.
12. Tomar conciencia da importancia de ter unha xerarquía de valores e de practicar os valores do perdón, a fe, o servizo, a celebración, a caridade, a solidariedade, a cooperación e a tolerancia.

CONTIDOS.

CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC)

UNIDADE 1: A persoa busca a Deus

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A persoa pode descubrir a Deus.	BLOQUE I. 1. Enumerar as razóns e os camiños máis importantes polos cales a persoa pode descubrir a Deus.	1.1. Expresa os principais camiños persoais para descubrir e coñecer a Deus.	CCL CD CAA CSC
- Camiños persoais e cristiáns para coñecer e encontrarse con Deus.	BLOQUE I. 2. Expresar os medios persoais e cristiáns que propón a Igrexa católica para que a persoa poida encontrarse con Deus.	2.1. Describe os camiños persoais e cristiáns que ensina a Igrexa para encontrarse con Deus.	CCL CD CAA CSC
- O relato bíblico «Historia de Sansón».	BLOQUE I. 3. Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «Historia de Sansón».	3.1. Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Historia de Sansón».	CCL CAA CSC CCEC
		3.2. Enumera valores e antivalores dos seus personaxes.	CCL CAA CSC CCEC
- O coñecemento dun mesmo e o sentimento de chorar.	BLOQUE I. 4. Desenvolver a espiritualidade mediante o autocoñecemento e a expresión de sentimentos.	4.1. Autoavalíase por medio dun cuestionario de coñecemento persoal.	CCL CAA CSC CCEC
		4.2. Participa en debates sobre os sentimentos.	CCL CAA CSC CCEC

- O valor da fe en Deus.	BLOQUE I. 5. Mostrar interese na formulación da fe en Deus.	5.1. Participa nun cinefórum sobre a busca e relación persoal con Deus.	CCL CAA CSC CCEC

UNIDADE 2: O sentido cristián da vida

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A busca de sentido: características do sentido último da vida humana.	BLOQUE I. 1. Redactar en que consiste o sentido último da vida humana.	1.1. Define que é o sentido último da vida humana.	CCL CAA CSC
- Características do sentido á vida segundo as relixións monoteístas.	BLOQUE I. 2. Resumir as principais características do sentido á vida que dan o xudaísmo, o cristianismo e o islamismo.	2.1. Resume o sentido da vida que dan as relixións monoteístas.	CCL CAA CSC CCEC
		2.2. Sintetiza en que consiste o sentido cristián da vida.	CCL CAA CSC CCEC
- O relato bíblico «Xesús e Zaqueo».	BLOQUE I. 3. Expresar o argumento e as ensinanzas para aplicar hoxe o relato bíblico «Xesús e Zaqueo».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Xesús e Zaqueo».	CCL CD CAA CSC
		3.2. Elabora unha lista de valores que permiten transformar a vida para mellor.	CCL CD CAA CSC
- Sentido da vida e Providencia.	BLOQUE I. 4. Describir en que consiste a Providencia de Deus e como vivir a vida con maior sentido e felicidade.	4.1. Expresa mediante un bo consello como desenvolver a espiritualidade e vivir máis feliz.	CCL CAA CSC CCEC
		4.2. Participa nun cinefórum sobre a Providencia de Deus.	CCL CAA CSC CCEC
- Valores que lle dan sentido á vida.	5. Elixir e xerarquizar valores que lle dan sentido á vida.	5.1. Reflexiona e xerarquiza valores e antivalores.	CCL CAA CSC CSIEE

UNIDADE 3: Pecado, Perdón e Unción

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Deus revélase na historia para curar e perdoar.	BLOQUE II. 1. Reflexionar sobre os sacramentos de curación e os seus efectos.	1.1. Explica como Deus intervén na historia para curar e perdoar a persoa.	CCL CAA CSC
- Características dos sacramentos do Perdón e da Unción.	BLOQUE II. 2. Explicar as características fundamentais dos sacramentos do Perdón e da Unción e os ritos da súa liturxia.	2.1. Expresa en que consisten os sacramentos do Perdón e da Unción e as súas respectivas liturxias.	CCL CD CAA CSC
		2.2. Investiga sobre o sacramento do Perdón.	CCL CD CAA CSC
- O relato bíblico «O pecado orixinal».	BLOQUE II. 3. Contextualizar e interpretar o relato bíblico «O pecado orixinal».	3.1. Resume o argumento e a principal ensinanza do relato bíblico «O pecado orixinal».	CCL CAA CSC CCEC
		3.2. Elabora un relato actual sobre o pecado.	CCL CAA CSC CCEC
- O perdón na arte e o sentimento de arrepentimento.	BLOQUE II. 4. Reflexionar e experimentar a espiritualidade do perdón e do arrepentimento.	4.1. Contempla e expresa o que lle transmite unha obra de arte.	CCL CD CAA CSC CCEC
		4.2. Recoñece erros persoais.	CCL CD CAA CSC CCEC
- O valor de perdoar.	BLOQUE II. 5. Concienciarse sobre o valor de perdoar.	5.1. Avalía a súa capacidade para perdoar.	CCL CAA CSC

UNIDADE 4: Xesucristo, vocación e Orde

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Vocación cristiá xeral e vocacións particulares.	BLOQUE III. 1. Valorar a vocación cristiá e as súas formas.	1.1. Enumera e describe as formas de vocación cristiá.	CCL CD CAA CSC
- Características do sacramento da Orde.	BLOQUE III. 2. Resumir as características fundamentais do	2.1. Sintetiza que é o sacramento da Orde e os seus principais ritos e símbolos.	CCL CD CAA CSC

	sacramento da Orde e os ritos da súa liturxia.		
- O relato bíblico «Conversión e vocación de San Paulo».	BLOQUE III. 3. Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «Conversión e vocación de San Paulo».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Conversión e vocación de San Paulo».	CCL CD CAA CSC
- O sentimento de vocación e as vocacións cristiás particulares.	BLOQUE III. 4. Reflexionar e expresar sentimentos sobre a vocación.	4.1. Reflexiona sobre a vocación persoal.	CCL CAA CSC CSIEE
		4.2. Participa nun debate sobre a vocación.	CCL CAA CSC CSIEE
- O valor do servizo.	BLOQUE III. 5. Razoar e dialogar sobre o valor do servizo aos demais.	5.1 . Describe os tipos de servizos presentes na súa vida diaria.	CCL CAA CSC
		5.2. Anota un compromiso persoal ao servizo dos demais.	CCL CAA CSC

UNIDADE 5: Xesucristo, moral e vida

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Feitos e comportamentos actuais a favor e en contra da vida humana.	BLOQUE III. 1. Enumerar feitos e comportamentos relacionados coa cultura da morte e coa construción da cultura e da moral da vida humana.	1.1. Enumera feitos e comportamentos relacionados coa actual cultura da morte e coa cultura da vida humana.	CCL CD CAA CSC
- Características, fundamentos, principios éticos e comportamentos morais da moral católica da vida humana.	BLOQUE III. 2. Resumir os fundamentos, principios éticos e comportamentos morais que compoñen a moral católica da vida humana.	2.1. Define qué é a moral católica da vida humana.	CCL CAA CSC CCEC
		2.2. Cita principios e exemplos de comportamentos cristiáns a favor da vida humana.	CCL CAA CSC CCEC
- O relato bíblico «Caín e Abel».	BLOQUE III. 3. Sintetizar o argumento, as principais claves de interpretación e algunhas das ensinanzas que se poden extraer do relato bíblico «Caín e Abel».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Caín e Abel».	CCL CAA CSC

- A vida humana e o sentimento de vivir.	BLOQUE III. 4. Constatar e expresar como a espiritualidade mellora a vida humana, que se concibe como o maior ben, valor e regalo.	4.1. Investiga na Biblia sobre a vida humana.	CCL CD CAA CSC CCEC
		4.2. Escribe unha poesía para dar grazas pola vida.	CCL CD CAA CSC CCEC
- O valor de celebrar a vida.	BLOQUE III. 5. Participar nun discofórum.	5.1. Establece diferenzas entre a letra da canción «Celebra la vida» e o texto sobre a vida humana de YOUCAT.	CCL CAA CSC

UNIDADE 6: Xesucristo, moral e consumo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A persoa transformada polo encontro con Xesús.	BLOQUE III. 1. Recoñecer que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender o mundo, a realidade e as persoas.	1.1. Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo.	CCL CD CAA CSC
- Características, principios éticos e comportamentos morais da moral católica do consumo.	BLOQUE III. 2. Resumir a moral católica sobre o consumo.	2.1. Define qué é a moral católica do consumo.	CCL CAA
		2.2. Enumera comportamentos e valores que son necesarios para solucionar algún problema actual derivado do consumismo inmoral, insolidario e anticristián.	CSC
- O relato bíblico «A multiplicación dos pans e dos peixes».	BLOQUE III. 3. Expresar as principais claves e ensinanzas para interpretar adecuadamente o relato bíblico «A multiplicación dos pans e dos peixes».	3.1. Resume o relato bíblico «A multiplicación dos pans e dos peixes» e algunha das súas ensinanzas para solucionar as consecuencias do actual consumismo.	CCL CAA CSC
- As virtudes e os pecados capitais, e o sentimento de xenerosidade.	BLOQUE III. 4. Redactar unha crítica moral e cristiá aos antivalores que propón a publicidade enganosa.	4.1. Analiza e critica un anuncio publicitario desde a óptica dos pecados capitais e das súas respectivas virtudes.	CCL CAA CSC CSIEE
		4.2. Participa nun discofórum para desenvolver o sentimento de xenerosidade.	CCL CAA CSC CSIEE

- O valor da caridade.	BLOQUE III. 5. Recoñecer a caridade como a práctica de amar a Deus e aos demais como irmáns.	5.1. Dialoga nun debate sobre unha película seguindo unhas pautas dadas.	CCL CAA CSC CCEC

UNIDADE 7: Misión e organización da Igrexa

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A Igrexa, lugar de encontro con Cristo.	BLOQUE IV. 1. Tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro con Cristo e a pertenza á Igrexa.	1.1. Expón como o encontro con Xesús cambia a vida e converte as persoas en discípulos seus e membros da Igrexa.	CCL CAA CSC
- A organización da Igrexa católica e a súa tripla misión.	BLOQUE IV. 2. Expresar a tripla misión da Igrexa e as características da organización que ten actualmente a Igrexa católica.	2.1. Resume cal é a tripla misión da Igrexa.	CCL CD CAA CSC
		2.2. Redacta quen forma a Igrexa católica e cal é a súa organización actual.	CCL CD CAA CSC
- O relato bíblico «A primeira comunidade cristiá».	BLOQUE IV. 3. Resumir o relato bíblico e a súa ensinanza principal sobre «A primeira comunidade cristiá».	3.1. Le e sintetiza o relato bíblico «A primeira comunidade cristiá» e algunha das ensinanzas e dos valores que se poden extraer para mellorar a vida actual.	CCL CD CAA CSC
- A práctica da espiritualidade cristiá e o sentimento de colaboración.	BLOQUE IV. 4. Afirmar como o desenvolvemento da espiritualidade leva consigo o exercicio de colaborar na misión da Igrexa.	4.1. Participa en debates sobre «como practicar a espiritualidade», tema formulado nun cinefórum.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC
		4.2. Expresa o sentimento de colaboración por medio dun poema ou dunha oración.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC
- O valor da solidariedade.	BLOQUE IV. 5. Afondar no verdadeiro sentido da solidariedade.	5.1. Toma conciencia, de forma colaboradora, da importancia de ser solidario.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC

UNIDADE 8: Historia da Igrexa

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A dobre dimensión da Igrexa.	BLOQUE IV. 1. Expresar a dobre dimensión humana e divina da Igrexa.	1.1. Explica en que consiste a dobre dimensión humana e divina da Igrexa.	CCL CD CAA CSC

		1.2. Define os conceptos de concilio, herexía e cisma.	CCL CD CAA CSC
- Acontecementos e personaxes da historia da Igrexa na Idade Antiga e na Idade Moderna.	BLOQUE IV. 2. Enumerar os principais acontecementos, personaxes e ensinanzas da primeira metade da historia da Igrexa.	2.1. Resume dous importantes acontecementos, personaxes e ensinanzas da primeira metade da historia da Igrexa.	CCL CD CAA CSC
- O relato bíblico «Simón, o meigo».	BLOQUE IV. 3. Sintetizar a principal ensinanza moral e relixiosa do relato bíblico «Simón, o meigo».	3.1. Escribe o argumento e a principal ensinanza que se pode extraer do relato bíblico «Simón, o meigo».	CCL CD CAA CSC
		3.2. Investiga sobre os significados do termo «maxia».	CCL CD CAA CSC
- A interioridade e o sentimento de fe.	BLOQUE IV. 4. Reflexionar e experimentar a historia persoal desexada e as crenzas máis profundas.	4.1. Reflexiona sobre a historia persoal que desexaría vivir.	CCL CAA CSC CCEC
		4.2. Expresa as crenzas máis profundas que lle dan sentido á vida.	CCL CAA CSC CCEC
- O valor de cooperación.	BLOQUE IV. 5. Cooperar na preparación e no desenvolvemento dun concurso.	5.1. Participa nun concurso de forma cooperativa.	CCL CAA CSC CSIEE

UNIDADE 9: Fe, arte e cultura

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Relación entre a fe, a arte e a cultura.	BLOQUE IV. 1. Indicar as principais razóns polas cales as relixións son creadoras de arte e cultura.	1.1. Redacta unha síntese que relacione a fe coa arte e a cultura.	CCL CD CAA CCEC
- Achegas do cristianismo ao patrimonio artístico e cultural da humanidade.	BLOQUE IV. 2. Expresar as principais achegas da Igrexa católica ao patrimonio cultural e artístico da humanidade.	2.1. Escribe exemplos de achegas da Igrexa católica ao patrimonio cultural e artístico da humanidade.	CCL CD CAA CSC CCEC
- O relato bíblico «Salomón e o templo de Xerusalén».	BLOQUE IV. 3. Sintetizar o argumento, as claves de interpretación e as ensinanzas que se extraen do relato bíblico «Salomón e o templo de Xerusalén».	3.1. Enche a ficha do relato bíblico «Salomón e o templo de Xerusalén».	CCL CD CAA CSC

- Espiritualidade das peregrinacións e sentimento de piedade.	BLOQUE IV. 4. Tomar conciencia, desde a dimensión espiritual, das peregrinacións e da piedade cristiá.	4.1. Explica o sentido das peregrinacións cristiás.	CCL CD CAA CSC CCEC
		4.2. Interpreta unha obra de arte.	CCL CD CAA CSC CCEC
		5.1. Obtén información sobre a tolerancia.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Unidade 1
. Describe os camiños persoais e cristiáns que ensina a Igrexa para encontrarse con Deus.
- Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Historia de Sansón».

Unidade 2
- Resume o sentido da vida que dan as relixións monoteístas.
- Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Xesús e Zaqueo».
- Reflexiona e xerarquiza valores e antivalores.

Unidade 3
- Expresa en que consisten os sacramentos do Perdón e da Unción e as súas respectivas liturxias
- Resume o argumento e a principal ensinanza do relato bíblico «O pecado orixinal».
- Contempla e expresa o que lle transmite unha obra de arte.

Unidade 4.
- Sintetiza que é o sacramento da Orde e os seus principais ritos e símbolos.
- Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Conversión e vocación de San Paulo».
-

Unidade 5.
- Cita principios e exemplos de comportamentos cristiáns a favor da vida humana.
- Resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Caín e Abel».

Unidade 6.
- Enumera comportamentos e valores que son necesarios para solucionar algún problema actual derivado do consumismo inmoral, insolidario e anticristián.
- Resume o relato bíblico «A multiplicación dos pans e dos peixes» e algunha das súas ensinanzas para solucionar as consecuencias do actual consumismo.

Unidade 7
- Resume cal é a tripla misión da Igrexa.
- Le e sintetiza o relato bíblico «A primeira comunidade cristiá» e algunha das ensinanzas e dos valores que se poden extraer para mellorar a vida actual.
- Toma conciencia, de forma colaboradora, da importancia de ser solidario

Unidade 8
- Explica en que consiste a dobre dimensión humana e divina da Igrexa

- Define os conceptos de concilio, herexía e cisma.
- Resume dous importantes acontecementos, personaxes e ensinanzas da primeira metade da historia da Igrexa.

Unidade 9.
- Redacta unha síntese que relacione a fe coa arte e a cultura.
- Explica o sentido das peregrinacións cristiás
- Interpreta unha obra de arte.

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
UNIDADES 1-2 .BLOQUE 1. UNIDADE 3. BLOQUE 2.	UNIDADES 4-5-6. BLOQUE 3	UNIDADES 7-8-9. BLOQUE 4

Sendo realistas na práctica reducíanse a 10 sesións trimestrais máis ou menos por diferentes motivos (festivos, climatoloxía adversa, actividades complementarias e extraescolares, etc.).Esta previsión de tempo para poder impartir as U.D. é moi escaso debido ao reducido número de sesións para abordar a materia, podendo haber unha diferenza entre o número de sesións que propoñemos para cada U.D. e o resultado final. Esta distribución final podería ser modificada atendendo aos intereses, nivel, estado anímico , comprensión, etc., do alumnado (isto sempre quedaría reflectido no libro de actas do departamento)

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA: PRESENCIAL, SEMIPRESIDENCIAL E TELEMÁTICA.

(VER EN ANEXOS)

A metodoloxía didáctica da materia de relixión será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Ten unhas características propias que a identifican escolarmente. Estas características son:

a) Exposición do núcleo esencial da mensaxe cristián desde a fe da Igrexa católica.

b) Diálogo aberto e respectuoso cos outros campos do saber, que axude ao alumno/a a atinxir unha síntese entre a fe e a cultura.

c) Apertura do alumno/a á transcendencia, ofrecéndolle unha xerarquía de valores e actitudes e un sentido da vida.

d) Un ensino relacionado coas demais áreas de aprendizaxe e que coopera na consecución máis plena posíbel dos obxectivos xerais da etapa educativa.

Consideramos importante tamén a necesidade de coñecer ben as características psicolóxicas dos alumnos de Educación Secundaria. O área de relixión debe ter moi en conta as características psicolóxicas destas idades e os trocos que afectan á súa visión do mundo relixioso. A preadolescencia e a adolescencia son momentos de inquedanza ante o sentido da vida.

Se na etapa infantil o neno se abría ao mundo relixioso de maneira máis ben afectiva, agora comeza a facelo de forma máis racional. É tamén unha etapa de crise na conduta relixiosa, xa que o adolescente tende a romper co seu pasado infantil e a rexeitar toda autoridade que entenda como algo imposto, sen a aceptación que se deriva do prestixio recoñecido e admitido por el.

Con 12-14 anos, os alumnos/as tenden a identificarse con algúns modelos que suscitan a súa admiración. Os grandes personaxes bíblicos encarnan, sobre todo o mesmo Xesucristo, as normas, valores e actitudes básicas do ser humano.

Con 14-16 anos medra a capacidade racionalizadora do adolescente. Nesta situación é posíbel que xurdan dúbidas de fe. Por unha parte, hai que ter moi en conta os seus centros de interese, e por outra, presentar os contidos con maior rigor científico, dando unha resposta ben fundamentada ás súas dúbidas e inquedanzas.

Todo o dito suxire a necesidade de adecuar as estratexias metodolóxicas ás características destas idades, xa que dun bo uso delas depende en grande medida a adecuación, aceptación e asimilación das contidos da mensaxe cristián que desexamos transmitir.

Os principais criterios metodolóxicos que seguimos son os seguintes:

a) Partir da experiencia do alumno/a. O alumno/a posúe un conxunto de experiencias e de ideas sobre a realidade que lle rodea que deben ser empregadas como punto de partido para os seus novas aprendizaxes e coñecementos. Axudaráselle a reflexionar sobre diversas situacións de índole persoal, familiar e social, de modo que esas experiencias sirvan de punto de partida para atinxir unha mellor comprensión da boa noticia de Xesús.

O conectar coa experiencia do alumno aumentará interese e motivación, o cal é de grande importancia nos anos da Educación Secundaria. Ademais, iso facilitará o carácter significativo dos aprendizaxes.

b) Conceder unha particular importancia á actividade persoal do alumno/a, suscitando e favorecendo o exercicio das súas facultades e das súas capacidades, o que contribúe a un aprendizaxe máis significativo e, á vez, máis dinámico.

Por outra parte, o feito de que se potencie o traballo persoal non significa que se reste importancia ao traballo en grupo, o cal, utilizado , favorece o desenvolvemento da dimensión social do alumno. O traballo en pequeno ou grande grupo ofrece amplas posibilidades de participación efectiva de todos, e favorece o troco de ideas, a motivación e o que uns aprendan de outros. En ocasións, os grupos organizaranse como equipas estábeis; outras veces, improvisaranse sobre a marcha traballos por parellas ou usando calquera outro sistema de agrupación sinxela e funcional.

c) Atender ao feito de que os alumnos/as son diferentes entre si. No proceso educativo deberase procurar que cada alumno/a atinxa o seu máximo desenvolvemento persoal e exercite realmente as súas capacidades, adaptando os ensinos e as actividades ás posibilidades, necesidades e intereses de cada un. É indubidábel que o traballo individual, ben programado, facilita considerabelmente que cada alumno/a desenvolva mellor as súas capacidades e siga o ritmo de aprendizaxe que mellor se adecúe ás súas circunstancias persoais.

d) Aplicar estratexias de indagación: A súa característica principal consiste en servir de estímulo ao alumno/a para realizar unhas actividades de procura que poden ser moi variadas: localizar textos da Biblia, buscar unha determinada información nun libro ou páxina web, facer unha enquisa ou aplicar un cuestionario, etc.

e) Fomentar a creatividade e a expresión persoal do alumno/a. A formación relixiosa non só debe ofrecer un coñecemento rigoroso da mensaxe cristián, senón que tamén ha de servir de axuda aos alumnos/as para a elaboración de xuízos persoais e para expresar de modo persoal e libre a súa visión cristiá da vida.

f) Empregar diversas técnicas de ensino (pluralismo metodolóxico). Unhas veces será unha breve explicación ; outras, o diálogo e a reflexión a partir da lectura dun texto. A observación dunhas ilustracións significativas; a valoración crítica de determinados feitos con dimensión ética; o xuízo crítico sobre determinadas informacións dos medios de comunicación; un exercicio de expresión verbal; a procura dunhas pasaxes do Evanxeo; un debate ou unha mesa redonda; etc. Son tamén imprescindíbeis os recursos de carácter audiovisual: vídeo-forum, cine, cómic, etc.

g) Importancia da linguaxe e do vocabulario relixioso básico. Interesa que en cada un dos ciclos o alumno aprenda o significado dunha serie de termos que forman a base da aprendizaxe significativo. Eses termos deben estar coidadosamente seleccionados e serán obxecto de "consideración e estudo" a través de diversas actividades (comprensión lectora, definición de conceptos, etc.).

h) Dar importancia á memoria. Se cadra nas últimas décadas foise minusvalorado nalgúns ambientes. Non obstante, tal como aprende Xoán Paulo II, "unha certa memorización das palabras de Xesús, de pasaxes bíblicos importantes, dos dez mandamentos, …, é unha verdadeira necesidade.
É evidente que a memoria xoga un papel importante na Educación Secundaria para a adquisición e fíxase de conceptos da mensaxe cristián.
Estabelecer as bases para un diálogo coa realidade cultural nunha duplo dimensión: En primeiro lugar, dándolles a coñecer a influencia mutua entre o feito relixioso e a cultura occidental; e despois, axudándolles a xulgar e a valorar os feitos culturais (ideas, actitudes, comportamentos, etc.) á luz da fe.
Neste sentido, é importante destacar a importancia da interdisciplinariedade, relacionando os coñecementos que van adquirindo nas clases de relixión cos que adquiren en outras áreas curriculares…

i) Impartir a clase de relixión católica nun clima que facilite a liberdade do alumnado.
E isto, non só por respecto a un posíbel pluralismo relixioso dos alumnos/as, senón por imperativo evanxélico: o coñecemento da fe ofrécese, non se impón. No diálogo educativo cos alumnos/as, o profesor de relixión ten ocasión de dar testemuño de que na fe cristiá atopou a resposta ás súas preguntas, aos grandes interrogantes existenciais.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de Texto.
Biblia , Biblia on line, dicionarios.
Caderno de traballo.
Vocabulario básico.
Documentos de Vaticano II.
Vídeos, páxinas web, artigos periodísticos
Recursos on line (www.anayadigital.com)
Libros de lectura recomendados polo departamento.

8. AVALIACIÓN. CRITERIOS E FERRAMENTAS SOBRE A AVALIACIÓN (PRESENCIAL E NON PRESENCIAL), CUALIFICACIÓNS E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PLAN DE REFORZO.

(Ver en ANEXOS)

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

Será unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que aplicarase sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa ou procesual e avaliación final ou sumativa, e que capacitará ao alumnado para avaliar a aprendizaxe alcanzada e valorar o seu proxecto persoal de vida.

Realizaremos actividades de avaliación que sexan educadoras, autoactivas, de autoaprendizaxe e de heteroavaliación e autoavaliación. Unha avaliación que serva para medir e comparar os resultados obtidos cós obxectivos propostos, así como para sintetizar «o rigor científico-estatístico» da Avaliación cuantitativa con «o persoal e imprevisible» da avaliación cualitativa. E todo elo, dende criterios que midan e avalíen o desenvolvemento das competencias, os seus descriptores e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Utilizaremos variadas técnicas e instrumentos de avaliación dos diferentes modelos de ensinanza..

Ofreceremos actividades en clave de TIC.

A avaliación inicial ou diagnóstica presentase e realiza no libro do alumnado, concretamente na dobre páxina de presentación e na dobre páxina de" Experiencias humanas e cristiáns".

A avaliación formativa ou orientadora desenvolvese no libro do alumnado nos apartados de Experiencias humanas e cristiáns, «os contidos», «a Biblia», as fichas do Obradoiro de intelixencias múltiples e os súas correspondentes actividades e recursos didácticos: lecturas e comentarios dos relatos, exercicios de comprensión lectora, actividades de aplicación persoal e social, traballos de investigación, etc. E, na web do alumnado, realizarase por medio dun exercicio interactivo que propón cada unidade.

Estes apartados e recursos pretenden acadar os obxectivos e desenvolver as competencias da unidade, ao mesmo tempo serven de orientación sobre os avances e os retrocesos no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación final ou sumativa concretase no libro do alumnado no apartado «Aprendín", que contén actividades para resumir, avaliar e reforzar os contidos da unidade. E, na web do alumnado, ofrecese unha proba obxectiva de avaliación.

Estes apartados e recursos teñen por obxectivo comprobar o grao de aprendizaxe final acadado sobre o tema por cada alumno ou alumna, e a aplicación práctica, cultural e existencial que extrae do tema para a súa vida persoal, social e relixiosa.

Aplicaranse sucesivamente tres tipos de avaliación:
Atendendo ao momento en que se realizará a avaliación, o seguimento ao alumno farase en tres fases:

a) Unha avaliación inicial ou diagnóstica para coñecer o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa bagaxe previa de coñecementos. Isto serviranos para adaptar a nosa actuación educativa ás características e posibilidades reais de cada un do noso alumnado. Realizarase ao inicio de cada UD, cunha función formativa e de diagnose da realidade da que parten os rapaces (test autoavaliativos, choiva de ideas, etc.)

b) Unha avaliación Procesual. Feita ao longo do curso co fin de detectar dificultades ou desaxustes na aprendizaxe e tomar medidas para corrixilos. Realizarase a través de actividades habituais de ensinanza (observación na aula, traballos dos alumnos, etc.)

c) Unha avaliación final, ao termo do proceso, para constatar se se conseguiron as intencións do programa de ensino e aprendizaxe. Realizarase cunha función sumativa complementaria da formativa e de diagnose, para comprobar o grao de adquisición das competencias básicas. Non se valoran só os resultados senón a valía do proceso.
Os criterios de avaliación deben estar en lóxica correspondencia cos obxectivos e as competencias. Fomentaremos sempre a consecución da competencia dixital, animando ao

alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico; e utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.

É importante insistir en que a fe do alumno (téñaa ou non), non é o obxectivo da avaliación, e esta deberá respectar a intimidade da conciencia persoal de cada un, o que obriga ao profesor de relixión a avaliar tan só as competencias básicas que se propoñen na materia dende esta programación

8.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN cualificación e promoción.

Os criterios de avaliación terán como referencia a consecución das competencias básicas. Aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao finalizar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro acadado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración axeitada da dedicación, o esforzo e o rendemento de todos os estudantes.

8.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Farase unha avaliación continua a través das "auto avaliacións" correspondentes a cada unidade. Así mesmo cada 3 unidades realizarán unha proba obxectiva de avaliación e o baremo de puntuación será o seguinte :
Cada resposta correcta equivale a un punto ou dous, dependendo de se son dez ou cinco as preguntas que se fagan. O resultado de ditas probas fará media coas puntuacións obtidas cós procedementos e valores do alumno ao longo do trimestre. Sendo necesario obter unha nota de 5 para superalo. Ver en anexos as rúbricas do exame, así como as rúbricas da presentación do traballo escrito ou as da exposición do traballo oral.

Observarase tamén:

1.- O bo estado do material de traballo ou a boa presentación e elaboración esmerada das tarefas telemáticas.
2.- O Caderno (presentación esmerada, actividades ben feitas).
3.- O interese e laboriosidade no aula.
4.- As preguntas orais que se fagan na clase, por correo electrónico ou outro medio virtual se o ensino é non presencial.
5.- Probas de avaliación tipo test.
6.- Probas de avaliación ao finalizar a unidade didáctica.
7.- Probas de avaliación trimestrais. A realización de **probas escritas** (se se considerasen oportunas), ou **traballos obrigatorios**, (individuais ou en equipo). Tamén é destacable a observación directa na clase.
8.- Traballos sobre folletos, libros, vídeos, etc.
9.- Concursos.
10.- A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

8.3.CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CALIFICACIÓN
Avaliación do traballo competencial	

Probas de avaliación escritas ou orais	
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Valores (Adquisición dos valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo dese xeito un espírito crítico e solidario)	
Calificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAJE EN LA NOTA FINAL
1.ª evaluación	
2.ª evaluación	
3.ª evaluación	
Calificación total	

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A suma dos resultados obtidos nas puntuacións dos contidos que contribúen a adquisición dos obxectivos e a acadar as competencias, dividirase entre tres.

conxunto de coñecementos. 50%
conxunto de habilidades e destrezas: 25%
valores: 25%.

Recordamos de novo que o Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%
Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

O alumnado que non promocione en Xuño, terá unha proba extraordinaria en Setembro.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. (Ver tamén en Anexos a enquisa da avaliación da profesora)

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.				
Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.				
Presento os contidos dando unha visión xeral do tema				
Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..				
Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.				
Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación				
Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais				
Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: Fágoos a sorteo. Fago os grupos por niveis. Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis				
Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2				
Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora				
Emprego medios técnicos audiovisuais.				
Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos…) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				
Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
Reviso e corrixo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.				
Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.				
No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.				
Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				

Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: Promoción do alumnado. Adopción de medidas de atención á diversidade. Elaboración do Consello orientador.				
Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación				
Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.				
Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado				
O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan				
O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.				
Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. Listas de control. Escalas de valoración. Anecdotario. Diarios de clase.				
Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: Coherentes cos estándares de aprendizaxe . Adaptados a diversidade dos alumnos. Diferentes según os contidos tratados				
Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación				
Emprego a autoavaliación do alumnado				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN . A principios de curso o departamento celebrará unha xuntanza cos alumnos que teñan a materia de relixión pendente, atendendo as posíbeis suxestións que o alumnado faga e axustando os horarios da profesora cós dos alumnos para a organización das actividades de seguimento.

O alumando coa materia pendente terá recuperacións cada trimestre e non cadrarán as datas cos exames ordinarios. As unidades serán as mesmas que nos exames ordinarios.

Disporán dun seguimento ao longo do curso, ben de forma directa no centro nas horas que previamente dispoñamos ou ben a través de correo electrónico onde se atenderán as súas dúbidas.

Se o alumno non acadara aprobar en Xuño, poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, a profesora de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumnado. A profesora poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar as competencias.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO.

Este apartado non é requirido para a materia de Relixión. Pero no Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

1. Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.
2. Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.
3. Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

12. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Esta avaliación inicial na materia de Relixión farase a nivel de clase ao comezo de curso, preferentemente na segunda quincena de Setembro, xa que se debe coñecer aos alumno/as cos que se vai a traballar. Para iso contamos coas seguintes ferramentas:
Probas iniciais, tendo en contas cales son os coñecementos previos dos/as alumno/as.
Observación na aula.
Información doutros profesores, expediente académico etc.
Cuestionarios.
Listas de control, etc.

MODELO DE REXISTRO DUN INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

INFORME AVALIACIÓN INICIAL			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Dificultades na materia de Relixión: Falta de capacidade. Falta de base académica. Problema de comprensión. Problema de expresión. Faltas de ortografía.			
Actitude cara a materia de Relixión: Traballo. Atención. Interese. Participación. Respecto.			

Medidas propostas como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial: Reforzo educativo na aula. Control do traballo na aula. Fomentar a autoestima. Integración no grupo. Control de absentismo. Outras medidas a adoptar.	

MODELO DE GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Información do titor/a sobre: Información relevante dos informes individualizados. Repetidores/as. Ambiente sociocultural e familiar. Outras informacións relevantes. Problemas do grupo.			
Intercambio de información entre o profesorado: Primeiras impresións. Resultados da avaliación inicial nas diferentes materias. Detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe.			
Toma de decisións: Actividades de reforzo ou adaptación curricular, ampliación ou recuperación. Exencións da 2ª lingua estranxeira (francés 1º e 2º de ESO). Axuste das programacións. Outras medidas en relación coa convivencia, comportamento, asistencia…			
Decisións e acordos sobre o proceso de avaliación inicial:			

13. MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE

A actuación educativa versará sobre dous aspectos: as aprendizaxes terán que ser significativas, pero tamén terán que satisfacer os futuros intereses.

Tratando de atender a todo o alumnado e respectando as súas peculiaridades persoais, ademais da variedade e heteroxeneidade das motivacións e intereses que presente o alumnado, pois aumenta progresivamente dende o comezo da ESO.

Esta diversidade maniféstase en diversos ámbitos, todos eles interrelacionados, como son :
A Capacidade para aprender, concibida como un desexo por conseguir certos aprendizaxes.
A motivación por aprender. Os factores ou condicionamentos dos que depende a motivación son moi variados: por un lado, o historial de fracasos ou éxitos que haxa tido o alumno/a; por outro, a significación e funcionalidade das aprendizaxes realizadas. Por iso tratarase de realizar unha aprendizaxe significativa, que teña sentido para o alumnado, e terase en conta a súa

funcionalidade, e dicir que teña un valor práctico e poida ser transferible a outras situacións e lles serva de base a novas aprendizaxes.

Os intereses persoais , pois son un factor condicionante da motivación por aprender, (o feito de que esta materia sexa optativa, axuda bastante neste punto)

Os estilos de aprendizaxe.
Terase en conta que o alumnado pode mostrar diferenzas respecto a:
Tipos de pensamento (reflexivo, (tomase tempo para analizar a tarefa) o impulsivo. Analítico, (abordase a tarefa dende unha perspectiva máis ampla ou global para logo ter en conta os detalles), ou sintético, (do particular ao global)…
Modalidade sensorial preferente Alumnos que utilizan máis a auditiva, ou a visual…
Nivel de atención á tarefa.
Tipo de reforzo.
Preferencias de agrupamento Hai alumnado que traballa mellor so, outros prefiren en pequenos grupos…
Por iso ao longo do curso faranse traballos tanto individuais coma en grupos, e variará o número de compoñentes dependendo da tarefa. (exposición de traballos por grupos, concursos, etc)

Faranse por tanto grupos flexibles, e os seus compoñentes poden variar en función dos obxectivos que se pretenden, así un alumno pode pertencer a un grupo nunha determinada actividade e deixalo para integrarse nun novo grupo onde realizará outras actividades. Creándose grupos distintos, sempre estruturados e todos os implicados terán que coñecer os obxectivos que se pretenden con ese agrupamento. Intentase facilitar deste xeito ao alumnado a consecución dos obxectivos que se pretende ao mesmo tempo que trata de respectar as súas características.

As dificultades de certos alumnos/as que poden presentar necesidades educativas especiais permanentes, presentando dificultades que poden ser moi variadas: de carácter psicomotor, de orixe sensorial, de carácter intelectual, de retraso no desenvolvemento, na maduración, etc. Terase en conta a dificultade que presente, así como o asesoramento da orientadora, para paliar na medida do posible a súa dificultade.

ACTIVIDADES DE REFORZO.

As actividades van a variar dependendo de si o alumnado presenta necesidades educativas especiais permanentes , de tipo puntual ou temporal, por estar atravesando unha situación problemática, etc. De todos os xeitos o alumnado necesitará unha axuda especial que lle dea unha resposta ás súas necesidades educativas.

O reforzo poderá ser tanto durante, paralela, ou posteriormente a clase “ordinaria”, e dicir faranse actividades educativas que proporcionen respostas a unha situación de dificultade, atraso, atasco ou retroceso escolar dun alumno respecto á marcha do seu grupo-clase , para deste xeito eliminar ou diminuír a incidencia desas carencias ou dificultades.

Dependendo da súa necesidade os alumnos-as que o precisen, realizarán o mesmo traballo cos seus compañeiros pero eliminaranse contidos adecuados a unha necesidade específica.

En termos xerais tratarase de reforzar as técnicas instrumentais (linguaxe oral, lectura, escritura, razoamento), os hábitos de traballo (especialmente na ESO), as técnicas de traballo, e os coñecementos propios da área de relixión.

Faranse por tanto grupos flexibles e traballarase o mesmo tempo un ensino individualizado no cal se teña moi presente o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e a súa capacidade de desenvolvemento.
Reparto equilibrado dos contidos. Distribución dos contidos por trimestres.
Repaso cíclico dos contidos.
Avaliación continua de xeito que se podan repasar e fixar contidos máis facilmente.

Actividades de repaso ao final de cada tema, elaboración de traballos complementarios,…
Traballar cun método individualizado e tendo en conta o punto de partida de cada alumno/a, a súas dificultades específicas e a súa evolución. Algúns poden levar traballo para facer na casa se o seu ritmo de traballo na aula é máis lento co dos seus compañeiros-as.
Emprego da aprendizaxe cooperativa como método de axuda entre iguais.
Propiciar un ambiente de socialización que faga evidente a función comunicativa, cooperación e corrección colectiva, traballos en grupo e posta en común, etc.
Propor actividades de investigación que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o seu ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
Utilización dunha linguaxe directa e clara na exposición dos contidos, evitando todo tecnicismo innecesario.
Emprego de cadros-resumo coas ideas fundamentais, para unha maior facilidade de memorización.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Cando por mor das necesidades educativas específicas do alumnado, sexa necesario facer unha adaptación curricular, farase de acordo as necesidades que presente o alumno-a, asumindo a diversidade coma un reto ao que dar resposta nun marco integrador, e dicir coma unha estratexia de adecuación curricular ou un procedemento que posibilita adaptar o currículo ás características propias do alumnado que o precisa.

En definitiva partirase da avaliación psicopedagóxica realizada onde se determine o nivel de competencia curricular do alumno-a, pois iso servirá como punto de partida básico para la elaboración da proposta curricular alternativa e coa axuda do psicopedagogo do centro elaborarase a proposta curricular que se corresponda coas necesidades educativas que o alumno-a presente, sempre optado por aquelas medidas de adecuación que manifesten un maior potencial normalizador.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Ademais da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional, traballaranse dun xeito especial os seguintes valores en cada unidade.

Unidade 1	Educación moral e cívica. Solidariedade. Voluntariado Sobre o valor da fe en Deus. (Película “A vida de Pi”)
Unidade 2	Educación para a interculturalidade. Cada relixión ensina valores e comportamentos que dan sentido a vida de quen a practica. (xudía, cristián, musulmán). Educación para a convivencia: respectar e comprender ás persoas que practican outras relixións. Valores que dan sentido á vida. Ante a diversidade de valores, cada persoa elixe e xerarquiza o seus valores ou antivalores. **Educación para a igualdade dos sexos**: o Bautismo confirma a igualdade radical ante Deus do home e da muller.
Unidade 3	O valor de perdoar. Educación para a paz: Importancia do perdón para a paz e a convivencia.

Unidade 4	O valor do servizo. O valor do servizo é a actitude e o comportamento de facer, de forma desinteresada, tarefas e favores polos demais. Educación para a paz: todas as benaventuranzas, e unha delas en particular, levan aos cristiáns a ser sementeiros da paz no mundo. Os valores das Benaventuranzas.
Unidade 5	Dereitos Humanos. O dereito á vida. Todos temos dereito á vida e a integridade física e moral, sen que en ningún caso, poidamos ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Dereitos Constitucionais. Art.15 Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.
Unidade 6	Educación para o consumo. O cristián, como todo bo cidadán, debe cumprir as leis civís do consumo ecolóxico, que respectan a natureza, e de consumo xusto, que promoven a solidariedade cós pobres. Solidariedade e consumo.
Unidade 7	O valor da fraternidade: consiste no sentimento e o comportamento de amor con todas as persoas como se fósemos irmáns O Valor da solidariedade: consiste no feito de compartir coas persoas que sofren miserias coma a fame, paro, guerra, abandono, etc.., e axudalas.
Unidade 8	O valor de cooperar co grupo.
Unidade 9	Patrimonio da Humanidade: as relixións crearon a maior parte do patrimonio da humanidade, debemos conservalo e defendelo. Educación Ambiental: debemos sentir aprecio polos lugares que forman parte do noso patrimonio cultural e relixioso. Respectar e coidar o patrimonio artístico, cultural e relixioso. O valor da tolerancia: consiste en respectar e aprender das diferentes crenzas, valores e comportamentos. Ser tolerantes non significa renunciar á propia fe e valores. Hoxe é necesario practicar a tolerancia para evitas as actuais discriminacións, guerras e fanatismos.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROOXECTO LECTOR

O departamento de relixión ten previsto seguir colaborando en todas as actividades que programa a Biblioteca para o curso.
Así mesmo a profesora de relixión forma parte do grupo de traballo da biblioteca A3P que dedican parte do seu horario a facer gardas de Biblioteca, actividades de préstamo de libros (proxecto MEIGA), e o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Participamos tamén dedicando un tempo á lectura na aula seguindo o calendario marcado pola biblioteca.

O Departamento de Relixión propón e aconsella algunhas lecturas que considero bastante axeitadas para o noso alumnado, e poden dispoñer delas na Biblioteca do centro

- "El hombre en busca de sentido". Victor Frankl.
- "Dios existe yo me lo encontré". Andre Frossard.
- "Si lo dicta el corazón". María Menéndez.
- "Vida después de la vida" Raymon A. Moody
- "El regreso del hijo pródigo" (meditaciones ante un cuadro de Rembrandt).Henri J.M. Nouwen
- La Biblia Manga. Siku

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización en todos os ámbitos: educativos, familiares ou de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a súa escolarización obrigatoria, alcanzara unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada; todo isto tendo en conta a situación xeográfica, social e persoal do alumnado, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles no centro.

Dende o departamento de relixión tense previsto neste curso:
Un maior uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.
Lograr que os nosos alumnos coñezan a páxina Web do centro e a utilicen como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa. Fomentar dita páxina web onde o departamento ten unha serie de páxinas para que o alumnado poida visitar, e onde se recollen tamén os criterios de avaliación deste departamento.
Animar ao alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico, que presente ditos traballos, voluntarios ou obrigatorios, nos formatos Word, Powerpoint ou Prezi, e que utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.
Contribuír a que os nosos alumnos aprendan a utilizar correctamente Internet así como o teléfono móbil, pois é un potente aparello tecnolóxico amplamente difundido entre a comunidade educativa que, ben utilizado, nos ofrece unha oportunidade de mellora da actividade escolar, pero consideramos moi importante que o alumnado debe respectar as normas do Centro referente a súa utilización reflectidas nas NOFC.
Impulsar a comunicación dos nosos alumnos con outros alumnos de Relixión doutros centros.
Dar a coñecer e invitalos a utilizar páxinas Web relacionadas coa materia.

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVICENCIA

O Departamento de Relixión contribúe ao Plan de Convivencia de centro:

- Educando ao alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Respectando a liberdade de conciencia e convicción relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- Cumprindo e facendo cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito da súa competencia.
- Fomentando un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Mantendo a orde e velando polo axeitado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.

- Informando as familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.

- Controlando as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informando aos titores, segundo o procedemento establecido.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

A realización destas actividades está condicionada ao protocolo que se estableza no centro e se determine no Plan de adaptación a situación COVID-19 no actual curso.

Para este curso:

- Non imos expor o Belén como tódolos anos por razóns obvias de problemas de espazo por mor das adaptacións no centro ás medidas de prevención e protección fronte ao COVID e porque a montaxe non é viable dadas as circunstancias pois, hai que evitar formación de grupos, evitar que o alumnado estea encarado, gardar distancias, non compartir material, etc. Será un reto imaxinativo para o alumnado e para min idear solucións alternativas como visionar imaxes dos realizados outros anos ou proxectar outros que fixeran eles nas súas casas, etc.

- Pretendese seguir coa actividade de S. Valentín na que os alumnos poderán manifestar tenrura, amizade, admiración, sentimentos positivos, etc. Unha educación na tenrura para combater a violencia.

- Colaborar coa Biblioteca A3P na celebración do día da Paz.

- Por medidas hixiénicas e por temor a contaxios, este curso suspéndese a actividade de recollida de tapóns, e retiramos as caixas e contedores do centro ata que esta situación volva a total normalidade. Seguiremos sensibilizando na solidariedade coas persoas necesitadas e no coidado do medio ambiente.

- Realizar un tramo do camiño de Santiago, esta actividade está prevista en colaboración co Departamento de Educación Física con alumando de 2º ESO. No primeiro trimestre, farán o tramo do camiño inglés que pasa por Cambre. Cabe destacar, que como no ano **2021** será o vindeiro **Ano Santo Compostelán**, o Departamento de Relixión propón dar a coñecer aos seus alumnos ao longo dos vindeiros cursos, máis información sobre este apaixonante tema, no que está imbuída non só a historia e cultura de Galicia, senón tamén de España e Europa.

- Invitar a unha ONG ao centro para concienciar ao alumnado en actividades de voluntariado e solidariedade.

- Visitar co alumnado de 1º de Bacharelato unha mostra de arquitectura relixiosa (catedral, igrexa, capela, etc) para que o alumando coñeza as expresións relixiosas da cultura e da arte, e faga unha pequena rota de peregrinaxe, esta actividade vai depender do número de alumnos que teñamos así como se podemos realizala xunto con outro departamento para completar as prazas do autobús e sempre que a situación COVID-19 mellore.
  .
- Gustaríame que o alumnado de relixión en bacharelato asistira as charlas do congreso "Lo que de verdad importa", pero esta actividade vai a depender totalmente de como evolucione a actual situación xa que recomendase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de realizala a organización tería que cumprir

estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforo que garantan a seguridade do alumnado ou ser online, de non ser así tamén se suspendería.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Neste apartado pretendemos promover unha reflexión como docentes e facer unha autoavaliación da realización e o desenvolvemento da nosa programación didáctica. Para elo, ao finalizar cada unidade didáctica farémonos unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras na seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación e irémola completando según as necesidades de avaliación e mellora. Estas necesitades de mellora quedarán reflectidas na nosa memoria de fin de curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A SALIENTAR…	A MELLORAR…	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descriptores e desempeños competenciáis			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

4º E.S.O

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A programación foi elaborada seguindo as pautas acordadas pola CCP para o actual curso, e considero necesario comenzar por salientar que a presenza do ensino relixioso na escola responde, en primeiro lugar, á importancia que esta asignatura ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e unha educación de calidade, si non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales atópase a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino da relixión católica no centro escolar axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal fora a súa manifestación concreta.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pola súa banda, a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante «o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas convicción» no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

A Igrexa, como se recolle no número 2 da Gravissimun Educationis, realizou continuos esforzos para favorecer que a formación relixiosa se imparta no ámbito escolar, como contribución decisiva á formación integral da persoa. Por ese motivo, a Santa Sé subscribiu un Acordo Internacional co Estado Español sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, onde se outorga a competencia para elaborar o currículo da asignatura de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica (art. 6).

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición.

Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, se promove o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos. Por iso, o contido do currículo parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

O desenvolvemento do currículo se estrutura en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faino nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélica,

centro do terceiro bloque do currículo e eixe vertebrador da asignatura. Para rematar, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar, que lonxe dunha finalidade catequética ou de adoutrinamento, o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá. Estes catro bloques que compón a asignatura de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta suscita. Por iso, os contidos xerais da asignatura contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística, que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Sen esquecer a singularidade que esta asignatura aporta á dimensión de escoita da comunicación.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, ao exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímaa adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescíndese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade no enriquecemento do noso patrimonio cultural.

A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

En canto aos contidos procedimentais, a asignatura de relixión católica forma de xeito transversal nunha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos procedimentais adquírense ao longo do desenvolvemento curricular, colaborando así na consecución das competencias asignadas aos currículos de ESO e Bacharelato. Concretamente os contidos procedimentais de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

CONTEXTUALIZACIÓN

O instituto onde imos a impartir esta materia e para o que programamos é o IES David Buján atópase no lugar de Sigrás, en Camiño dos Cacharros n.º 1, no concello de Cambre.

O Centro leva funcionando dende o curso 1990-1991. Consta dun edificio de dous pisos e unha zona exterior, na que hai un patio, unha pista polideportiva, un estacionamento, un pequeno recinto cuberto -onde se atopan os vestiarios- e unha zona de xogo.

O número de alumnas e alumnos do IES David Buján é aproximadamente de 400 e procede, na súa maioría, do propio concello, tras o seu paso polos colexios adscritos; aínda que tamén recibimos alumnado de concellos limítrofes como Carral, Culleredo, Oleiros e Mabegondo, sobre

todo no Bacharelato. Trátase dun estudantado bastante homoxéneo, de clase media na súa meirande parte, e os problemas de integración, absentismo escolar etc. son puntuais.

O IES David Buján oferta estudos de ESO e bacharelato. É un centro de liña dous na secundaria e liña tres en bacharelato.

Os departamentos didácticos ofertan un amplo abano de actividades complementarias e extraescolares e fomentan a participación do noso alumnado en distintas competicións e eventos.

MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.	
CURSOS E GRUPOS QUE DEPENDEN DO DEPARTAMENTO:	ESO 1º, 2º,3º,4º BAC 1º,2º
LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO. 1º ESO "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán) 2º ESO "RELIXIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Galego) 3º ESO "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán) 4º ESO "RELIXIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Galego) 1º BAC "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán) 2º BAC "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)	
PROFESORADO QUE FORMA PARTE DO DEPARTAMENTO: MARÍA-CARMEN FREIRE PINTOR.	
Asdo.	

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECION DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMA PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre dúas e cinco por competencia), grandes alicerces que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que devanditos indicadores divídanse, á súa vez, no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o grado competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, xa que logo, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materia e cursos da etapa.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

NA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

A área de Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento das competencias desde as súas finalidades educativas, obxectivos, contidos e actividades de aprendizaxe e avaliación.

No libro de texto do alumnado, desenvólvense as competencias nas actividades de ensino-aprendizaxe de cada unidade, e de forma máis específica, nas tres páxinas que comprenden o «Obradoiro de intelixencias múltiples». Estas páxinas están suscitadas como un taller educativo onde o alumnado, por medio da reflexión, a actividade e a aplicación, desenvolve as competencias. Especialmente, trabállanse as competencias desde a intelixencia espiritual, a intelixencia emocional e a educación en valores, así como as seguintes propostas do currículo de Relixión Católica (2015):

A competencia en comunicación lingüística.
As competencias sociais e cívicas.
A competencia cultural e artística.
A competencia para a autonomía e iniciativa persoal.
A competencia de aprender a aprender.
A competencia de conciencia e expresións culturais.

O Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%

Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. RELIXIÓN 4º ESO

RELIXIÓN 4º ESO

Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeneral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMT	CD	AA	CSC	SIEE	CEE
RE1.1.1	1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	B	X		X	X			
RE1.1.2	1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	B	X			X			X
RE1.2.1	2.1 Razoa por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	I	X			X			
RE1.2.2	2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	I	X				X	X	X
RE2.1.1	1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que encontra na historia de Israel.	B				X			X
RE2.1.2	1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.	B				X		X	
RE2.2.1	2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufridor e o Mesías político.	I	X						X
RE2.2.1	2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufridor como criterio de vida.	A				X	X		
RE3.1.1	1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.	B	X			X			
RE3.2.1	2.1 Le de xeito comprensivo un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	B	X				X		
RE3.2.2	2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	B	X				X	X	
RE4.1.1	1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	I	X			X		X	X
RE4.1.2	1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.	I				X	X	X	
RE4.1.3	1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que recoñece como máis humana.	A				X	X		X
RE4.2.1	2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade.	I	X			X	X		
RE4.2.2	2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	B				X	X		X
RE4.2.3	2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	B	X					X	X
RE4.3.1	3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais do seu ámbito que colaboran na construción da civilización do amor.	A		X			X	X	X

COMPETENCIAS CLAVE: CL: Competencia lingüística. **CMCT:** Competencia matemática ciencia e tecnoloxía. **CD**: Competencia dixital **AA:** Aprender a aprender. **CSC**: Competencia social e cívica. **SIEE** : Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CEC:** Conciencia e expresións culturais.

Código: B= Básico, necesario para aprobar. **I**= Intermedio, para nota correspondente a Notable. **A**= Avanzado, corresponde a Sobresaínte.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

UNIDADE 1: *RELIXIÓNS UNIVERSAIS*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os textos bíblicos e os contidos da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Relaciona os diversos contidos da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital.	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descobre as mensaxes e as ensinanzas dunha película.
Aprender a aprender.	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Intervén por medio do diálogo seguindo unhas pautas dadas.

Autonomía e iniciativa persoal.	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	- Desenvolve as súas actividades nos tempos previstos.
Cultural e artística.	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	- Manifesta interese pola cultura, a arte e a busca de sentido das diversas relixións.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a achega das relixións e do cristianismo na busca de sentido.
Competencia humanizadora e ético- moral.	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente relixiosos.
Competencia de sentido transcendente.	Comprender que o ser humano necesita dar un sentido á súa vida.	- Expón en que consiste o sentido da vida humana.

UNIDADE 2: *EXPERIENCIA RELIXIOSA E REVELACIÓN DE DEUS*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Presenta unha exposición sobre contidos e exprésaos oralmente.
Tratamento da información e competencia dixital.	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Dialoga sobre as aprendizaxes descubertas por medio das dinámicas de disco- fórum e cine- fórum.
Aprender a aprender.	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	- Valora a achega da unidade no seu progreso de aprendizaxe.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Participa na resolución de actividades e no desenvolvemento de diálogos e debates.
Autonomía e iniciativa persoal.	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos e valores aprendidos.

Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Descobre a experiencia relixiosa como a máis completa.
Competencia humanizadora e ético-moral.	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián.	- Expresa actitudes e valores que derivan do sentido relixioso do ser humano.
Competencia de sentido transcendente.	Comprender que a experiencia cristiá se caracteriza pola revelación amorosa de Deus.	- Expón as achegas da experiencia cristiá ao ser humano.

UNIDADE 3: *DEUS, HISTORIA E IGREXA*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Sintetiza os principais contidos da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital.	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descobre as mensaxes e ensinanzas de materiais audiovisuais.
Aprender a aprender.	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Investiga e completa esquemas sobre os contidos.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Interioriza valores como os do agradecemento, aproveitar o tempo e a fidelidade.
Autonomía e iniciativa persoal.	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.	- Emprende e executa as súas tarefas con sentido da responsabilidade.
Cultural e artística.	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Elabora creativamente unha tarxeta cun consello para empregar ben o tempo.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga sobre a historia da Igrexa.
Competencia humanizadora e ético- moral.	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como a fidelidade.

Competencia de sentido transcendente.	Valorar como Deus intervén na historia.	- Expresa que Deus se revela e realiza unha alianza co ser humano que cumpre ao longo da historia.

UNIDADE 4: *O MESÍAS E A MORAL DA VIDA PÚBLICA*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Emprega adecuadamente a linguaxe nas súas reflexións e redaccións.
Tratamento da información e competencia dixital.	Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Usa as tecnoloxías adecuadamente para o desenvolvemento das actividades que o requiren.
Aprender a aprender.	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.	- Reflexiona e actúa seguindo unhas pautas metodolóxicas.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Aprecia o valor do compromiso social.
Autonomía e iniciativa persoal.	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.	- Selecciona, describe, xulga e actúa ante un problema actual da sociedade e a política.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga sobre os conceptos relacionados co servo de Iavé e o mesianismo.
Competencia humanizadora e ético moral.	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns como o do compromiso social e político.
Competencia de sentido transcendente.	Valorar a revelación de Deus na historia.	- Expresa que Deus se revela e intervén na historia para ofrecer o seu amor e salvación.

UNIDADE 5: *XESUCRISTO, IGREXA E MISIÓN*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os contidos, textos, citas e o relato bíblico da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Expresa correctamente os contidos traballados na unidade.
Tratamento da información e competencia dixital.	Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Investiga sobre un tema empregando diversas fontes.
Aprender a aprender.	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	- Fai valoracións críticas e morais sobre a manipulación nos medios de comunicación social.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	- Experimenta o sentimento de entrega persoal.
Autonomía e iniciativa persoal.	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Participa no método de aprender a ver, xulgar e actuar cristiamente.
Cultural e artística.	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	- Dialoga sobre diversos aspectos relacionados coa arte presentes na unidade.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Investiga e descobre a relación entre Xesucristo, a súa misión e a Igrexa.
Competencia humanizadora e ético-moral.	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Aprecia o sentimento de entrega persoal e o valor da crítica moral.
Competencia de sentido transcendente.	Valorar os principais modelos de vida cristiá.	- Expresa compromisos concretos para actualizar a misión de Xesús.

UNIDADE 6: *XESUCRISTO, SACRAMENTOS E MATRIMONIO*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os textos e o relato bíblico da unidade.

	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa por medio do diálogo nas diversas propostas da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital.	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descobre as mensaxes e as ensinanzas dunha película.
Aprender a aprender.	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	- Reflexiona e interioriza valores relacionados coa convivencia da parella.
Autonomía e iniciativa persoal.	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	- Participa de forma responsable en dinámicas como o role-playing.
Cultural e artística.	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	- Mostra creatividade na confección dunha tarxeta de voda.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a achega dos sacramentos como medio de encontro con Xesucristo.
Competencia humanizadora e ético moral.	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns, en especial o de coherencia persoal.
Competencia de sentido transcendente.	Comprender o xeito cristián de ver a vida.	- Valora como o encontro con Cristo transforma a vida.

UNIDADE 7: *IGREXA, MORAL E SEXUALIDADE*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os relatos e o texto bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
Tratamento da información e competencia dixital.	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	- Descobre as mensaxes e as ensinanzas dunha película.
Aprender a aprender.	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	- Realiza un traballo colaborador e expón os resultados á clase.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.

	aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	
Social e cidadá.	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Dialoga e participa en debates para extraer conclusións sobre os temas analizados.
Autonomía e iniciativa persoal.	Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.	- Promove un clima de traballo eficaz nas dinámicas grupais.
Cultural e artística.	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	- Compón un poema.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Toma conciencia de que Cristo ilumina todas as dimensións do ser humano.
Competencia humanizadora e ético moral.	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
Competencia de sentido transcendente.	Recoñecer os fundamentos que xustifican a ensinanza moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo e cos outros.	- Valora o sentimento de namoramento e o sentido cristián do amor.

UNIDADE 8: *IGREXA, AUTORIDADE E VERDADE*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Participa en debates seguindo as pautas establecidas.
Tratamento da información e competencia dixital.	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	- Investiga en Internet para obter informacións.
Aprender a aprender.	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	- Realiza propostas de traballo seguindo unhas pautas dadas.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.	- Participa de forma cooperativa na preparación e desenvolvemento das propostas de grupo.
Autonomía e iniciativa persoal.	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Experimenta unha actitude positiva derivada da interiorización dos contidos aprendidos.

Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Valora a importancia e as achegas da Igrexa na historia.
Competencia humanizadora e ético moral.	Tomar conciencia de como a Igrexa está ao servizo da verdade do ser humano.	- Mostra interese pola verdade e defensa do ser humano.
Competencia de sentido transcendente.	Descubrir a autoridade da Igrexa unida á misión de Xesús e ao servizo da verdade.	- Expresa que a autoridade eclesial está ao servizo da verdade.

UNIDADE 9: *OS CRISTIÁNS E A CIVILIZACIÓN DO AMOR*

Competencia	Descritor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Escoita, le e comprende os contidos e o relato bíblico da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Expresa os seus sentimentos sobre o tema específico.
Tratamento da información e competencia dixital.	Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	- Investiga e presenta en formato dixital os contidos aprendidos.
Aprender a aprender.	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	- Responde con propios argumentos a diversas opinións sobre un tema dado.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	- Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
Social e cidadá.	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	- Participa activamente no traballo colaborador e grupal.
Autonomía e iniciativa persoal.	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	- Propón medidas concretas para cambiar o mundo.
Cultural e artística.	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Expresa a súa valoración sobre as achegas do cristianismo e da Igrexa católica ao servizo da civilización do amor.
Cultural e histórica.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	- Recoñece a importancia da misión da Igrexa.

Competencia humanizadora e ético moral.	Coñecer e apreciar os valores e virtudes xerados na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.	- Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades

b) Entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

c) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e coma medio de desenvolvemento persoal.

d) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

e) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquer tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

f) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que estruturase en distintas disciplinas, así como coñecer aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

h) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sé mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

i) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, si houbera, na lingua coofical da Comunidade Autónoma , textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

j) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

k) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos

sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

Educar a dimensión trascendente e relixiosa, partindo da experiencia humana e «dende» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e medioambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado dende unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida dende unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiáns.
4. Presentar a visión cristián da persoa e a historia dende a realidade cotián, dende o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristian-católico en diálogo cas testemuñas de persoas exemplares e os problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral dende a aplicación de testemuñas exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza-aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para dar un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiáns.
9. Educar na participación social e a práctica de compromisos solidarios que melloren o medioambiente, as relaciones interpersoais e vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior…
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiáns e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado dende a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.
13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, así ser máis feliz con uno mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica dende as TIC, a investigación, a aprendizaxe Cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

OBXECTIVOS XERAIS DO ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA PARA 4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA:

1. Identificar e comparar criticamente desde as competencias clave as características das relixións universais na historia e a vida cotiá.
2. Coñecer e valorar correctamente as características e achegas da experiencia relixiosa e a revelación de Deus á persoa e á sociedade actual.
3. Investigar e aplicar as ensinanzas e a relación entre Deus e a historia da Igrexa desde a Idade Moderna ata a Idade Contemporánea.
4. Fundamentar correctamente a relación existente entre Xesucristo, o Mesías, e a moral católica da vida pública no mundo contemporáneo.
5. Coñecer e valorar positivamente a relación existente entre Xesucristo, a Igrexa e a súa misión salvadora e humanizadora de felicidade para a persoa e a sociedade.
6. Comprender e aplicar as características do sacramento do Matrimonio en relación coa Igrexa, a vida persoal e a sociedade actual.

7. Expresar e explicar as características, achegas actuais, aplicacións e relacións existentes entre a fe cristiá e a moral cristiá da sexualidade.
8. Identificar e aplicar a situacións actuais as características da autoridade e a verdade na Biblia e na Igrexa.
9. Coñecer desde as competencias clave as achegas dos cristiáns para construír a civilización do amor no mundo actual, e tomar conciencia delas.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización de experiencias para o desenvolvemento da paz, a actitude relixiosa, o agradecemento, a práctica da fe cristiá, a comunicación con Xesús, a poesía amorosa, a afectividade, a verdade e a espiritualidade ecolóxica.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de busca de sentido, éxtase relixiosa, aproveitamento do tempo, entrega persoal, namoramento, sinceridade, eternidade e salvar o matrimonio.
12. Tomar conciencia da importancia de interiorizar e practicar os valores do diálogo, fidelidade, compromiso social, crítica moral, coherencia persoal e cristiá, amor, verdade, seguir un bo mestre e cambiar o mundo.

CONTIDOS.

CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC)

UNIDADE 1: *RELIXIÓNS UNIVERSAIS*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- O desexo de atoparse con Deus. - As relixións: busca do sentido da vida. - O relato bíblico «Rut, a estranxeira». - A espiritualidade da paz interior e o sentimento de busca de sentido. - O valor do diálogo.	BLOQUE I. 1. Resumir a vida e as ensinanzas de Buda.	1.1. Redacta datos sobre a vida e as ensinanzas de Buda.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE I. 2. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.	2.1. Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) das relixións monoteístas. 2.2. Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas sobre o sentido da vida.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE I. 3. Investigar os valores que se propoñen no relato bíblico «Rut, a estranxeira».	3.1. Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Rut, a estranxeira». 3.2. Describe valores necesarios para mellorar situacións conflitivas	CCL, CD, CAA, CSC, CEC

		actuais relacionadas coas relixións.	
	BLOQUE I. 4. Recapacitar sobre a paz nas relixións e a busca de sentido.	4.1. Recapacita e medita sobre a paz. 4.2. Participa en debates sobre a busca de sentido da vida.	CCL, CD, CAA, CSC, CEC
	BLOQUE I. 5. Reflexionar sobre o valor do diálogo.	5.1. Autoavalía a súa capacidade de diálogo.	CCL, CAA, CSC, CEC

UNIDADE 2: *EXPERIENCIA RELIXIOSA E REVELACIÓN DE DEUS*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Experiencia relixiosa e experiencia cristiá. - A experiencia cristiá, plenitude da revelación relixiosa. - O relato bíblico «Noé e o diluvio universal». - Actitude relixiosa e éxtase relixiosa. - O valor de seguir un bo mestre.	BLOQUE I. 1. Explicar en que consisten a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.	1.1. Define brevemente a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá. 1.2. Describe a experiencia relixiosa de Xesús.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE I. 2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á busca de sentido.	2.1. Razoa por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 2.2. Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 3. Enumerar os feitos e ensinanzas relixiosos do relato bíblico «Noé e o diluvio universal».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Noé e o diluvio universal». 3.2. Participa en debates sobre ensinanzas presentes no texto.	CCL, CD, CAA, CSC

	BLOQUE I. 4. 4. Descubrir a actual actitude relixiosa e experimentar o sentimento de éxtase relixiosa.	4.1. Analiza e reflexiona sobre a súa actitude relixiosa. 4.2. Participa nun disco-fórum sobre a contemplación.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 5. Identificar a Xesús de Nazaret como o mellor mestre para a vida.	5.1. Participa nun cine-fórum sobre o valor de seguir un bo mestre.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

UNIDADE 3: *DEUS, HISTORIA E IGREXA*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. - A dobre realidade da Igrexa na historia da Idade Moderna e da Idade Contemporánea. - O relato bíblico de «O profeta Xeremías». - O agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo. - O valor da fidelidade.	BLOQUE II. 1. 1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.	1.1. Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE II. 2. Expresar a dobre dimensión, humana e divina e de acertos e erros, que se dan na vida da persoa e na historia da Igrexa.	2.1. Resume en que consiste a dobre realidade da Igrexa na historia. 2.2. Extrae conclusións sobre a historia da Igrexa nos séculos XV a XXI.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 3. Indicar a principal ensinanza moral e relixioso do relato bíblico «O profeta Xeremías».	3.1. Expresa o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «O profeta Xeremías». 3.2. Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
	BLOQUE II. 4. Reflexionar e experimentar a espiritualidade de agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo.	4.1. Dialoga sobre a dimensión espiritual do agradecemento. 4.2. Reflexiona sobre o sentimento de aproveitar o tempo.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

	BLOQUE II. 5. Concienciarse sobre o valor da fidelidade.	5.1. Participa nun cine-fórum sobre a fidelidade.	CCL, CD, CAA, CSC

UNIDADE 4: *O MESÍAS E A MORAL DA VIDA PÚBLICA*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A figura mesiánica do Servo de Iavé. - Características da moral católica da vida pública. - O relato bíblico «A historia do rei Saúl». - A práctica da fe cristiá e o sentimento de sufrimento. - O valor do compromiso social.	BLOQUE II. 1. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufridor e o Mesías político.	1.1. Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufridor e do Mesías político. 1.2. Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufridor como criterio de vida.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE II. 2. Sintetizar as características da moral católica da vida pública.	2.1. Argumenta desde os principios da moral católica da vida pública.	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE II. 3. Describir as ensinanzas persoais e sociais que se poden extraer do relato bíblico «A historia do rei Saúl».	3.1. Resume e extrae unha ensinanza do relato bíblico «A historia do rei Saúl». 3.2. Expón as calidades dun bo gobernante segundo a Biblia.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE II. 4. Valorar a importancia de practicar a fe e o sentimento de sufrimento.	4.1. Reflexiona ante dilemas morais que formula a vida pública. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre o sentido do sufrimento.	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE II. 5. Estimar o valor do compromiso social.	5.1. Aplica o método ver-xulgar-actuar ante un problema actual da sociedade e a política.	CCL, CAA, CSC, CSIEE

UNIDADE 5: *XESUCRISTO, IGREXA E MISIÓN*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade. - Compromisos para actualizar a misión de Xesús. - O relato bíblico «Xesús chama os primeiros discípulos». - Comunicación con Xesús e sentimento de entrega persoal. - O valor da crítica moral.	BLOQUE III. 1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa.	1.1. Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.	CCL, CAA, CSC
	BLOQUE III. 2. Achar compromisos cristiáns para actualizar a misión de Xesús.	2.1. Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Coñecer e apreciar o convite de Xesús a colaborar na súa misión.	3.1. Resume e explica o argumento, as ensinanzas e a simboloxía da pesca milagrosa. 3.2. Le de xeito comprensivo un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 4. Constatar e expresar como a comunicación con Xesús xera o sentimento de entrega persoal.	4.1. Imaxina e expresa que lle comunicaría a Xesús. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre a entrega persoal.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 5. Aprender a ver, xulgar e actuar cristiamente.	5.1. Describe como ser críticos e evitar ser manipulados polos medios de comunicación social.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE

UNIDADE 6: *XESUCRISTO, SACRAMENTOS E MATRIMONIO*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Os sacramentos e a súa clasificación. - Características dos sacramentos da Igrexa católica e do sacramento do Matrimonio.	BLOQUE III. 1. Resumir as principais características dos sacramentos da Igrexa católica.	1.1. Clasifica e define os sacramentos da Igrexa católica.	CCL, CD, CAA, CSC

- O texto bíblico «Canto ao amor cristián». - Poesía amorosa da Biblia e o sentimento de salvar o matrimonio. - O valor da coherencia persoal e cristiá.	BLOQUE III. 2. Sintetizar o sacramento do Matrimonio e a súa liturxia.	2.1. Describe en que consiste o sacramento do Matrimonio e cal é a súa liturxia.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE III. 3. Enumerar as características máis orixinais do amor cristián segundo o texto bíblico do «Canto ao amor cristián».	3.1. Le o texto bíblico do «Canto ao amor cristián» e expresa en que consiste este amor.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 4. Expresar a espiritualidade amorosa e o sentimento de fortalecer o vínculo matrimonial.	4.1. Reflexiona e expresa creativamente a espiritualidade amorosa. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre como salvar un matrimonio.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE III. 5. Argumentar ante dilemas con coherencia persoal e cristiá.	5.1. Participa nun role-playing a partir dun dilema sobre o casamento.	CCL, CAA, CSC

UNIDADE 7: *IGREXA, MORAL E SEXUALIDADE*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. - Características, fundamentos, principios éticos e comportamentos da moral católica da sexualidade humana. - Os relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller».	BLOQUE IV. 1. Sintetizar os trazos fundamentais da sexualidade humana.	1.1. Expón o que é a sexualidade humana.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 2. Resumir as características máis importantes da moral católica da sexualidade humana.	2.1. Describe as características máis importantes da moral católica da sexualidade humana.	CCL, CD, CAA, CSC

- Afectividade e sentimento de namoramento. - O valor do amor.	BLOQUE IV. 3. Aplicar as claves para interpretar correctamente os dous relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller» e indicar as súas ensinanzas.	3.1. Expresa o significado dos relatos bíblicos de «A creación do home e a muller».	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 4. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.	4.1. Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. 4.2. Expresa o seu sentimento cara a Cristo por medio dunha poesía.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 5. Discernir o verdadeiro amor.	5.1. Resolve un dilema moral relacionado co verdadeiro amor.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

UNIDADE 8: *IGREXA, AUTORIDADE E VERDADE*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Autoridade positiva e autoritarismo. - A autoridade eclesial ao servizo da verdade. - O relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces». - A verdade do ser humano e o sentimento de sinceridade. - O valor da verdade.	BLOQUE IV. 1. Diferenciar entre autoridade positiva e autoritarismo.	1.1. Define e diferencia os termos autoridade legal e xusta, autoridade moral e autoritarismo. 1.2. Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade.	2.1. Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 2.2. Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 3. Expresar o argumento e a mensaxe relixiosa e moral do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces».	3.1. Sintetiza o argumento e a mensaxe relixiosa do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces».	CCL, CD, CAA, CSC

	BLOQUE IV. 4. Reflexionar sobre a defensa da verdade do ser humano e a sinceridade.	4.1. Enumera acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 4.2. Analiza o seu nivel persoal de sinceridade.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 5. Indagar sobre o valor da verdade.	5.1. Participa nun disco-fórum sobre a verdade.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

UNIDADE 9: *OS CRISTIÁNS E A CIVILIZACIÓN DO AMOR*

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A misión da Igrexa no mundo. - Características da civilización do amor que constrúen os cristiáns por todo o mundo. - O relato bíblico «O ceo novo e a terra nova». - Espiritualidade ecolóxica e sentimento de eternidade. - O valor de cambiar o mundo.	BLOQUE IV. 1. Resumir a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus.	1.1. Sintetiza por escrito en que consiste a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus.	CCL, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 2. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.	2.1. Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiásticas do seu contorno que colaboran na construción da civilización do amor.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE IV. 3. Indicar algunhas claves para interpretar correctamente o relato bíblico «O ceo novo e a terra nova».	3.1. Cumpre a ficha do relato bíblico «O ceo novo e a terra nova». 3.2. Responde afirmacións erróneas con argumentos propios.	CCL, CD, CAA, CSC
	BLOQUE IV. 4. Desenvolver e vivenciar a espiritualidade ecolóxica e o sentimento de eternidade.	4.1. Explica a importancia de valorar cada persoa, cada cousa e cada momento. 4.2. Participa nun cine-fórum sobre a vida eterna.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

	BLOQUE IV. 5. Comprender o valor de cambiar o mundo.	5.1. Interioriza e enumera comportamentos necesarios para cambiar o mundo.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Unidade 1- Coñecer as distintas relixións: busca do sentido da vida.
- Ler e comprender o relato bíblico «Rut, a estranxeira».
- Coñecer o valor do diálogo.

Unidade 2- Comprender a experiencia relixiosa e experiencia cristiá.
- Ler e entender o relato bíblico «Noé e o diluvio universal».
- Coñecer a actitude relixiosa e éxtase relixiosa.

Unidade 3- Coñecer a fidelidade de Deus á alianza co ser humano.
- Saber sobre a da Igrexa na historia da Idade Moderna e da Idade Contemporánea.
- Ler e comprender o relato bíblico de «O profeta Xeremías».

Unidade 4- Coñecer a figura mesiánica do Servo de Iavé.
- Comprender as características da moral católica da vida pública.
- Ler e comprender o relato bíblico «A historia do rei Saúl».

Unidade 5- Coñecer a chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade.
- Saber os compromisos para actualizar a misión de Xesús.
- ler e comprender o relato bíblico «Xesús chama os primeiros discípulos».

Unidade 6- Saber os sacramentos e saber clasificalos.
- Coñecer as características dos sacramentos da Igrexa católica e do sacramento do Matrimonio.
- Ler e comprender o texto bíblico «Canto ao amor cristián».

Unidade 7- Entender que a pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano.
- Saber as características, fundamentos, principios éticos e comportamentos da moral católica da sexualidade humana.
- Ler e comprender os relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller».

Unidade 8 - Coñecer a autoridade positiva e autoritarismo.
- Definir a autoridade eclesial ao servizo da verdade.
- Resumir o relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces».

Unidade 9 - Saber cal é a misión da Igrexa no mundo.
- Coñecer as características da civilización do amor que constrúen os cristiáns por todo o mundo.
- Resumir o relato bíblico «O ceo novo e a terra nova»

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
BLOQUE 1. UNIDADES 1-2 BLOQUE 2. UNIDADE 3	BLOQUE 2.UNIDADE 4 BLOQUE 3. UNIDADES 5-6	BLOQUE 4 UNIDADES 7,8,9

Sendo realistas na práctica reducíanse a 10 sesións trimestrais máis ou menos por diferentes motivos (festivos, climatoloxía adversa, actividades complementarias e extraescolares, etc.).

Esta previsión de tempo para poder impartir as U.D. é moi escaso debido ao reducido número de sesións para abordar a materia, podendo haber unha diferenza entre o número de sesións que propoñemos para cada U.D. e o resultado final. Esta distribución final podería ser modificada atendendo aos intereses, nivel ,estado anímico, comprensión, etc., do alumnado (isto sempre quedaría reflectido no libro de actas do departamento).

6.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA: PRESENCIAL, SEMIPRESIDENCIAL E TELEMÁTICA.

(VER EN ANEXOS)

A metodoloxía didáctica da materia de relixión será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Ten unhas características propias que a identifican escolarmente. Estas características son:

a) Exposición do núcleo esencial da mensaxe cristián desde a fe da Igrexa católica.

b) Diálogo aberto e respectuoso cos outros campos do saber, que axude ao alumno/a a atinxir unha síntese entre a fe e a cultura.

c) Apertura do alumno/a á transcendencia, ofrecéndolle unha xerarquía de valores e actitudes e un sentido da vida.

d) Un ensino relacionado coas demais áreas de aprendizaxe e que coopera na consecución máis plena posíbel dos obxectivos xerais da etapa educativa.

Consideramos importante tamén a necesidade de coñecer ben as características psicolóxicas dos alumnos de Educación Secundaria. O área de relixión debe ter moi en conta as características psicolóxicas destas idades e os trocos que afectan á súa visión do mundo relixioso. A preadolescencia e a adolescencia son momentos de inquedanza ante o sentido da vida.

Se na etapa infantil o neno se abría ao mundo relixioso de maneira máis ben afectiva, agora comeza a facelo de forma máis racional. É tamén unha etapa de crise na conduta relixiosa, xa que o adolescente tende a romper co seu pasado infantil e a rexeitar toda autoridade que entenda como algo imposto, sen a aceptación que se deriva do prestixio recoñecido e admitido por el.

Con 12-14 anos, os alumnos/as tenden a identificarse con algúns modelos que suscitan a súa admiración. Os grandes personaxes bíblicos encarnan, sobre todo o mesmo Xesucristo, as normas, valores e actitudes básicas do ser humano.

Con 14-16 anos medra a capacidade racionalizadora do adolescente. Nesta situación é posíbel que xurdan dúbidas de fe. Por unha parte, hai que ter moi en conta os seus centros de interese, e por outra, presentar os contidos con maior rigor científico, dando unha resposta ben fundamentada ás súas dúbidas e inquedanzas.

Todo o dito suxire a necesidade de adecuar as estratexias metodolóxicas ás características destas idades, xa que dun bo uso delas depende en grande medida a adecuación, aceptación e asimilación das contidos da mensaxe cristián que desexamos transmitir.

Os principais criterios metodolóxicos que seguimos son os seguintes:

a) Partir da experiencia do alumno/a. O alumno/a posúe un conxunto de experiencias e de ideas sobre a realidade que lle rodea que deben ser empregadas como punto de partido para os seus novas aprendizaxes e coñecementos. Axudaráselle a reflexionar sobre diversas situacións de índole persoal, familiar e social, de modo que esas experiencias sirvan de punto de partida para atinxir unha mellor comprensión da boa noticia de Xesús.
O conectar coa experiencia do alumno aumentará interese e motivación, o cal é de grande importancia nos anos da Educación Secundaria. Ademais, iso facilitará o carácter significativo dos aprendizaxes.

b) Conceder unha particular importancia á actividade persoal do alumno/a, suscitando e favorecendo o exercicio das súas facultades e das súas capacidades, o que contribúe a un aprendizaxe máis significativo e, á vez, máis dinámico.

Por outra parte, o feito de que se potencie o traballo persoal non significa que se reste importancia ao traballo en grupo, o cal, utilizado , favorece o desenvolvemento da dimensión social do alumno. O traballo en pequeno ou grande grupo ofrece amplas posibilidades de participación efectiva de todos, e favorece o troco de ideas, a motivación e o que uns aprendan de outros. En ocasións, os grupos organizaranse como equipas estábeis; outras veces, improvisaranse sobre a marcha traballos por parellas ou usando calquera outro sistema de agrupación sinxela e funcional.

c) Atender ao feito de que os alumnos/as son diferentes entre si. No proceso educativo deberase procurar que cada alumno/a atinxa o seu máximo desenvolvemento persoal e exercite realmente as súas capacidades, adaptando os ensinos e as actividades ás posibilidades, necesidades e intereses de cada un. É indubidábel que o traballo individual, ben programado, facilita considerabelmente que cada alumno/a desenvolva mellor as súas capacidades e siga o ritmo de aprendizaxe que mellor se adecúe ás súas circunstancias persoais.

d) Aplicar estratexias de indagación: A súa característica principal consiste en servir de estímulo ao alumno/a para realizar unhas actividades de procura que poden ser moi variadas: localizar textos da Biblia, buscar unha determinada información nun libro ou páxina web, facer unha enquisa ou aplicar un cuestionario, etc.

e) Fomentar a creatividade e a expresión persoal do alumno/a. A formación relixiosa non só debe ofrecer un coñecemento rigoroso da mensaxe cristián, senón que tamén ha de servir de axuda aos alumnos/as para a elaboración de xuízos persoais e para expresar de modo persoal e libre a súa visión cristiá da vida.

f) Empregar diversas técnicas de ensino (pluralismo metodolóxico). Unhas veces será unha breve explicación ; outras, o diálogo e a reflexión a partir da lectura dun texto. A observación dunhas ilustracións significativas; a valoración crítica de determinados feitos con dimensión ética; o xuízo crítico sobre determinadas informacións dos medios de comunicación; un exercicio de expresión verbal; a procura dunhas pasaxes do Evanxeo; un debate ou unha mesa redonda; etc. Son tamén imprescindíbeis os recursos de carácter audiovisual: vídeo-forum, cine, cómic, etc.

g) Importancia da linguaxe e do vocabulario relixioso básico. Interesa que en cada un dos ciclos o alumno aprenda o significado dunha serie de termos que forman a base da aprendizaxe significativo. Eses termos deben estar coidadosamente seleccionados e serán obxecto de

"consideración e estudo" a través de diversas actividades (comprensión lectora, definición de conceptos, etc.).

h) Dar importancia á memoria. Se cadra nas últimas décadas foise minusvalorado nalgúns ambientes. Non obstante, tal como aprende Xoán Paulo II, "unha certa memorización das palabras de Xesús, de pasaxes bíblicos importantes, dos dez mandamentos, …, é unha verdadeira necesidade.

É evidente que a memoria xoga un papel importante na Educación Secundaria para a adquisición e fíxase de conceptos da mensaxe cristián.

Estabelecer as bases para un diálogo coa realidade cultural nunha duplo dimensión: En primeiro lugar, dándolles a coñecer a influencia mutua entre o feito relixioso e a cultura occidental; e despois, axudándolles a xulgar e a valorar os feitos culturais (ideas, actitudes, comportamentos, etc.) á luz da fe.

Neste sentido, é importante destacar a importancia da interdisciplinariedade, relacionando os coñecementos que van adquirindo nas clases de relixión cos que adquiren en outras áreas curriculares…

i) Impartir a clase de relixión católica nun clima que facilite a liberdade do alumnado.
E isto, non só por respecto a un posíbel pluralismo relixioso dos alumnos/as, senón por imperativo evanxélico: o coñecemento da fe ofrécese, non se impón. No diálogo educativo cos alumnos/as, o profesor de relixión ten ocasión de dar testemuño de que na fe cristiá atopou a resposta ás súas preguntas, aos grandes interrogantes existenciais.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de Texto.
Biblia , Biblia on line, dicionarios.
Caderno de traballo.
Vocabulario básico.
Documentos de Vaticano II.
Vídeos, páxinas web, artigos periodísticos
Recursos on line (www.anayadigital.com)
Libros de lectura recomendados polo departamento.

8. AVALIACIÓN. CRITERIOS E FERRAMENTAS SOBRE A AVALIACIÓN (PRESENCIAL E NON PRESENCIAL) CUALIFICACIÓNS E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PLAN DE REFORZO

(Ver en ANEXOS)

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

Será unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que aplicarase sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa ou procesual e avaliación final ou sumativa, e que capacitará ao alumnado para avaliar a aprendizaxe alcanzada e valorar o seu proxecto persoal de vida.

Realizaremos actividades de avaliación que sexan educadoras, autoactivas, de autoaprendizaxe e de heteroavaliación e autoavaliación. Unha avaliación que serva para medir e comparar os resultados obtidos cós obxectivos propostos, así como para sintetizar «o rigor científico-estatístico» da Avaliación cuantitativa con «o persoal e imprevisible» da avaliación

cualitativa. E todo elo, dende criterios que midan e avalíen o desenvolvemento das competencias, os seus descriptores e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Utilizaremos variadas técnicas e instrumentos de avaliación dos diferentes modelos de ensinanza..

Ofreceremos actividades en clave de TIC.

A avaliación inicial ou diagnóstica presentase e realiza no libro do alumnado, concretamente na dobre páxina de presentación e na dobre páxina de" Experiencias humanas e cristiáns".

A avaliación formativa ou orientadora desenvolvese no libro do alumnado nos apartados de Experiencias humanas e cristiáns, «os contidos», «a Biblia», as fichas do Obradoiro de intelixencias múltiples e os súas correspondentes actividades e recursos didácticos: lecturas e comentarios dos relatos, exercicios de comprensión lectora, actividades de aplicación persoal e social, traballos de investigación, etc. E, na web do alumnado, realizarase por medio dun exercicio interactivo que propón cada unidade.

Estes apartados e recursos pretenden acadar os obxectivos e desenvolver as competencias da unidade, ao mesmo tempo serven de orientación sobre os avances e os retrocesos no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación final ou sumativa concretase no libro do alumnado no apartado «Aprendín", que contén actividades para resumir, avaliar e reforzar os contidos da unidade. E, na web do alumnado, ofrecese unha proba obxectiva de avaliación.

Estes apartados e recursos teñen por obxectivo comprobar o grao de aprendizaxe final acadado sobre o tema por cada alumno ou alumna, e a aplicación práctica, cultural e existencial que extrae do tema para a súa vida persoal, social e relixiosa.

Aplicaranse sucesivamente tres tipos de avaliación:
Atendendo ao momento en que se realizará a avaliación, o seguimento ao alumno farase en tres fases:

a) Unha avaliación inicial ou diagnóstica para coñecer o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa bagaxe previa de coñecementos. Isto serviranos para adaptar a nosa actuación educativa ás características e posibilidades reais de cada un do noso alumnado. Realizarase ao inicio de cada UD, cunha función formativa e de diagnose da realidade da que parten os rapaces (test autoavaliativos, choiva de ideas, etc.)

b) Unha avaliación Procesual. Feita ao longo do curso co fin de detectar dificultades ou desaxustes na aprendizaxe e tomar medidas para corrixilos. Realizarase a través de actividades habituais de ensinanza (observación na aula, traballos dos alumnos, etc.)

c) Unha avaliación final, ao termo do proceso, para constatar se se conseguiron as intencións do programa de ensino e aprendizaxe. Realizarase cunha función sumativa complementaria da formativa e de diagnose, para comprobar o grao de adquisición das competencias básicas. Non se valoran só os resultados senón a valía do proceso.

Os criterios de avaliación deben estar en lóxica correspondencia cos obxectivos e as competencias. Fomentaremos sempre a consecución da competencia dixital, animando ao alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico; e utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.

É importante insistir en que a fe do alumno (téñaa ou non), non é o obxectivo da avaliación, e esta deberá respectar a intimidade da conciencia persoal de cada un, o que obriga ao profesor de relixión a avaliar tan só as competencias básicas que se propoñen na materia dende esta programación

8.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN cualificación e promoción.

Os criterios de avaliación terán como referencia a consecución das competencias básicas. Aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao finalizar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro acadado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración axeitada da dedicación, o esforzo e o rendemento de todos os estudantes.

8.2.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Farase unha avaliación continua a través das "auto avaliacións" correspondentes a cada unidade. Así mesmo cada 3 unidades realizarán unha proba obxectiva de avaliación e o baremo de puntuación será o seguinte :
Cada resposta correcta equivale a un punto ou dous, dependendo de se son dez ou cinco as preguntas que se fagan. O resultado de ditas probas fará media coas puntuacións obtidas cós procedementos e valores do alumno ao longo do trimestre. Sendo necesario obter unha nota de 5 para superalo. Ver en anexos as rúbricas do exame, así como as rúbricas da presentación do traballo escrito ou as da exposición do traballo oral.

Observarase tamén:

1.- O bo estado do material de traballo ou a boa presentación e elaboración esmerada das tarefas telemáticas.
2.- O Caderno (presentación esmerada, actividades ben feitas).
3.- O interese e laboriosidade no aula.
4.- As preguntas orais que se fagan na clase, por correo electrónico ou aula virtual, se o ensino é non presencial.
5.- Probas de avaliación tipo test.
6.- Probas de avaliación ao finalizar a unidade didáctica.
7.- Probas de avaliación trimestrais. A realización de **probas escritas** (se se considerasen oportunas), ou **traballos obrigatorios**, (individuais ou en equipo). Tamén é destacable a observación directa na clase.
8.- Traballos sobre folletos, libros, vídeos, etc.
9.- Concursos.
10.- A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

8.3.CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CALIFICACIÓN
Avaliación do traballo competencial	
Probas de avaliación escritas ou orais	
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Valores (Adquisición dos valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo dese xeito un espírito crítico e solidario)	

Calificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAJE EN LA NOTA FINAL
1.ª evaluación	
2.ª evaluación	
3.ª evaluación	
Calificación total	

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A suma dos resultados obtidos nas puntuacións dos contidos que contribúen a adquisición dos obxectivos e a acadar as competencias, dividirase entre tres.

conxunto de coñecementos. 50%
conxunto de habilidades e destrezas: 25%
valores: 25%.

Recordamos de novo que o Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%
Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

O alumnado que non promocione en Xuño, terá unha proba extraordinaria en Setembro.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. (Ver tamén en Anexos a enquisa da avaliación da profesora)

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.				
Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.				
Presento os contidos dando unha visión xeral do tema				
Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..				

Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.				
Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación				
Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais				
Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: Fágoos a sorteo. Fago os grupos por niveis. Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis				
Á hora de realizar as actividades teño en conta as "dinámicas cooperativas2				
Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora				
Emprego medios técnicos audiovisuais.				
Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos…) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				
Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
Reviso e corrixo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.				
Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.				
No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.				
Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				
Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: Promoción do alumnado. Adopción de medidas de atención á diversidade. Elaboración do Consello orientador.				
Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación				

Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.				
Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado				
O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan				
O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.				
Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. Listas de control. Escalas de valoración. Anecdotario. Diarios de clase.				
Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: Coherentes cos estándares de aprendizaxe . Adaptados a diversidade dos alumnos. Diferentes según os contidos tratados				
Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación				
Emprego a autoavaliación do alumnado				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN . A principios de curso o departamento celebrará unha xuntanza cos alumnos que teñan a materia de relixión pendente, atendendo as posíbeis suxestións que o alumnado faga e axustando os horarios da profesora cós dos alumnos para a organización das actividades de seguimento.

O alumando coa materia pendente terá recuperacións cada trimestre e non cadrarán as datas cos exames ordinarios. As unidades serán as mesmas que nos exames ordinarios.

Disporán dun seguimento ao longo do curso, ben de forma directa no centro nas horas que previamente dispoñamos ou ben a través de correo electrónico onde se atenderán as súas dúbidas

Se o alumno non acadara aprobar en Xuño, poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, a profesora de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumnado. A profesora poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar as competencias.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO.

Este apartado non é requirido para a materia de Relixión. Pero no Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

1. Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.
2. Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.
3. Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

12. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Esta avaliación inicial na materia de Relixión farase a nivel de clase ao comezo de curso, preferentemente na segunda quincena de Setembro, xa que se debe coñecer aos alumno/as cos que se vai a traballar. Para iso contamos coas seguintes ferramentas:
Probas iniciais, tendo en contas cales son os coñecementos previos dos/as alumno/as.
Observación na aula.
Información doutros profesores, expediente académico etc.
Cuestionarios.
Listas de control, etc.

MODELO DE REXISTRO DUN INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

INFORME AVALIACIÓN INICIAL			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Dificultades na materia de Relixión: Falta de capacidade. Falta de base académica. Problema de comprensión. Problema de expresión. Faltas de ortografía.			
Actitude cara a materia de Relixión: Traballo. Atención. Interese. Participación. Respecto.			
Medidas propostas como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial: Reforzo educativo na aula. Control do traballo na aula. Fomentar a autoestima. Integración no grupo. Control de absentismo. Outras medidas a adoptar.			

MODELO DE GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Información do titor/a sobre:			

Información relevante dos informes individualizados. Repetidores/as. Ambiente sociocultural e familiar. Outras informacións relevantes. Problemas do grupo.	
Intercambio de información entre o profesorado: Primeiras impresións. Resultados da avaliación inicial nas diferentes materias. Detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe.	
Toma de decisións: Actividades de reforzo ou adaptación curricular, ampliación ou recuperación. Exencións da 2ª lingua estranxeira (francés 1º e 2º de ESO). Axuste das programacións. Outras medidas en relación coa convivencia, comportamento, asistencia…	
Decisións e acordos sobre o proceso de avaliación inicial:	

13. MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE

A actuación educativa versará sobre dous aspectos: as aprendizaxes terán que ser significativas, pero tamén terán que satisfacer os futuros intereses.

Tratando de atender a todo o alumnado e respectando as súas peculiaridades persoais, ademais da variedade e heteroxeneidade das motivacións e intereses que presente o alumnado, pois aumenta progresivamente dende o comezo da ESO.

Esta diversidade maniféstase en diversos ámbitos, todos eles interrelacionados, como son :
A Capacidade para aprender, concibida como un desexo por conseguir certos aprendizaxes.
A motivación por aprender. Os factores ou condicionamentos dos que depende a motivación son moi variados: por un lado, o historial de fracasos ou éxitos que haxa tido o alumno/a; por outro, a significación e funcionalidade das aprendizaxes realizadas. Por iso tratarase de realizar unha aprendizaxe significativa, que teña sentido para o alumnado, e terase en conta a súa funcionalidade, e dicir que teña un valor práctico e poida ser transferible a outras situacións e lles serva de base a novas aprendizaxes.
Os intereses persoais , pois son un factor condicionante da motivación por aprender, (o feito de que esta materia sexa optativa, axuda bastante neste punto)
Os estilos de aprendizaxe.
Terase en conta que o alumnado pode mostrar diferenzas respecto a:
Tipos de pensamento (reflexivo, (tomase tempo para analizar a tarefa) o impulsivo. Analítico, (abordase a tarefa dende unha perspectiva máis ampla ou global para logo ter en conta os detalles), ou sintético, (do particular ao global)…
Modalidade sensorial preferente Alumnos que utilizan máis a auditiva, ou a visual…
Nivel de atención á tarefa.
Tipo de reforzo.
Preferencias de agrupamento Hai alumnado que traballa mellor so, outros prefiren en pequenos grupos…

Por iso ao longo do curso faranse traballos tanto individuais coma en grupos, e variará o número de compoñentes dependendo da tarefa. (exposición de traballos por grupos, concursos, etc)

Faranse por tanto grupos flexibles, e os seus compoñentes poden variar en función dos obxectivos que se pretenden, así un alumno pode pertencer a un grupo nunha determinada actividade e deixalo para integrarse nun novo grupo onde realizará outras actividades. Creándose grupos distintos, sempre estruturados e todos os implicados terán que coñecer os obxectivos que se pretenden con ese agrupamento. Intentase facilitar deste xeito ao alumnado a consecución dos obxectivos que se pretende ao mesmo tempo que trata de respectar as súas características.

As dificultades de certos alumnos/as que poden presentar necesidades educativas especiais permanentes, presentando dificultades que poden ser moi variadas: de carácter psicomotor, de orixe sensorial, de carácter intelectual, de retraso no desenvolvemento, na maduración, etc. Terase en conta a dificultade que presente, así como o asesoramento da orientadora, para paliar na medida do posible a súa dificultade.

ACTIVIDADES DE REFORZO.

As actividades van a variar dependendo de si o alumnado presenta necesidades educativas especiais permanentes , de tipo puntual ou temporal, por estar atravesando unha situación problemática, etc. De todos os xeitos o alumnado necesitará unha axuda especial que lle dea unha resposta ás súas necesidades educativas.

O reforzo poderá ser tanto durante, paralela, ou posteriormente a clase “ordinaria”, e dicir faranse actividades educativas que proporcionen respostas a unha situación de dificultade, atraso, atasco ou retroceso escolar dun alumno respecto á marcha do seu grupo-clase , para deste xeito eliminar ou diminuír a incidencia desas carencias ou dificultades.

Dependendo da súa necesidade os alumnos-as que o precisen, realizarán o mesmo traballo cos seus compañeiros pero eliminaranse contidos adecuados a unha necesidade específica.

En termos xerais tratarase de reforzar as técnicas instrumentais (linguaxe oral, lectura, escritura, razoamento), os hábitos de traballo (especialmente na ESO), as técnicas de traballo, e os coñecementos propios da área de relixión.

Faranse por tanto grupos flexibles e traballarase o mesmo tempo un ensino individualizado no cal se teña moi presente o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e a súa capacidade de desenvolvemento.
Reparto equilibrado dos contidos. Distribución dos contidos por trimestres.
Repaso cíclico dos contidos.
Avaliación continua de xeito que se podan repasar e fixar contidos máis facilmente.
Actividades de repaso ao final de cada tema, elaboración de traballos complementarios,…
Traballar cun método individualizado e tendo en conta o punto de partida de cada alumno/a, a súas dificultades específicas e a súa evolución. Algúns poden levar traballo para facer na casa se o seu ritmo de traballo na aula é máis lento co dos seus compañeiros-as.
Emprego da aprendizaxe cooperativa como método de axuda entre iguais.
Propiciar un ambiente de socialización que faga evidente a función comunicativa, cooperación e corrección colectiva, traballos en grupo e posta en común, etc.
Propor actividades de investigación que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o seu ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
Utilización dunha linguaxe directa e clara na exposición dos contidos, evitando todo tecnicismo innecesario.

O IES David Buján oferta estudos de ESO e bacharelato. É un centro de liña dous na secundaria e liña tres en bacharelato.

Os departamentos didácticos ofertan un amplo abano de actividades complementarias e extraescolares e fomentan a participación do noso alumnado en distintas competicións e eventos.

MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

CURSOS E GRUPOS QUE DEPENDEN DO DEPARTAMENTO:	ESO 1º, 2º,3º,4º BAC 1º, 2º

LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO.

1º ESO "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

2º ESO "RELIXIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Galego)

3º ESO "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

4º ESO "RELIXIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Galego)

1º BAC "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

2º BAC "RELIGIÓN CATÓLICA" Edit. ANAYA (Castelán)

PROFESORADO QUE FORMA PARTE DO DEPARTAMENTO:

MARÍA-CARMEN FREIRE PINTOR.

Asdo.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECION DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMA PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre dúas e cinco por competencia), grandes alicerces que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que devanditos indicadores divídanse, á súa vez, no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o grado competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, xa que logo, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materia e cursos da etapa.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

NA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

A área de Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento das competencias desde as súas finalidades educativas, obxectivos, contidos e actividades de aprendizaxe e avaliación.

No libro de texto do alumnado, desenvólvense as competencias nas actividades de ensino-aprendizaxe de cada unidade, e de forma máis específica, nas tres páxinas que comprenden o «Obradoiro de intelixencias múltiples». Estas páxinas están suscitadas como un taller educativo onde o alumnado, por medio da reflexión, a actividade e a aplicación, desenvolve as competencias. Especialmente, trabállanse as competencias desde a intelixencia espiritual, a intelixencia emocional e a educación en valores, así como as seguintes propostas do currículo de Relixión Católica (2015):

A competencia en comunicación lingüística.
As competencias sociais e cívicas.
A competencia cultural e artística.
A competencia para a autonomía e iniciativa persoal.
A competencia de aprender a aprender.
A competencia de conciencia e expresións culturais.

O Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%
Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. RELIXIÓN 2º BAC.

Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeneral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMT	CD	AA	CSC	SIEE	CEE
RE1.1.1	1.1. Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación "home e muller creounos".	B	X				X		X
RE1.2.1	2.1. Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida.	B	X	X				X	X
RE1.2.1	2.2. Posúe argumentos para defender ou dar razóns dende a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen en clase.	I	X				X		
RE2.1.1	1.1. Descobre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo.	B	X				X		X
RE2.2.1	2.1. Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.	B	X			X	X	X	
RE3.1.1	1.1. Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas achegas ao ámbito da ciencia e a técnica.	B	X	X		X	X		X
RE4.1.1	1.1. Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalismo ao home e xustifica a elección realizada.	B	X				X		X
RE4.2.1	2.1. Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer eses artistas.	I			X			X	X

COMPETENCIAS CLAVE: CL: Competencia lingüística. **CMCT:** Competencia matemática ciencia e tecnoloxía. **CD**: Competencia dixital **AA:** Aprender a aprender. **CSC**: Competencia social e cívica. **SIEE** : Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CEC:** Conciencia e expresións culturais.

Código: B= Básico, necesario para aprobar. **I**= Intermedio, para nota correspondente a Notable. **A**= Avanzado, corresponde a Sobresaínte.

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Comprende os contidos de cada unha das seccións da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Emprega adecuadamente a linguaxe nas súas reflexións e exposicións.
Tratamento da información e competencia dixital.	Empregar distintas fontes para a procura de información.	Usa as tecnoloxías adecuadamente para o desenvolvemento das actividades que o requiren.
Aprender a aprender. Social e cidadá.	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Realiza actividades seguindo unhas pautas dadas.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas?	Logra experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes.

Autonomía e iniciativa persoal.	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Desenvolve o valor da espiritualidade.
Cultural e artística.	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	Selecciona con criterio propio para o bo termo das cuestións expostas.
Cultural e histórica.	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Desenvolve a propia capacidade artística a través da expresión plástica.
Competencia humanizadora e ético- moral.	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Mostra interese e curiosidade polos relatos bíblicos.
Competencia de sentido transcendente.	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra unha actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
Comunicación lingüística.	Valorar a espiritualidade como dimensión humana.	Valora o sentido e a finalidade da Igrexa ao servizo da humanización.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO LOMCE

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Tamén, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado das capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como por los dereitos humanos, que fomente la corresponsabilidade en la construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e o galego.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunca ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, o seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora de seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.

OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE RELIXIÓN CATÓLICA

A educación, entendida como un proceso que pretende o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, favorece a maduración do conxunto das súas dimensións, axudándolle a formar a súa identidade ao tempo que introdúcelle de maneira activa na sociedade.

A dimensión relixiosa, co seu sentido globalizador, é unha das que máis contribúe ao logro dunha auténtica maduración da persoa. O carácter integral da educación reclama unha concepción da realidade unha cosmovisión, na que se descubre o verdadeiro sentido do que un é e do que fai.. A etapa de Bacharelato supón, dende o punto de vista psicoevolutivo, a búsquea da autonomía, o que conleva un permanente contraste entre o presente e a tradición para afrontar o futuro. O alumnado comeza a reler a súa historia á luz da súa propia experiencia, cuestionando depósito transmitido de saberes, crenzas e experiencias recibidas.

O artigo 24 do Real Decreto 1105/2014, establece que o Bacharelato ten a finalidade de proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permita desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. A ditos logros pode contribuír de maneira satisfactoria a ensinanza da relixión, facilitando o desenvolvemento do xuízo crítico, ensinando a observar e analizar a realidade con respecto, en claves de liberdade, responsabilidade, verdade .

O presente currículo toma en consideración a aprendizaxe por competencias busca, dende a antropoloxía cristián, a consecución e dominio das mesmas. Dado que a competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións y outros compoñentes sociais, esforzase por reflectir a aportación específica que esta ensinanza ofrece ao proceso humanizador que conleva a educación.

A importancia que a asignatura de relixión outorga á inculturación da fe, nos distintos contextos, é un feito positivo que a convirte nun magnífico instrumento para a comunicación e o diálogo nun mundo cada vez máis plural. A súa vez, asume como punto de partida os obxectivos que se fixan na etapa para o desenvolvemento das diversas capacidades.

Convén destacar que esta materia axuda á promoción dos dereitos humanos e ao exercicio da verdadeira cidadanía, fomentando a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta

e equitativa. Preocupase tamén de acadar no alumnado una madurez persoal e social que lle permita actuar de xeito responsable e autónomo, dende un espírito crítico e construtivo.
Axuda ao alumnado para coñecer e valorar criticamente, dende unha cosmovisión cristián, as realidades do mundo contemporáneo e os seus antecedentes históricos, destacando o labor da Igrexa en todo o enriquecemento cultural.

Esta materia promove tamén o desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, mostrando a beleza, a verdade e o ben como fontes do enriquecemento persoal e cultural.

Para o logro destes obxectivos, a través dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, o currículo de relixión en Bacharelato propón a división dos seus contidos en catro bloques temáticos: antropoloxía cristina, doutrina social da Igrexa, relación razón, fe e ciencia e, por último, a Igrexa como xeradora de cultura á longo da historia. Deste modo, pretendese que o alumnado dispoña dos suficientes coñecementos, procedementos e actitudes que permítanlle dar resposta, dende a cosmovisión cristián, aos retos que lle presenta o mundo contemporáneo.

A aprendizaxe de esta materia ha de contribuír a:

1. Recoñecer e respectar a necesidade de sentido nos seres humanos.
2. Comparar manifestacións históricas que permitan desvelar dende sempre o sentido relixioso do ser humano.
3. Dar razón da raíz divina da dignidade humana.
4. Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido.
5. Coñecer e valorar o contexto en que nace e a ensinanza da doutrina social da Igrexa.
6. Identificar a dignidade humana como clave para unha convivencia xusta entre os homes e mulleres, diferenciándoa dos recoñecementos que o Estado realiza a través das leis.
7. Coñecer e aplicar os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa a diversos contextos.
8. Coñecer e distinguir os diferentes métodos utilizados pola persoa para coñecer a verdade.
9. Coñecer e aceptar con respecto os momentos históricos de conflito entre a ciencia e a fe, sabendo dar razóns xustificadas da actuación da Igrexa.
10. Ser consciente da necesidade de relación entre ciencia e ética para que exista verdadeiro progreso humano.
11. Coñecer e comparar diferentes acepcións do termino cultura.
12. Ser consciente que a persoa é xeradora de cultura.
13. Caer na conta do cambio que o monacato introduce na configuración do tempo e o traballo.

INCIDENCIA DOS OBXECTIVOS DE RELIXIÓN CATÓLICA NOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	OBXECTIVOS DE RELIXIÓN CATÓLICA
Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así? como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.	Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.

Consolidar unha madurez persoal e social que permita ao alumnado actuar de forma responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico, así como prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.	Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida.
Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.	Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.
Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.	Comprender que algunhas creacións culturais son expresión da fe.
Posibilitar e consolidar unha madurez persoal, social e moral que permita actuar responsable e autonomamente, valorando o esforzo e a capacidade de iniciativa.	Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.
Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.	Comprender que algunhas creacións culturais son expresión da fe.
Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	Comprender que algunhas creacións culturais son expresión da fe.
Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.	Recoñecer o valor social das achegas realizadas polos investigadores cristiáns.
Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.	Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida.
Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	Recoñecer o valor social das achegas realizadas polos investigadores cristiáns. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida.
Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma critica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así? como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.	Recoñecer o valor social das achegas realizadas polos investigadores cristiáns. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida.
Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade,	Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.

iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos.
Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	Comprender que algunhas creacións culturais son expresión da fe.
Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade.
Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.	Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida.

CONTIDOS.

CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE.

UNIDADE 1: O DESCUBRIMENTO MÁIS IMPORTANTE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A orixe do con-cepto de «persoa». - Definición de per-sona. - Ser persoa. - O personalismo como corrente de pensamento a favor da persoa humana.	BLOQUE I. ANTROPOLOXÍA CRISTIÁ. 1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade.	1.1. Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación «home e muller creounos». 1.2. Valora a diversidade sexual segundo a prol-posta cristiá. 1.3. Adopta unha postura crítica ante propostas culturais contrarias á afirmación bíblica.	CCL CMCT CD CAA CSYC SIEP CEC

UNIDADE 2: SER PERSOA, PARA QUE?

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A importancia da dignidade do ser humano e a súa desprotección. - O mundo actual e a cuestión bioética. - As diversas incomprensións actuais respecto da vida. - Vida e dignidade, dúas realidades inseparables.	BLOQUE I. ANTROPOLOXÍA CRISTIÁ. 2. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida.	2.1 Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida. 2.2 Posúe argumentos para defender ou dar razóns desde a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen en clase. 2.3. Explica a razón profunda que ten a Igrexa para considerar fundamental o respecto á vida.	CCL CAA CSYC SIEP CEC

UNIDADE 3: UN CAMIÑO POR ONDE TRANSITAR: A DSI

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A DSI, a persoa e os seus dereitos. - A DSI e a vida.	BLOQUE II. DOUTRINA SOCIAL DA IGREXA. 1. Recoñecer e apreciar o cambio que a Doutrina Social da Igrexa outorga á persoa e á vida.	1.1 Propón proxectos ou solucións que poderían levar a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano. 1.2. Entende, valora e coñece o papel dos cristiáns na vida pública. 1.3. Adopta unha postura crítica e respectuosa ante as diferentes opcións políticas.	CCL CMCT CD CAA CSYC CEC
- A DSI e o traballo. - A DSI e as relacións internacionais. - A DSI e a economía. - A DSI, guía do actuar cristián.	2. Deducir as consecuencias que implica a Doutrina Social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.	2.1 Descobre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo. 2.2. Entende o papel da economía e adopta unha postura crítica ante os diversos modelos económicos. 2.3. Valora todos os intentos que se fomenten sobre o diálogo e o respecto para alcanzar a paz e a cooperación.	CCL CD CAA CSYC SIEP CEC

UNIDADE 4: HUMANIZAR A CIENCIA E A TÉCNICA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- Un mundo de ciencia e de técnica. - Os límites da ciencia. - Achegas dos investigadores cristiáns á ciencia e á técnica no contexto actual.	BLOQUE III. RELACIÓN ENTRE A RAZÓN, A CIENCIA E A FE. 1. Recoñecer o valor social das achegas realizadas polos investigadores cristiáns.	1.1. Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas achegas ao ámbito da ciencia e a técnica. 1.2. Coñece e valora o aprecio e o recoñecemento da Igrexa pola ciencia. 1.3. Coñece e valora o aprecio e o recoñecemento da Igrexa pola tecnoloxía.	CCL CMCT CD CAA CSYC CEC

UNIDADE 5: EU TEÑO DEREITOS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A acción evanxelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos.	BLOQUE IV. A IGREXA XERADORA DE CULTURA Ao longo da HISTORIA. 1. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos.	1.1 Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ao home e xustifica a elección realizada. 1.2. Coñece e acepta as limitacións existentes na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1.3. Esfórzase por levar á práctica no seu ambiente cotián os DDHH reforzándoos cun coñecemento práctico do evanxeo.	CCL CD CCA SIEP CEC

UNIDADE 6: A FE ESTÁ DE MODA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
- A expresión da fe xera beleza a través da arte.	**BLOQUE IV. A IGREXA XERADORA DE CULTURA Ao longo da HISTORIA. 2. Comprender que algunhas creacións culturais son expresión da fe.**	**2.1. Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer a eses artistas. 2.2. Entende e valora a relación existente entre arte e fe. 2.3. Analiza e valora a presenza dos temas relixiosos e sociais no cinema.**	**CCL CD CCA CSYC SIEP CEC**

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Unidade 1 - Coñecer a orixe do concepto de «persoa».

- Definición de persoa.
- Coñecer o personalismo como corrente de pensamento a favor da persoa humana.

Unidade 2 - Coñecer a importancia da dignidade do ser humano e a súa desprotección.

- Entender o mundo actual e a cuestión bioética.
- Resumir as diversas incomprensións actuais respecto da vida.

Unidade 3 - Saber o que é a DSI, a persoa e os seus dereitos.

- Entender a DSI e o traballo.
- Resumir a DSI, guía do actuar cristián.

Unidade 4 - Comprender o mundo de ciencia e de técnica.

- Saber cales son os límites da ciencia.
- Resumir as achegas dos investigadores cristiáns á ciencia e á técnica no contexto actual.

Unidade 5 - Coñecer a acción evanxelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos.

Unidade 6 - Entender que a expresión da fe xera beleza a través da arte.

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

1º TRIMESTRE.	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
UNIDADES 1,2. Bloque 1	UNIDADES 3,4. Bloque 2-3	UNIDADES 5,6.Bloque 4

Na práctica reducíanse a 10 sesións trimestrais máis ou menos por diferentes motivos (festivos, climatoloxía adversa, actividades complementarias e extraescolares, etc

Esta previsión de tempo para poder impartir as U.D. é moi escaso debido ao reducido número de sesións para abordar a materia, podendo haber unha diferenza entre o número de sesións que propoñemos para cada U.D. e o resultado final. Esta distribución final podería ser modificada atendendo aos intereses, estado anímico, nivel, comprensión, etc., do alumnado (isto sempre quedaría reflectido no libro de actas do departamento).

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS: PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICA.

(Ver Anexos)

Principais criterios metodolóxicos:

Conceder unha grande importancia á motivación dos alumnos. Moito máis se se ten en conta que bastantes deles conceden pouca importancia académica a estas clases por motivos de sobra coñecidos. De aí que, nas actuais circunstancias, cobre unha capital importancia o tema da motivación dos alumnos.

Para conseguir que os alumnos manteñan unha actitude positiva e activa ante o aprendizaxe, será necesario:

• espertar a súa atención cara a materia que se vai tratar;
• presentarlla como algo que realmente lles pode interesar;
• pórlles ante feitos, conceptos ou datos que estimulen a súa curiosidade;
• facerlles comprender que esa ensinanza é algo valioso en si mesma e que, polo tanto, vale a pena esforzarse , etc.

Tratando de:
Espertar nos alumnos un interese que inxira, dirixa e manteña a decisión de querer aprender. Utilizando para iso unha metodoloxía activa e participativa, na que se conceda unha grande importancia á actividade persoal do alumno/a, suscitando e favorecendo o exercicio das súas facultades e das súas capacidades, contribuíndo a un aprendizaxe mais significativo e, á vez, mais dinámico.
Conectar cos intereses e a vida real dos alumnos/as.

A relixión, no marco escolar, é unha disciplina “entre” as outras e “con” as outras. Non pode ser unha materia “aparte”, senón que debe estar relacionada coas demais áreas curriculares. De aí a importancia de entrar en contacto coa cultura concreta dos alumnos, nun diálogo aberto, crítico e respectuoso cos outros campos do saber.
A luz da fe debe iluminar os saberes que se refiren ao home, á vida, ao mundo, á forma de organizar a sociedade humana. Por outro lado, as demais áreas curriculares poden axudar notabelmente a analizar e completar determinados supostos e contidos do ensino da relixión desde os seus respectivos puntos de vista. A Filosofía, a Historia, a Xeografía, a Lingua e a Literatura, as Ciencias da Natureza e a Arte son as áreas que en maior medida poden incidir na formación doutrinal e relixiosa dos alumnos de Bacharelato

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de Texto.
Biblia , Biblia on line, dicionarios.
Caderno de traballo.
Vocabulario básico.
Documentos de Vaticano II.
Vídeos, páxinas web, artigos periodísticos
Recursos on line (www.anayadigital.com)
Libros de lectura recomendados polo departamento.

8. AVALIACIÓN. CRITERIOS E FERRAMENTAS SOBRE A AVALIACIÓN (PRESENCIAL E NON PRESENCIAL), CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PLAN DE REFORZO.

(Ver en ANEXOS)

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

A diversidade de actividades de avaliación da área de Relixión Católica elaboráronse en función dos seguintes criterios:

Será unha avaliación continua, formativa, orientadora e personalizadora, que aplicarase sucesivamente por medio de actividades de avaliación inicial ou diagnóstica, avaliación formativa ou procesual e avaliación final ou sumativa, e que capacitará ao alumnado para avaliar a aprendizaxe alcanzada e valorar o seu proxecto persoal de vida.

Realizaremos actividades de avaliación que sexan educadoras, autoactivas, de autoaprendizaxe e de heteroavaliación e autoavaliación. Unha avaliación que serva para medir e comparar os resultados obtidos cós obxectivos propostos, así como para sintetizar «o rigor científico-estatístico» da Avaliación cuantitativa con «o persoal e imprevisible» da avaliación cualitativa. E todo elo, dende criterios que midan e avalíen o desenvolvemento das competencias, os seus descriptores e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Utilizaremos variadas técnicas e instrumentos de avaliación dos diferentes modelos de ensinanza..

Ofreceremos actividades en clave de TIC.

A avaliación inicial ou diagnóstica presentase e realiza no libro do alumnado, concretamente na dobre páxina de presentación e na dobre páxina de" Experiencias humanas e cristiáns".

A avaliación formativa ou orientadora desenvolvese no libro do alumnado nos apartados de Experiencias humanas e cristiáns, «os contidos», «a Biblia», as fichas do Obradoiro de intelixencias múltiples e os súas correspondentes actividades e recursos didácticos: lecturas e comentarios dos relatos, exercicios de comprensión lectora, actividades de aplicación persoal e social, traballos de investigación, etc. E, na web do alumnado, realizarase por medio dun exercicio interactivo que propón cada unidade.

Estes apartados e recursos pretenden acadar os obxectivos e desenvolver as competencias da unidade, ao mesmo tempo serven de orientación sobre os avances e os retrocesos no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación final ou sumativa concretase no libro do alumnado no apartado «Aprendín", que contén actividades para resumir, avaliar e reforzar os contidos da unidade. E, na web do alumnado, ofrecese unha proba obxectiva de avaliación.

Estes apartados e recursos teñen por obxectivo comprobar o grao de aprendizaxe final acadado sobre o tema por cada alumno ou alumna, e a aplicación práctica, cultural e existencial que extrae do tema para a súa vida persoal, social e relixiosa.

Aplicaranse sucesivamente tres tipos de avaliación:

Atendendo ao momento en que se realizará a avaliación, o seguimento ao alumno farase en tres fases:

a) Unha avaliación inicial ou diagnóstica para coñecer o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa bagaxe previa de coñecementos. Isto serviranos para adaptar a nosa actuación educativa ás características e posibilidades reais de cada un do noso alumnado. Realizarase ao inicio de cada UD, cunha función formativa e de diagnose da realidade da que parten os rapaces (test autoavaliativos, choiva de ideas, etc.)

b) Unha avaliación Procesual. Feita ao longo do curso co fin de detectar dificultades ou desaxustes na aprendizaxe e tomar medidas para corrixilos. Realizarase a través de actividades habituais de ensinanza (observación na aula, traballos dos alumnos, etc.)

c) Unha avaliación final, ao termo do proceso, para constatar se se conseguiron as intencións do programa de ensino e aprendizaxe. Realizarase cunha función sumativa complementaria da formativa e de diagnose, para comprobar o grao de adquisición das competencias básicas. Non se valoran só os resultados senón a valía do proceso.

Os criterios de avaliación deben estar en lóxica correspondencia cos obxectivos e as competencias. Fomentaremos sempre a consecución da competencia dixital, animando ao alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico; e utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.

É importante insistir en que a fe do alumno (téñaa ou non), non é o obxectivo da avaliación, e esta deberá respectar a intimidade da conciencia persoal de cada un, o que obriga ao profesor de relixión a avaliar tan só as competencias básicas que se propoñen na materia dende esta programación

8.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN cualificación e promoción.

Os criterios de avaliación terán como referencia a consecución das competencias básicas. Aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao finalizar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro acadado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración axeitada da dedicación, o esforzo e o rendemento de todos os estudantes.

8.2.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Farase unha avaliación continua a través das “auto avaliacións” correspondentes a cada unidade. Así mesmo cada 2 unidades realizarán unha proba obxectiva de avaliación e o baremo de puntuación será o seguinte :

Cada resposta correcta equivale a un punto ou dous, dependendo de se son dez ou cinco as preguntas que se fagan. O resultado de ditas probas fará media coas puntuacións obtidas cós procedementos e valores do alumno ao longo do trimestre. Sendo necesario obter unha nota de 5 para superalo. Ver en anexos as rúbricas do exame, así como as rúbricas da presentación do traballo escrito ou as da exposición do traballo oral.

Observarase tamén:

1.- O bo estado do material de traballo.
2.- O Caderno (presentación esmerada, actividades ben feitas).
3.- O interese e laboriosidade no aula.
4.- As preguntas orais que se fagan na clase, por correo electrónico ou aula virtual, se o ensino é non presencial.
5.- Probas de avaliación tipo test.
6.- Probas de avaliación ao finalizar a unidade didáctica.
7.- Probas de avaliación trimestrais. A realización de **probas escritas** (se se considerasen oportunas), ou **traballos obrigatorios**, (individuais ou en equipo). Tamén é destacable a observación directa na clase.
8.- Traballos sobre folletos, libros, vídeos, etc.
9.- Concursos.
10.- A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

8.3.CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CALIFICACIÓN
Avaliación do traballo competencial	
Probas de avaliación escritas ou orais	
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Valores (Adquisición dos valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo dese xeito un espírito crítico e solidario)	
Calificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAJE EN LA NOTA FINAL
1.ª evaluación	
2.ª evaluación	
3.ª evaluación	
Calificación total	

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A suma dos resultados obtidos nas puntuacións dos contidos que contribúen a adquisición dos obxectivos e a acadar as competencias, dividirase entre tres.

Conxunto de coñecementos. 50%
Conxunto de habilidades e destrezas: 25%
valores: 25%.

Recordamos de novo que o Departamento de Relixión e o de Filosofía (Valores Éticos), seguindo as indicacións do Xefe de Estudos, reunímonos para acordar as porcentaxes de maneira conxunta. E concluímos as seguintes porcentaxes (Acta 7 do 20-3-2018).

Comunicación Lingüística 20%
Comunicación Dixital 10%
Aprender a aprender 15%
Competencia Social e Cívica 20%
Conciencia e Expresión Culturais 20%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor 15%

O alumnado que non promocione en Xuño, terá unha proba extraordinaria en Setembro.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. (Ver tamén en Anexos a enquisa da avaliación da profesora)

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.				
Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.				
Presento os contidos dando unha visión xeral do tema				
Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..				
Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.				
Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación				
Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais				
Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: Fágoos a sorteo. Fago os grupos por niveis. Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis				
Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2				
Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora				

Emprego medios técnicos audiovisuais.				
Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos…) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				
Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
Reviso e corrixo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.				
Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.				
No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.				
Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				
Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: Promoción do alumnado. Adopción de medidas de atención á diversidade. Elaboración do Consello orientador.				
Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación				
Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.				
Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado				
O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan				
O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.				
Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. Listas de control. Escalas de valoración. Anecdotario. Diarios de clase.				
Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: Coherentes cos estándares de aprendizaxe . Adaptados a diversidade dos alumnos. Diferentes según os contidos tratados				

Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación				
Emprego a autoavaliación do alumnado				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN . A principios de curso o departamento celebrará unha xuntanza cos alumnos que teñan a materia de relixión pendente, atendendo as posíbeis suxestións que o alumnado faga e axustando os horarios da profesora cós dos alumnos para a organización das actividades de seguimento.

O alumando coa materia pendente terá recuperacións cada trimestre e non cadrarán as datas cos exames ordinarios. As unidades serán as mesmas que nos exames ordinarios.

Disporán dun seguimento ao longo do curso, ben de forma directa no centro nas horas que previamente dispoñamos ou ben a través de correo electrónico onde se atenderán as súas dúbidas

Se o alumno non acadara aprobar en Xuño, poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, a profesora de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumnado. A profesora poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar as competencias.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO.

Este apartado non é requirido para a materia de Relixión. Pero no Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

1. Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.
2. Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.
3. Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

12. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Esta avaliación inicial na materia de Relixión farase a nivel de clase ao comezo de curso, preferentemente na segunda quincena de Setembro, xa que se debe coñecer aos alumno/as cos que se vai a traballar. Para iso contamos coas seguintes ferramentas:
Probas iniciais, tendo en contas cales son os coñecementos previos dos/as alumno/as.
Observación na aula.
Información doutros profesores, expediente académico etc.
Cuestionarios.

Listas de control, etc.

MODELO DE REXISTRO DUN INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

INFORME AVALIACIÓN INICIAL			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Dificultades na materia de Relixión: Falta de capacidade. Falta de base académica. Problema de comprensión. Problema de expresión. Faltas de ortografía.			
Actitude cara a materia de Relixión: Traballo. Atención. Interese. Participación. Respecto.			
Medidas propostas como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial: Reforzo educativo na aula. Control do traballo na aula. Fomentar a autoestima. Integración no grupo. Control de absentismo. Outras medidas a adoptar.			

MODELO DE GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN			
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Información do titor/a sobre: Información relevante dos informes individualizados. Repetidores/as. Ambiente sociocultural e familiar. Outras informacións relevantes. Problemas do grupo.			
Intercambio de información entre o profesorado: Primeiras impresións. Resultados da avaliación inicial nas diferentes materias. Detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe.			
Toma de decisións: Actividades de reforzo ou adaptación curricular, ampliación ou recuperación. Exencións da 2ª lingua estranxeira (francés 1º e 2º de ESO). Axuste das programacións. Outras medidas en relación coa convivencia, comportamento, asistencia…			
Decisións e acordos sobre o proceso de avaliación inicial:			

13. MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE

A actuación educativa versará sobre dous aspectos: as aprendizaxes terán que ser significativas, pero tamén terán que satisfacer os futuros intereses.

Tratando de atender a todo o alumnado e respectando as súas peculiaridades persoais, ademais da variedade e heteroxeneidade das motivacións e intereses que presente o alumnado, pois aumenta progresivamente dende o comezo da ESO.

Esta diversidade maniféstase en diversos ámbitos, todos eles interrelacionados, como son :
A Capacidade para aprender, concibida como un desexo por conseguir certos aprendizaxes.
A motivación por aprender. Os factores ou condicionamentos dos que depende a motivación son moi variados: por un lado, o historial de fracasos ou éxitos que haxa tido o alumno/a; por outro, a significación e funcionalidade das aprendizaxes realizadas. Por iso tratarase de realizar unha aprendizaxe significativa, que teña sentido para o alumnado, e terase en conta a súa funcionalidade, e dicir que teña un valor práctico e poida ser transferible a outras situacións e lles serva de base a novas aprendizaxes.

Os intereses persoais , pois son un factor condicionante da motivación por aprender, (o feito de que esta materia sexa optativa, axuda bastante neste punto)

Os estilos de aprendizaxe. Terase en conta que o alumnado pode mostrar diferenzas respecto a:
Tipos de pensamento (reflexivo, (tomase tempo para analizar a tarefa) o impulsivo. Analítico, (abordase a tarefa dende unha perspectiva máis ampla ou global para logo ter en conta os detalles), ou sintético, (do particular ao global)…
Modalidade sensorial preferente Alumnos que utilizan máis a auditiva, ou a visual…
Nivel de atención á tarefa.
Tipo de reforzo.
Preferencias de agrupamento Hai alumnado que traballa mellor so, outros prefiren en pequenos grupos…
Por iso ao longo do curso faranse traballos tanto individuais coma en grupos, e variará o número de compoñentes dependendo da tarefa. (exposición de traballos por grupos, concursos, etc)

Faranse por tanto grupos flexibles, e os seus compoñentes poden variar en función dos obxectivos que se pretenden, así un alumno pode pertencer a un grupo nunha determinada actividade e deixalo para integrarse nun novo grupo onde realizará outras actividades. Creándose grupos distintos, sempre estruturados e todos os implicados terán que coñecer os obxectivos que se pretenden con ese agrupamento. Intentase facilitar deste xeito ao alumnado a consecución dos obxectivos que se pretende ao mesmo tempo que trata de respectar as súas características.

As dificultades de certos alumnos/as que poden presentar necesidades educativas especiais permanentes, presentando dificultades que poden ser moi variadas: de carácter psicomotor, de orixe sensorial, de carácter intelectual, de retraso no desenvolvemento, na maduración, etc. Terase en conta a dificultade que presente, así como o asesoramento da orientadora, para paliar na medida do posible a súa dificultade.

ACTIVIDADES DE REFORZO.

As actividades van a variar dependendo de si o alumnado presenta necesidades educativas especiais permanentes , de tipo puntual ou temporal, por estar atravesando unha situación problemática, etc. De todos os xeitos o alumnado necesitará unha axuda especial que lle dea unha resposta ás súas necesidades educativas.

O reforzo poderá ser tanto durante, paralela, ou posteriormente a clase “ordinaria”, e dicir faranse actividades educativas que proporcionen respostas a unha situación de dificultade, atraso,

atasco ou retroceso escolar dun alumno respecto á marcha do seu grupo-clase , para deste xeito eliminar ou diminuír a incidencia desas carencias ou dificultades.

Dependendo da súa necesidade os alumnos-as que o precisen, realizarán o mesmo traballo cos seus compañeiros pero eliminaranse contidos adecuados a unha necesidade específica.

En termos xerais trataraase de reforzar as técnicas instrumentais (linguaxe oral, lectura, escritura, razoamento), os hábitos de traballo (especialmente na ESO), as técnicas de traballo, e os coñecementos propios da área de relixión.

Faranse por tanto grupos flexibles e traballarase o mesmo tempo un ensino individualizado no cal se teña moi presente o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e a súa capacidade de desenvolvemento.
Reparto equilibrado dos contidos. Distribución dos contidos por trimestres.
Repaso cíclico dos contidos.
Avaliación continua de xeito que se podan repasar e fixar contidos máis facilmente.
Actividades de repaso ao final de cada tema, elaboración de traballos complementarios,…
Traballar cun método individualizado e tendo en conta o punto de partida de cada alumno/a, a súas dificultades específicas e a súa evolución. Algúns poden levar traballo para facer na casa se o seu ritmo de traballo na aula é máis lento co dos seus compañeiros-as.
Emprego da aprendizaxe cooperativa como método de axuda entre iguais.
Propiciar un ambiente de socialización que faga evidente a función comunicativa, cooperación e corrección colectiva, traballos en grupo e posta en común, etc.
Propor actividades de investigación que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o seu ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
Utilización dunha linguaxe directa e clara na exposición dos contidos, evitando todo tecnicismo innecesario.
Emprego de cadros-resumo coas ideas fundamentais, para unha maior facilidade de memorización.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Cando por mor das necesidades educativas específicas do alumnado, sexa necesario facer unha adaptación curricular, farase de acordo as necesidades que presente o alumno-a, asumindo a diversidade coma un reto ao que dar resposta nun marco integrador, e dicir coma unha estratexia de adecuación curricular ou un procedemento que posibilita adaptar o currículo ás características propias do alumnado que o precisa.

En definitiva partirase da avaliación psicopedagóxica realizada onde se determine o nivel de competencia curricular do alumno-a, pois iso servirá como punto de partida básico para la elaboración da proposta curricular alternativa e coa axuda do psicopedagogo do centro elaborarase a proposta curricular que se corresponda coas necesidades educativas que o alumno-a presente, sempre optado por aquelas medidas de adecuación que manifesten un maior potencial normalizador.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

En relación co tratamento dos temas transversais en Bacharelato cabe destacar que en cada unidade trataranse varios temas transversais que estean relacionados cos contidos correspondentes, analizando diversas situacións e fomentando a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo e a confianza nun mesmo así como o sentido crítico.

Ademais da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tic, a educación cívica e constitucional, traballaranse dun xeito especial os seguintes valores ao longo do curso.

- **Educación para a Convivencia (Moral e Cívica).**

Comprensión, respecto e tolerancia ante crenzas e expresións distintas as nosas .
Coherencia entre as palabras e as obras.
Recoñecemento e acollida dos valores vividos por Xesús: perdón, solidariedade, axuda…
Responsabilidade ante as tarefas asumidas.
Aceptación libre dun código ético que oriente a vida persoal.
Aprecio e defensa dos valores democráticos.
Reflexión ética sobre os feitos, actitudes, comportamentos (hedonismo, consumismo).
Valoración das utopías e dos proxectos humanos que axudan a mellorar a sociedade.
A moral como arte de vivir.
Compromiso solidario para a construción dun mundo mellor.

- **Educación para o consumo.**

Actitude crítica ante o consumismo, a feroz competición por acaparar, ter máis, ser mais rico, facendo o que sexa para conseguilo.

- **Educación para a Paz.**

Diálogo con outras culturas e relixións para poder compartir experiencias e superar prexuízos.
Descuberta da importancia dos valores nas persoas.
Recoñecemento e valoración da gratuidade, a xustiza, a liberdade e o amor como criterios evanxélicos para interpretar a realidade.
Actitude positiva ante o troco e os transformacións sociais.
Actitude de fraternidade, amor, aceptación de conflitos no grupo.
Valoración da cooperación, colaboración e participación fronte á competición.
Aceptación crítica dos distintos modos de pensar e de vivir.
Valoración dos esforzos realizados a favor da paz.
Aprecio e solidariedade coas persoas e institucións que traballan pola paz e a xustiza.
Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

- **Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.**

A igualdade e corresponsabilidade nas relacións de parella.
Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

- **Educación multicultural.**

Recoñecer á Igrexa actual como unha institución transnacional máis multiétnica e multicultural: está implantada en todos os lugares, ten xerarquía e clero de todas as razas, celebra a súa liturxia en todas as linguas, etc.

- **Educación para Europa.**

Fanse explícitos os valores cristiáns na construción de Europa; sinálanse múltiples elementos culturais e obras de arte de orixe cristián.

- **Educación Ambiental.**

Aprecio polos lugares que forman parte do noso patrimonio cultural e relixioso.
Sensibilidade para descubrir necesidades e problemas no entorno.
Respecto e coidado cara o patrimonio artístico, cultural e relixioso.
Valoración da historia como camiño de procura e realización persoal e colectiva.
Sensibilidade e aprecio polos valores ecolóxicos.

- **Educación non sexista.**

Sublíñase o feito de que para o cristianismo somos todos iguais (Gal 3, 28); e que Deus escolle a mulleres para misións moi especiais; Xudit, Ester, María, Santa Catalina de Siena, Sta. Teresa de Xesús, etc...
Se abordará o papel da muller na Igrexa desde unha perspectiva bíblica, cultural e teolóxica.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROOXECTO LECTOR

O departamento de relixión ten previsto seguir colaborando en todas as actividades que programa a Biblioteca para o curso.

Así mesmo a profesora de relixión forma parte do grupo de traballo da biblioteca A3P que dedican parte do seu horario a facer gardas de Biblioteca, actividades de préstamo de libros (proxecto MEIGA), e o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Participamos tamén dedicando un tempo á lectura na aula seguindo o calendario marcado pola biblioteca.

O Departamento de Relixión propón e aconsella algunhas lecturas que considero bastante axeitadas para o noso alumnado, e poden dispoñer delas na Biblioteca do centro

- "El hombre en busca de sentido". Victor Frankl.
- "Dios existe yo me lo encontré". Andre Frossard.
- "Si lo dicta el corazón". María Menéndez.
- "Vida después de la vida" Raymon A. Moody
- "El regreso del hijo pródigo" (meditaciones ante un cuadro de Rembrandt).Henri J.M. Nouwen
- La Biblia Manga. Siku

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización en todos os ámbitos: educativos, familiares ou de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a súa escolarización obrigatoria, alcanzara unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada; todo isto tendo en conta a situación xeográfica, social e persoal do alumnado, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles no centro.

Dende o departamento de relixión tense previsto neste curso:

Un maior uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.

Lograr que os nosos alumnos coñezan a páxina Web do centro e a utilicen como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa. Fomentar dita páxina web onde o departamento ten unha serie de páxinas para que o alumnado poida visitar, e onde se recollen tamén os criterios de avaliación deste departamento.

Animar ao alumnado a que entregue os seus traballos en soporte electrónico, que presente ditos traballos, voluntarios ou obrigatorios, nos formatos Word, Powerpoint ou Prezi, e que utilice o ordenador como medio de creación, de cooperación e de expresión das propias ideas.

Contribuír a que os nosos alumnos aprendan a utilizar correctamente Internet así como o teléfono móbil, pois é un potente aparello tecnolóxico amplamente difundido entre a comunidade educativa que, ben utilizado, nos ofrece unha oportunidade de mellora da actividade escolar.

Impulsar a comunicación dos nosos alumnos con outros alumnos de Relixión doutros centros.

Dar a coñecer e invitalos a utilizar páxinas Web relacionadas coa materia.

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVICENCIA

O Departamento de Relixión contribúe ao Plan de Convivencia de centro:

- Educando ao alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Respectando a liberdade de conciencia e convicción relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- Cumprindo e facendo cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito da súa competencia.
- Fomentando un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Mantendo a orde e velando polo axeitado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Informando as familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- Controlando as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informando aos titores, segundo o procedemento establecido.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

A realización destas actividades está condicionada ao protocolo que se estableza no centro e se determine no Plan de adaptación a situación COVID-19 no actual curso.

Para este curso :

- Non imos expor o Belén como tódolos anos por razóns obvias de problemas de espazo por mor das adaptacións no centro ás medidas de prevención e protección fronte ao COVID e porque a montaxe non é viable dadas as circunstancias pois, hai que evitar formación de grupos, evitar que o alumnado estea encarado, gardar distancias, non compartir material, etc. Será un reto imaxinativo para o alumnado e para min idear solucións alternativas como visionar imaxes dos realizados outros anos ou proxectar outros que fixeran eles nas súas casas, etc.
- Pretendese seguir coa actividade de S. Valentín na que os alumnos poderán manifestar tenrura, amizade, admiración, sentimentos positivos, etc. Unha educación na tenrura para combater a violencia.

- Colaborar coa Biblioteca A3P na celebración do día da Paz.

- Por medidas hixiénicas e por temor a contaxios, este curso suspéndese a actividade de recollida de tapóns, e retiramos as caixas e contedores do centro ata que esta situación volva a total normalidade. Seguiremos sensibilizando na solidariedade coas persoas necesitadas e no coidado do medio ambiente.

- Realizar un tramo do camiño de Santiago, esta actividade está prevista en colaboración co Departamento de Educación Física con alumando de 2º ESO. No primeiro trimestre, farán o tramo do camiño inglés que pasa por Cambre. Cabe destacar, que como no ano **2021** será o vindeiro **Ano Santo Compostelán**, o Departamento de Relixión propón dar a coñecer aos seus alumnos ao longo dos vindeiros cursos, máis información sobre este apaixonante tema, no que está imbuída non só a historia e cultura de Galicia, senón tamén de España e Europa.

- Invitar a unha ONG ao centro para concienciar ao alumnado en actividades de voluntariado e solidariedade.

- Visitar co alumnado de 1º de Bacharelato unha mostra de arquitectura relixiosa (catedral, igrexa, capela, etc) para que o alumando coñeza as expresións relixiosas da cultura e da arte, e faga unha pequena rota de peregrinaxe, esta actividade vai depender do número de alumnos que teñamos así como se podemos realizala xunto con outro departamento para completar as prazas do autobús e sempre que a situación COVID-19 mellore.

- Gustaríame que o alumnado de relixión en bacharelato asistira as charlas do congreso "Lo que de verdad importa", pero esta actividade vai a depender totalmente de como evolucione a actual situación xa que recomendase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de realizala a organización tería que cumprir estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforo que garantan a seguridade do alumnado ou ser online, de non ser así tamén se suspendería.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Neste apartado pretendemos promover unha reflexión como docentes e facer unha autoavaliación da realización e o desenvolvemento da nosa programación didáctica. Para elo, ao finalizar cada unidade didáctica farémonos unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras na seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación e irémola completando según as necesidades de avaliación e mellora. Estas necesitades de mellora quedarán reflectidas na nosa memoria de fin de curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A SALIENTAR…	A MELLORAR…	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descriptores e desempeños competenciáis			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

ANEXOS

ANEXO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

CURSO 2020 / 2021

IES DAVID BUJÁN

ANEXO Á PROGRAMACIÓN POR MOR DO ESCENARIO COVID-19

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación , Universidade e Formación Profesional nas que se recollen o establecemento dun plan de reforzo e a previsión de tres posibles contextos ensino presencial, semipresencial e telemático.

AVALIACIÓN INICIAL E PLAN DE REFORZO

Na primeira semana do curso realizarase unha avaliación inicial para a realización da cal teranse en conta os informes individualizados elaborados o curso pasado. Trátase dunha proba inicial onde se valorarán os contidos mínimos que o alumnado debería ter consolidados do curso anterior e o coñecemento individualizado do alumnado a partir das súas intervencións na aula.

Os resultados desta proba diagnóstica permitirán establecer o método de recuperación dos contidos non impartidos durante o período de suspensión das clases. Esta recuperación poderase facer ben reforzando estes coñecementos a principio do curso sobretodo de temas non incluídos no terceiro trimestre do curso pasado (ESO unidades 7-8-9 Bloque 4: Permanencia de Xesucristo na historia: A Igrexa; e BACH unidades 5-6 Bloque 4: A Igrexa, xeradora da cultura ao longo da historia), ben ao longo do mesmo cando sexan imprescindibles para comprender e avanzar nos coñecementos do novo curso ou ben tamén cando aparezan eses contidos no libro, pois toda a programación didáctica de secundaria e bacharelato está vertebrada en torno a catro bloques de contido. Estes catro bloques compoñen a materia de relixión católica e en tódolos cursos vólvese sobre eles de maneira que o alumnado vai afondando e ampliando de maneira progresiva estes contidos en cada curso, polo tanto estes coñecementos serán afondados seguindo as necesidades individuais do alumnado.

E para tódolos cursos os estándares correspondentes aos **bloques 4** serán obxecto de maior atención durante todo este curso xa que foron bloques eliminados na adaptación da programación do departamento no terceiro trimestre do curso pasado e, polo tanto, non foron avaliados en xuño e tampouco na proba extraordinaria de setembro.

Medidas metodolóxicas e organizativas

Nas primeiras semanas do curso asegurarase de que o alumnado coñece o funcionamento e a metodoloxía que seguirá no caso de ter que realizar o ensino a distancia. É dicir que o alumnado é competente no uso da aula virtual ou calquera outro recurso ou plataforma que o departamento estableza como necesario nun escenario de ensino non presencial. O alumnado terá que saber entrar e saír da aula, consultar os materiais publicados e subir as súas tarefas nos formatos requeridos.

En canto á **metodoloxía de ensino presencial** seguiremos o apartado 6 da nosa programación anual, facendo fincapé en actividades de autocorrección, aprender a aprender e autoestudo para asegurarse de que o alumnado acada unha maior autonomía no proceso de aprendizaxe , tamén puntualizar que no apartado b) dos principais criterios metodolóxicos cando falo de grupos ou parellas, por mor do COVID-19 non poden ser físicas dentro da aula, xa que en todo momento deben de estar distanciados e non poden compartir materiais . Somos conscientes de que este curso imos ter un gran reto: minimizar o risco de contaxio. Por iso, serán levadas a cabo todas as medidas de hixiene, organizativas e pedagóxicas do Plan COVID do noso centro, pero estes grupos/parellas poden intercambiar e interactuar dende as súas casas telemáticamente e axudarse mutuamente nos traballos en común. Esta necesidade de colaboración faise máis patente se temos en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar

determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial. Aténdese así tamén os aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades de este tipo. Referente a **metodoloxía ensino a distancia.**
(Metodoloxía alumnado con conectividade e sen conectividade)

En momentos de confinamento considero mellor utilizar máis unha aprendizaxe baseado no Pensamento (Thinking Based Learning) que lles ensine a contextualizar, analizar, relacionar, argumentar e converter a información en coñecementos e desenvolver destrezas do pensamento máis alá da memorización.
Así como Pensamento de Deseño (Design Thinking) que me permite identificar os problemas individuais do alumnado, xerar ideas, resolver problemas creativamente. Por iso as tarefas son seleccionadas atendendo este criterio. Para axudalos tamén animicamente e que continúen cunha certa rutina de traballo escolar pero sen sobrecargalos nin xerar máis presión as familias.

O enfoque metodolóxico baséase en catro eixos:
- Promover o desenvolvemento das competencias básicas.
- Fomentar un enfoque globalizador e interdisciplinar
- Ter en conta os coñecemento previos
- Prioriza valores de cooperación, respecto e aceptación.

Se nos criterios metodolóxicos da ensinanza presencial eran importantes os traballos en grupos, aquí na semipresencial e na telemática adquire unha maior relevancia polo feito de que queda máis patente a necesidade de comunicarse, colaborar, compartir información, cooperar, en definitiva cada un segundo as súas competencias aporta algo a elaboración dos traballos. Todo isto favorece a auto-aprendizaxe e o uso das TIC nos momentos de confinamento.

O inicio do curso faranse grupos para que poidan comunicarse telemáticamente para elaborar traballos dende a casa e poder expoñelos na aula ao resto dos compañeiros cando sexa semipresencial.

Durante o seguimento, recollida e resolución de dúbidas do traballo do alumnado, empregaremos principalmente correo electrónico, aula virtual, ou outro medio telemático o alcance de todos.

No caso de alumnado con algunhas necesidades especiais, as tarefas coordínanse co titor e seguindo as directrices da orientadora.

Para o alumnado sen conectividade ou que teña dificultades de conexión, falla de equipamento, etc. contactarase cos titores e coa dirección do centro para tratar de solventar os posibles problemas que puidera ter e axudalo ata que a consellería adopte as medidas oportunas

Desenvolvemento do curso en posibles escenarios.

Nun curso tan diferente coma este o uso da Aula virtual, das contas de correo do alumnado e as videoconferencias serán usados para comunicarnos tanto coas familias como co alumnado (sobretodo no caso de non poder acudir ao instituto) e por suposto tamén co resto do profesorado do claustro.

Ensino presencial: reflectido na programación do departamento.

Ensino semipresencial: no caso do alumnado que non poida asistir a clase presencial, cada curso contará cunha aula virtual a través da cal poderá seguir a marcha do curso e entregar as actividades que se indiquen nos prazos e forma requeridos, sempre que a súa saúde llo permita. Se o grupo enteiro estivese confinado, as clases levaríanse a cabo no horario habitual do grupo e habería control de asistencia. En canto as tarefas seguirían o escrito anteriormente.
No caso de non poder asistir a calquera exame, proba ou control terá que facelo logo da súa volta ao instituto e de que a profesora acorde unhas datas para a súa realización. Os criterios e porcentaxes de avaliación serán os mesmos que no ensino presencial.

Sabemos que este escenario vai facer máis lenta a impartición das clases, polo tanto prevese que habería que recortar de novo os mínimos de cada curso.

O uso do correo electrónico e da Aula virtual serán imprescindibles. O alumnado poderá comunicarse co profesorado e tamén preguntar as súas dúbidas por esta canle.

No caso deste tipo de ensino o profesorado reforzará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e manterá unha estreita comunicación coas familias a través do titor/a.

Ensino telemático: no caso de suspensión das clases, estas se levarían a cabo no horario habitual do grupo e habería control de asistencia. O alumnado terá a súa disposición todo o material e observará escrupulosamente os prazos e forma de entrega (telemática) dos traballos. Así mesmo, poderán usar o correo electrónico ou videoconferencia para consultar dúbidas ou cuestións coa profesora, e igualmente para aclarar cuestións coas familias.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Criterios de cualificación

Ensino presencial: de se desenvolver o curso de xeito presencial, mantense o sistema establecido na programación xeral (apartado 8 da programación de cada curso).

Ensino semipresencial: mantense o sistema establecido na programación xeral (apartado 8 da programación de cada curso) en canto aos exames, probas e controis procurarase unha nova data para a súa realización ao volver ao instituto. As tarefas realizadas dende a casa teranse en conta.

Ensino telemático: estableceranse as probas online que se consideren oportunas pero tamén se terá en conta as tarefas entregadas escrupulosamente en prazo e forma.

*RÚBRICAS PARA AVALIAR:

- UN EXAME
- A REDACCIÓN E A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS
- A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS
- RESUME DUNHA LECTURA CRÍTICA
- UN DEBATE

*AVALIACIÓN DO PROFESORADO.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUN EXAME

	SOBRESAINTE 2.5	NOTABLE 2	BEN 1.5	SUFICIENTE 1.25	INSUFICIENTE 1
PRECISIÓNS NAS RESPOSTAS	Todas as respostas desenrolan o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenrolan o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenrolan o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenrolan o tema con claridade, precisión e concisión.	Ningunha das respostas desenrolan o tema con claridade, precisión e concisión.
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.
Nº DE PREGUNTAS RESPONDIDAS	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu polo menos o 50% das preguntas.	Respondeu una porcentaxe menos do 50% das preguntas.
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Existen poucos erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Existen algúns erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Existen bastantes erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.

RÚBRICA PARA AVALIAR A REDACCIÓN E A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

	SOBRESAINTE 2.5	NOTABLE 2	BEN 1.5	SUFICIENTE 1.25	INSUFICIENTE 1
REDACCIÓN	O traballo está ben estruturado, non presenta erros ortográficos e cumpre na súa totalidades coa estrutura de introdución, desenrolo, conclusión-opinión persoal e bibliografía.	O traballo encóntrase ben estruturado nun 70-80%, case non hai erros ortográficos e cumpre na súa totalidade coa estrutura, introdución, desenrolo, conclusión-opinión persoal e bibliografía.	O traballo encontrase ben estruturado nun 60%, presenta poucos erros ortográficos e cumpre na súa totalidade coa estrutura, introdución, desenrolo, conclusión-opinión persoal e bibliografía.	O traballo encontrase ben estruturado nun 50% ten algún erros ortográficos e non cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenrolo, conclusión-opinión persoal e bibliografía.	O traballo non está estruturado , existen bastantes erros ortográficos e fáltalle parte ou totalidade da introdución, do desenrolo, da conclusión-opinión persoal ou da bibliografía.
CONTIDO ARGUMENTACIÓN DE IDEAS	Abórdase o contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Nalgúns parágrafos non se aborda nada o contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas e case non hai erros .	Un 40% do texto non ten relación co contido que se pediu. Presenta ideas que argumenta con debilidade.	A metade dos parágrafos non fan alusión ao tema pedido. Presenta ideas sen argumentar.	So se menciona o tema pedido, pero non se aborda. Non presenta ideas o as que presenta non están argumentas.
PRESENTACIÓN E LIMPEZA. ORIXINALIDADE	O traballo está presentado con pulcritude, limpeza e moi esmerado. Moi orixinal na presentación.	O traballo está presentado con pulcritude pero non é moi esmerado. Bastante orixinalidade na súa totalidade.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous o tres tachóns. Ten partes orixinales.	O traballo ten dobreces e máis de tres tachóns. Non é moi orixinal.	O traballo está presentado cun gran número de dobreces e tachóns. Non amosa orixinalidade.
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realizase na data indicada.	A entrega realizase no día indicado pero con atraso.	A entrega realizase con un día de atraso.	A entrega realizase con tres días de atraso.	A entrega realizase despois de pasados tres días da data indicada.

RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS

	SOBRESAINTE 2.5	NOTABLE 2	BEN 1.5	SUFICIENTE 1.25	INSUFICIENTE 1
PRESENTACIÓN	O estudante preséntase de xeito formal e da a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O estudante presentase de forma rápida e da a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O estudante preséntase de forma rápida e comenda a súa exposición sen mencionar o tema do que trata.	O estudante preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	O estudante empeza a súa exposición sen facer una presentación inicial.
XPRESIÓN ORAL VOLUME DE VOZ EXPRESIVIDADE	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente coas ideas expostas. O seu volume de voz é suficientemente alto como para ser escoitado dende todas as partes do aula. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeneran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	O vocabulario é adecuado e a expresión é clara na presentación das ideas expostas. O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda ás veces, cando dúbida, baixa o volume. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeneran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces pérdese e nin presenta toda a información.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas. Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás si se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xenera en algunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces non presenta toda a información.	Ten un vocabulario moi básico e problemas para transmitir con claridade as súas ideas. O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran una actitude pasiva e non xeneran moito interese pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas. O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula. Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xenera interese no xeito de falar.
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO RECURSOS DIDÁCTICOS	Expón claramente o traballo e aporta referencias aos coñecementos traballados. Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou. A exposición acompañase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados. Explica todos os pasos claramente, pero liouse un pouco ca orde. Soporte visual axeitado e interesante na súa xusta medida.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona cos coñecementos traballados. Explica todos os pasos claramente, pero liouse na orde e foi necesario reorganizarlle a través de preguntas. Soporte visual axeitado.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados. Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade. Soporte visual non axeitado.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada. Sen soporte visual.
TEMPO ORIXINALIDADE	O alumno utilizou o tempo axeitado e pechou correctamente a súa presentación. Moita orixinalidade na presentación e respecto na autoría das fontes.	O alumno utilizou un tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control de tempo. Bastante orixinalidade. Puxo algunha bibliografía e sinala algunha páxina web utilizada.	O alumno utilizou o tempo axeitado, pero faltoulle pechar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo axeitado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación. Cita algunhas fontes.	Excesivamente longo o insuficiente para poder desenrolar o tema correctamente. Pouca biografía.	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíuse do tema. Sen biografía.

RÚBRICA PARA AVALIAR O RESUME DUNHA LECTURA CRÍTICA

	SOBRESAINTE 2.5	NOTABLE 2	BEN 1.5	SUFICIENTE 1.25	INSUFICIENTE 1
CLARIDADE NA EXPOSICIÓN DAS IDEAS	As ideas están ben estruturadas en parágrafos claramente definidos e acorde cas ideas máis importantes del texto.	A estrutura dos parágrafos está acorde coas ideas do texto.	A estrutura dos parágrafos é sinxela, pero correcta, acorde coas ideas do texto.	A estrutura está pouco definida.	O texto non ten estrutura lóxica nos seus parágrafos ou simplemente non se fai separación de ideas mediante parágrafos; é un so parágrafo sen estrutura.
CRÍTICA	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema fundamentada no coñecemento deste e documentada con outras lecturas.	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, pero non está ben fundamentada no coñecemento deste e non está documentada con outras lecturas.	Identifica as ideas do autor, as analiza e as desenrola pero sen comentarios.	Identifica as ideas do autor, pero non as analiza e non as comprende con claridade.	Non identifica as ideas do autor e mostra confusión de ideas.
FONTE	A fonte está citada correctamente.	A fonte está citada, pero falta un dato.	A fonte está citada, pero faltan algúns datos.	A fonte está citada, pero de xeito incorrecta: inclúe datos que non corresponden e omite outros que si son importantes segundo o establecen as metodoloxías.	A fonte non está citada ou está mal citada, de tal xeito que é imposible acceder a ela coa información proporcionada.
GRAMÁTICA, ORTOGRAFÍA E EXTENSIÓN	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. A extensión do texto é a adecuada, pois presenta a totalidade de ideas importantes do contido lido, ademais dunha reflexión do alumno ou da alumna.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación A extensión do texto é adecuada, pois presenta case a totalidade de ideas importantes do contido..	Existen dous erros gramaticais, ortográficos, ou de puntuación A extensión do texto é pouco adecuada, pois é lixeiramente corto ou lixeiramente extenso.	Existen tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación A extensión do texto é inadecuada, pois non trata a totalidade das ideas do contido ou ben é máis extenso do conveniente..	Existen máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación A extensión do texto é completamente inadecuada: é demasiado breve ou demasiado extenso..

RÚBRICA PARA AVALIAR UN DEBATE

	SOBRESAINTE 2.5	NOTABLE 2	BEN 1.5	SUFICIENTE 1.25	INSUFICIENTE 1
DEFENSA DA SÚA POSTURA CAPACIDADE DE ESCOITAR AOS SEUS COMPAÑEIROS RESPECTO DO USO DA PALABRA E DAS IDEAS DOS DEMAIS	Mantén a defensa da súa postura ao longo de todo o debate. Escoita aos seus compañeiros atentamente e analiza os seus argumentos. Sempre espera a súa quenda para facer uso da palabra e o solicita con respecto e con orde. Respecta sempre as opinións dos demais.	Mantén a defensa da súa postura nun 80% do tempo de debate. Escoita aos seus compañeiros e analiza os seus argumentos Sempre espera a súa quenda para facer uso da palabra e o solicita con respecto pero non con orde. Respecta as opinión dos demais..	Mantén a defensa da súa postura nun 60% do debate. Escoita aos seus compañeiros atentamente, pero se distrae en ocasións e non analiza os seus argumentos. En máis de tres ocasións non espera a súa quenda para facer uso da palabra e, cando o solicita o fai con respecto pero non con orde. Respecta as opinión dos demais.	Maten a defensa da súa postura menos do 60% do tempo de debate Escoita aos seus compañeiros atentamente, pero se distrae a metade do tempo e non analiza os seus argumentos. En máis de tres ocasións non espera a súa quenda para facer uso da palabra e, cando o solicita, non o fai con respecto nin con orde. Non respecta as opinións dos demais.	Non mantén a defensa da súa postura durante o debate. Non escoita aos seus compañeiros nin analiza os seus argumentos. Sempre interrompe para facer uso da palabra e non respecta as opinións dos demais.
VOCABULARIO E ARGUMENTACIÓN	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente coas ideas expostas. Todas as ideas expostas están ben argumentadas	O vocabulario é adecuado e a exposición é claro na presentación das ideas expostas. Unha das ideas non está ben argumentada.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas. Dúas das ideas non están ben argumentadas.	Ten un vocabulario moi básico e problemas para transmitir con claridade as súas ideas. Máis de tres ideas non están ben argumentadas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas. Ningunha idea está ben argumentada.
DOMINIO DO TEMA	Mostra coñecemento profundo e dominio total do tema.	Mostra coñecemento e dominio total do tema.	O coñecementos e o dominio do tema é regular.	O coñecemento e o dominio do tema é malo.	Non mostra coñecemento nin dominio do tema.
REFERENCIAS A AUTORES VOLUME DO TON DE VOZ	Cita máis de tres referencias relevantes durante a súa participación. O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado dende todas as partes do aula, sen ter que berrar.	Cita tres referencias relevantes durante a súa participación. O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda, ás veces, cando dúbida, baixa o volume.	Cita dúas referencias durante a súa participación e só unha foi relevante. Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás si se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	Cita só unha referencia durante a súa participación e non foi relevante. O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	Non cita referencias durante a súa participación. O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.

AVALIACIÓN DO PROFERSORADO

1.- ASISTE CON REGULARIDADE A CLASE.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

2.- É PUNTUAL.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

3.- AS CLASES ESTÁN ORGANIZADAS.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

4.- ENTENDES AS EXPLICACIÓNS

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

5.- PREGUNTAS AS DÚBIDAD E OBTÉS RESPOSTA.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

6.- EXISTE UNHA BOA COMUNICACIÓN COA PROFESORA.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

7.- AS PROBAS AXÚSTANSE AO ENSINADO.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

8.- ACLARA DÚBIDAS RESPECTO AS CUALIFICACIÓNS

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

9.- APRENDO NAS CLASES DESTA PROFESORA

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

10.- A PROFESORA É UNHA BOA DOCENTE.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

11.- A MATERIA É IMPORTATE CARA A MIÑA FORMACIÓN.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

12.- OS CONTIDOS DA MATERIA SON INTERESANTES.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

13. O EQUIPAMENTO DA MATERIA É O AXEITADO.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

*ASPECTOS A MELLORAR

*ASPECTOS A DESTACAR

*ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Este curso dunha maneira especial, por mor da actual situación, traballarase tamén a **educación para a saúde** incluíndo as medidas de prevención e hixiene fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade.

Podemos aproveitar ao mesmo tempo que se ventila a aula ou se desinfectan as mesas e cadeiras a lembrar os protocolos de hixiene e contacto social

*PUBLICIDADE E CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Na presentación da materia informarase ao alumnado dos criterios de avaliación e das rúbricas, así como de que hai unha copia da programación na páxina web do centro e que no apartado do departamento de relixión tamén figurará o correo electrónico da profesora, para que poidan entregar traballos ou para calquera outra información que precisen.

Os avisos das datas de exame, unha vez manifestados oralmente poranse no corcho, pizarra da aula, na aula virtual ou como teñan costume os delegados de cada curso.